TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO

1

COIA

Iván Sestay Martínez

Servizo de Publicacións
Universidade de Vigo

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Vigo

COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO, Nº 1

Toponimia do Val do Fragoso

Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2008
144 p.; 24 cm.
Contén : I. Coia / Iván Sestay Martínez
ISBN 978-84-8158-417-2 (v. I)
ISBN 978-84-8158-416-5 (obra completa)

1. Nomes xeográficos – Galicia – Val do Fragoso I. Sestay Martínez, Iván. Coia I. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed.

811.134.4'373.21 (460.11 Val do Fragoso)

Edición:
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, andar 1º, portal 15. Rúa das Cumieiras, s/n
Campus Universitario
36301 Vigo
Tfno. 986 813574
Fax: 986 813559
© Iván Sestay Martínez
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2008
© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2008
© Fotografías: Luis F. Nückel
Printed in Spain - Impreso en España
ISBN da colección: 978-84-8158-416-5
ISBN do volume: 978-84-8158-417-2
Depósito Legal: VG 1505-2008
Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación SLL
Imprime: Tórculo Artes Gráficas S.A.
Fografía de portada: Campanil de vella igrexa. Luis F. Nückel.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO

1

COIA

Iván Sestay Martínez

Universidade Vigo

1 Presentación da colección

Os nomes de lugar son parte esencial do patrimonio cultural dunha comunidade. Constitúen un manto civilizador que foi tecéndose ao longo dos séculos e que chega ata hoxe como herdanza transmitida de xeración en xeración. Algúns dos fíos dese tecido teñen orixe na prehistoria, se cadra nos remotísimos tempos en que por primeira vez a especie humana alcanzou estas áreas dos confíns atlánticos. Outros foron creándose ao longo do tempo e son hoxe memoria de modos de vida do pasado, da orografía, da flora, da fauna… da relación da xente coa paisaxe a través da historia.

A confluencia de múltiples factores, como a antiquísima ocupación do territorio, a orografía irregular, a densidade de poboación, a dispersión dos asentamentos e a fragmentación da propiedade fan que Galicia poida presumir dunha extraordinaria riqueza toponímica. Riqueza no que se refire ao número, á variedade e á antigüidade dos topónimos. Mais acontece que a progresiva urbanización e a desaparición dos modos de vida tradicionais poñen en grave risco de supervivencia boa parte dese patrimonio. En países máis cultos ou máis respectuosos coa herdanza cultural do pasado existen condicións legais que amparan e protexen o patrimonio toponímico; onda nós, por contra, o crecemento dos espazos urbanos levouse a cabo por veces sen ter en conta que os novos territorios gañados polo proceso urbanizador xa tiñan historia previa, e nomes previos, e con demasiada frecuencia as rúas e as avenidas invadiron a paisaxe como se esta fose un ermo amnésico, unha “terra incognita” coma aquelas inmensas

áreas dos mapas coloniais onde apenas se lían rótulos que non fosen cousas como "aquí leóns".

No ano 2000, grazas á iniciativa de Xosé Couñago e da Asociación Galega de Onomástica, a Federación de Asociacións de Veciños de Vigo asinou unha "Declaración pola presevarción do patrimonio toponímico", e a Universidade, o Concello e outras institucións secundaron e asumiron o texto da declaración, reivindicando a necesidade de preservar os topónimos tradicionais nas vías públicas, seguindo os consellos de organismos internacionais, coma a Unesco e o Grupo de Expertos para os Nomes Xeográficos da Organización de Nacións Unidas, que recomendan evitar o emprego de topónimos conmemorativos ou honoríficos cando existe toponimia tradicional. Desgraciadamente, en actuacións urbanísticas posteriores non sempre se respectou o ideario daquela declaración, e moitas persoas con responsabilidades no urbanismo municipal seguen a ignorar o valor patrimonial da toponimia e cada vez que se abre un novo vial, de xeito inconsciente xa comezan a pensar en dedicarllo a algunha personalidade bautizándoo co seu nome e desentendéndose das denominacións antigas do lugar, de xeito que os nomes conmemorativos e honoríficos seguen a inzar nas novas rúas e prazas. Como di con certa ironía un dos textos do mencionado grupo de expertos, podemos entender a homenaxe de dedicar unha rúa a unha persoa como se fose unha especie de: "agora, no teu honor, imos derrubar un monumento megalítico ou unha ábsida románica". Pode honrarse a memoria dalguén divulgando o coñecemento dos seus valores ou da súa obra, ou facéndolle unha estatua, poñamos por caso, pero é unha atrocidade honrala coa destrución do patrimonio cultural da comunidade.

Iván Sestay realizou neste traballo un interesantísimo labor de arqueoloxía lingüística, recuperando de boca dos falantes nativos que aínda sobreviven no territorio da parroquia de Coia os nomes anteriores á radical transformación dos espazos por causa da expansión urbana nas últimas décadas do século XX. E a ese labor engadiu o de pescudar na orixe e significado orixinarios dos topónimos, atendendo aos mecanismos da lingüística histórica e ás regras de evolución das formas lingüísticas. Algúns dos topónimos seguen a ser hoxe enigmáticos,

coma o propio nome da parroquia, que remonta sen dúbida aos estratos máis antigos da nosa historia, polo que simplemente podemos formular hipóteses explicativas. Moitos outros, que teñen correlato na toponimia doutras áreas, son perfectamente interpretables e achégannos toda a información que conteñen acerca dos modos de vida do pasado.

Este volume inicia unha serie dedicada á toponimia das parroquias viguesas. Esperemos que o coñecemento e a divulgación dos valores do patrimonio toponímico sirva para que esta parte esencial da nosa herdanza cultural reciba o trato que merece. No momento en que este texto se envía a imprimir, infórmanos Iván Sestay de que unha praza da parroquia de Coia, que viña coñecéndose como *Nova Miñoca*, por relación coa veciña Praza da Miñoca, acaba de consolidar a denominación de *Praza da Tellada*, recuperando para o uso común o nome histórico que tiña a zona (*A Tellada*) antes da súa transformación. Felicitámonos por esta decisión e felicitamos aos responsables institucionais de levala a cabo, porque a mellor maneira de preservar o patrimonio toponímico é precisamente esa: permitir que os topónimos históricos continúen vivos. A diferenza do que acontece co patrimonio material, que adoita requirir investimentos para a súa conservación, o patrimonio toponímico presérvase simplemente coa vontade de que siga cumprindo a súa función denominativa.

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo
Membro da Comisión de Toponimia
Presidente da Asociación Galega de Onomástica

A todos os nativos da vella Coia
por me faceren receptor dun facho
que estaba a piques de se apagar

2 Limiar

A Toponimia de antano ten unha singular relevancia nunha parroquia como Coia, na que o imparable avance urbano modificou substancialmente a paisaxe tradicional que aínda imperaba hai menos de medio século.

Patiño e González

Coia, historia dunha parroquia

Comezamos esta serie de libriños divulgativos da toponimia das parroquias de Vigo por Coia, e non en van, pois é esta a parroquia que máis sufriu nas súas carnes a perda case irreparable do seu continxente microtoponímico debido á mudanza case total e radical da paisaxe e das actividades con ela relacionadas.

Foi a parroquia que máis sufriu o proceso fagocigático da urbanización derivada do crecemento vigués, polo que perdeu case toda a súa identidade parroquial tradicional. Pero todo este proceso é relativamente recente e aínda quedan persoas que viviron nesa Coia rural, que labraron as súas terras e que milagrosamente nos transmitiron ata hoxe o legado da súa microtoponimia, *viva voce* e de primeira man.

Quedan, ben é certo, aínda certas áreas desta parroquia que non se viron afectadas pola construción do Polígono e que por ende puideron (idealmente) conservar, como redutos, a esencia desa Coia rural, en principio inalterada; falamos de aldeas-illa como Os Esturáns ou O Chouso, entre outras, pero pola súa propia situación e nova condición víronse abafadas e rodeadas dunha contorna totalmente allea e diferente: a súa aparencia actual de aldeas-illa é hoxe máis virtual ca real: son núcleos degradados e ata marxinais nos que fican xa moi poucos nativos e menos que vivisen alí ininterrompidamente, e moitísimos menos que conservasen a antiga relación co medio, porque isto é hoxe xa case imposible; pero aínda que non labren as terras, labráronas. Tan só o degradado barrio tradicional de Figueirido conserva un número apreciable de poboación autóctona e algúns

(moi poucos) dos seus habitantes (nativos) labran aínda unhas terras rodeadas de torres de vivendas e barriadas onde viven milleiros de «colonos» alóctonos. A maioría deses habitantes nativos de Figueirido de máis de 40 anos son galegófonos de leite, seseantes e gheadófonos, e todos eles tiveron relación con esa Coia rural: saben en maior ou menor grao da súa microtoponimia, aínda que a maioría tras levar a cabo un proceso de arqueoloxía das lembranzas.

Este panorama é desolador e produciuse rápida e traumaticamente, porque Coia, malia á súa proximidade a Vigo, foi ata hai uns 40 anos unha parroquia rural como outra calquera do val do Fragoso e das Rías Baixas, coas súas estruturas parroquiais e parroquianas, coa súa identidade fortemente, por certo, diferenciada, coa súa poboación en certo grao (e *in senso lato*) endogámica, co seu sistema de barrios e lugares e de familias e por ende de alcuños, coas súas relacións entre barrios e o seu sentimento de unidade: «todos somos de San Martiño de Coia». Hoxe esa poboación autóctona supón tan só menos dun 5% do total, e os que quedan constitúen só uns restos desestruturados.

O golpe final a todo isto foi a división da freguesía de Coia en catro parroquias diferentes: a Coia histórica quedou reducida hoxe a un exiguo 15% do seu antigo territorio parroquial (e isto moi recentemente). As terras de Coia foron expropiadas ou compradas, urbanizadas masivamente e ocupadas por unha inmensa masa de poboación foránea que hoxe chega aos 80 000 habitantes; pasou de ser unha das moitas parroquias rurais de Galicia a se converter nunha auténtica cidade desvencellada totalmente (e inevitablemente) da Coia histórica onde se asentou.

Mais, con todo, aquí fican aínda os *Marmanxos*, os *de Paxareira*, os *Freirías*, os *Borrallos*, os *Larachos*, os *Tenientes*... e moitas outras familias nativas desta Coia histórica. Eles aínda quedan para falarnos de lugares, como *O Chamorro* e *Abuíde*, da *Boubeta* e da *Maleta*, da *Dona* e da *Mixía*, da *Pegade* e da *Pantoxa*, do *Campo do Galo,* da *Pataqueira* ou do *Barxío*... Eles son o elo –que aínda non se rompeu- coa Coia que hoxe aínda puido ser. E nós somos os seus receptores, os que recollemos o seu testemuño para que esa microtoponimia, tan

valiosa, non morra con quen a conservou, agonicamente, ata hoxe. Nos *Campos de Balaído* construíuse un estadio con denominación pluralizada; na *Dona* fíxose o Alcampo; no *Campo do Galo*, os xulgados; en *Lavadouro*, a megalómana praza da Miñoca; na *Barxa de Abuíde*, a praza da Industria; nas *Fraguas*, o Centro Comercial Camelias... A avenida de Castelao cortou como coitelo *Quintela*, *O Chamorro*, *A Pataqueira* e unha ducia de polígonos de boas veigas «negras» de «muito pan-dar»; *O Resío* transformouse en *El Rocío* a medida que se urbanizaba e castelanizaba; dos *Catro Camiños* queda só o recordo. *O Areal de Coia* non ten hoxe area; o mítico *Cón da Fosalla* está soterrado baixo o recheo; na *Candeira* está o Toys ' r ' us; *As Derroques* son hoxe unha cidade hispanófona; *Os Campos de Adeveliñas* son torres de moitos pisos. A caracterizada aldea de *Pelaio* son hoxe avenidas, e anódinas barriadas e unha falsísima «rúa dos Pelaios» nun lugar que nunca estivo en *Pelaio*... O vello burgo mariñeiro do *Castriño* agoniza esperando a súa morte baixo unha maré de hispanofonía; a vella *Pegade* xa case morreu; igual que esa *Quintela* tan súa ata tan pouco; igual que xa case morreron *As Figueiras*; igual que a labradora *Travesas de Baixo* e a pescadora *Vedora*... Igual que xa case morreron *Os Pozos*, que *A Pirixela* e mailo *Mombón*... Igual que morreron –si, morreron– *As Travesas*, porque As Travesas de agora non son as de antes, pero aínda así o topónimo subsistiu; como subsistiron outros, moi poucos, como *Balaído* (dito hoxe Balaídos); como a irredenta *Seara*, como a decadente *Espedrigada* e o morto, resucitado e logo desvirtuado *Pelaio*... e pouco máis. Os topónimos desta zona de Vigo morren, e con eles Coia, e con Coia un anaco do noso Vigo que ás veces parece que non soubo medrar.

Con todo, todo isto é inevitable neste conxunto de coxunturas, e a Coia tocoulle a peor parte dada a súa situación. Como tamén lle tocou a San Tomé de Freixeiro, como tamén sufriu grande parte de Lavadores e da Sárdoma de aquén Lagares, o sur de Teis e, inevitablemente, a microparroquia da vila de Bouzas, e, non o esquezamos, como non ha tardar en sufrir o occidente de San Paio de Navia (pero neste último lugar parece que boa parte da súa microtoponimia será respectada no seu rueiro...)

A Coia histórica ou tradicional

Entendemos por *Coia histórica* o territorio que cae dentro dos límites da vella parroquia eclesiástica de Coia antes das recentes segregacións parroquiais. Pero o matiz é máis complexo. Os nativos desa Coia histórica (e mais os das parroquias circundantes) entenden Coia como unha unidade territorial correspondida cos límites desa antiga freguesía e a maioría da poboación urbana tanto de Vigo como da propia Coia enténdena como un barrio urbano, de extensión maior que a actual microparroquia a que quedou reducida Coia, pero desde logo moito máis reducida que a Coia histórica: para a maioría desa poboación urbana Balaídos non será xa Coia, nin incluso boa parte da zona da Florida e moito menos a zona oriental da rúa Coruña pola rúa Torrecedeira ata Peniche; para un deses nativos iso segue a ser Coia (como foi de feito durante séculos).

A Coia histórica comeza en Beiramar na rúa Juan Ramón Jiménez e vai ata as escaleiras de Peniche indo todo por López Mora ata a praza de América e de aí pola av. de Castrelos, aproximadamente, ata o río Lagares para continuar bordeando o actual PAU de Navia e baixar ata Bouzas por terras a poñente da actual rúa Pardaíña (véxase o mapa para máis detalles). Eclesiasticamente estes límites mantivéronse así ata 1920. Entre 1920 e 1958 perde as terras do leste da rúa Coruña e das Travesas, así como todo o barrio da Espedrigada, que pasa a pertencer a Freixeiro. Entre 1958 e 1970 a parroquia fica reducida só ás terras ao norte da av. de Castelao entre a rúa Sanxenxo e a rúa Lalín. Finalmente desde 1970 ese territorio aínda se reduciu máis, ficando a parroquia de Coia circunscrita apenas a unhas poucas terras ao redor da igrexa parroquial, cunha minúscula saída ao mar preto da Volta de San Gregorio. Isto debeuse a diversas cesións a parroquias veciñas e, sobre todo, á creación e independencia doutras novas parroquias: desde mediados do século XX segregáronse de Coia catro novas freguesías: O Perpetuo Socorro, Nosa Señora do Rocío, O Cristo da Vitoria e Santo Antonio da Florida, da que, á súa vez, se separou na década de 1990 a pequena parroquia de Santa Marta de Balaídos. Se a isto lle engadimos as cesións que fixo ao longo do século XX a outras parroquias circundantes, podemos

afirmar que hoxe a Coia histórica está repartida entre once parroquias!, a maioría das cales de nova creación. Repárese tamén que ata o século XVI a propia vila de Bouzas pertencía tamén á parroquia de Coia.

Esta fragmentación da vella Coia histórica (e doutras vellas freguesías do actual casco urbano vigués), con todas as dificultades pastorais derivadas, trouxo consigo que moi recentemente o bispado de Tui-Vigo eliminase o antiquísimo arciprestado do Fragoso, dividíndoo en varios novos (e pequenos) arciprestados, entre eles o chamado arciprestado de Vigo-Polígono, onde están englobadas as parroquias segregadas da vella Coia.

Hoxe en día, como se dixo, para a maioría da xente Coia é un barrio urbano máis, cuns límites bastante reducidos con respecto aos que tivo a vella freguesía histórica.

Da Bailía medieval de Coia ao Polígono de Coia. Os restos dunha freguesía rural

Non é este un libro de historia, pero baste lembrar que o actual aspecto de Coia é moi recente: a construción do Polígono non ten máis de 40 anos. Coia foi como calquera outra das parroquias fragosiñas do seu contorno: rural, con moi boas terras de labor, e mariñeira, cun enorme varadoiro natural constituído polo vello Areal de Coia.

Xa desde o século XII os Templarios tiñan bens en Coia: a partir de aí, estas terras de Coia foron a única bailía que a Orde do Temple tiña en toda a actual provincia de Pontevedra. Isto fixo que xa desde esas épocas tan recuadas Coia tivese sempre un certo particularismo con respecto a outras freguesías veciñas.

O aspecto de parroquia rural conservouse con todas as súas estruturas tradicionais ata aos anos de 1960, cando se comezou a construir o chamado Polígono de Coia (en realidade varios: Polígono L-12, L-13...) Isto trouxo consigo unha enorme e agresiva intervención urbanística que, se ben aínda hoxe non está completada de todo, acabou coa paisaxe tradicional da vella parroquia, da que fican tan só certas illas de ruralidade decadente entre masas de torres de edificios. Fica tamén un

feble continxente de poboación nativa, minorizada con respecto á poboación alóctona que se instalou en Coia, numericamente moi superior.

Pódese afirmar sen temor a trabucarnos que a Coia actual son simplemente restos; restos máis ou menos detectables, máis ou menos vivos, do que foi a antiga Coia histórica. Entre eses restos é a toponimia o que sufriu un dos máis duros reveses, pois está directamente ligada á paisaxe que hoxe desapareceu e ás actividades tradicionais que se desenvolvían nela.

Artellamento da Coia tradicional: os *barrios* e os *lugares*

Como o resto das parroquias do Fragoso, as aldeas son chamadas *barrios* en Coia. Estes *barrios* á súa vez divídense en subaldeas chamadas *lugares*. Por exemplo A Barxiela é un *lugar* do *barrio* dos Esturáns. Téñase moi en conta que eses *barrios* tradicionais (=aldeas) non teñen nada que ver co moderno concepto de barrio urbano.

Os *barrios* da Coia histórica son Peniche, O Areal, O Chouso, Os Esturáns, O Cruceiro, O Resío, A Pardaíña, Pelaio, Figueirido, A Espedrigada e Quintela, cada un cos seus respectivos *lugares* como A Seara, A Barxiela, A Cordoeira, O Adro, A Carballa, O Castriño... Algúns barrios como Pelaio estaban compostos tan só do *lugar* do seu mesmo nome e algúns *lugares* estaban divididos entre varios *barrios*, como o *lugar* das Travesas, dividido entre os *barrios* do Chouso, Peniche e Quintela.

A Toponimia de Coia

Como se verá, a microtoponimia de Coia que nos chegou viva aos nosos días da boca dos últimos nativos que traballaron a terra está en vías absolutas de desaparecer. Os motivos son a radical mudanza da paisaxe e os fortes cambios socioeconómicos que trouxo esa urbanización masiva. Pasouse así dun continxente de topónimos usados xeralmente a un continxente de topónimos agonizantes. Ben é

certo que coa urbanización se revitalizou algún nome, como se verá; así erixíronse en topónimos xerais vellos microtopónimos (como Balaídos ou As Travesas). Pero tamén é certo que tamén se xeneralizaron formas deturpadas (como Pelaios en vez do nativo Pelaio, Barciela en vez de A Barxiela, Castro Castriño en vez de O Castriño...) Todo isto irase vendo nas liñas subseguintes.

En primeiro lugar cómpre comentar que, sobre todo entre os séculos XVI e XVIII, atopamos na documentación unha paisaxe toponímica un pouco máis rica que a actual e bastante diferente á toponimia da Coia de hoxendía: foron moitos os topónimos que caeron en desuso no pequeno lapso de tempo que media entre o século XVIII e a actualidade: isto estraña se o comparamos con outras parroquias, onde se conservan hoxe en día a maioría dos topónimos que aparecían no catastro de Ensenada (1752); en Coia houbo unha mudanza microtoponímica recente, pero aínda así son bastantes os topónimos desa época que se conservan na actualidade, e nada desbotable o número dos que se poden retrotraer incluso ata ao século XVI. O que pasou foi que os que se deixaron de usar foron substituídos por outros recentes, moitos deles antropónimos: e é que a toponimia viva actual mostra un elevado continxente de topónimos recentes referidos a nomes, apelidos ou alcuños de antigos propietarios, moitos deles fosilizados e, a maioría, adaptados *ad sensum* (por exemplo *As Derroques* de A de Roque ou *A Gaiosa* de A de Gaioso).

Os topónimos que caeron en desuso eran moitos deles de moita importancia ata hai ben pouco. Perdéronse por exemplo os importantísimos topónimos do *Padornelo* e *Torqueimada*, documentados profusamente desde tan antigo e que foron dúas das máis importantes posesións dos Templarios nesta parroquia.

Tamén se perderon *A Crebada* e a tantas veces consignada *A Salgada*; tamén *Saídes, Os Funchás, A Fonte García, As Ribas...* ao igual que se perderon *As Xuguetas, A Cañoteira, O Crego* e *O Santísimo*, todos moi coñecidos ata hai ben pouco. Todos eles sabemos onde están con bastante precisión, pero son hoxe topónimos mortos e ata descoñecidos por gran parte dos vellos nativos, sendo substituídos por outros de nova creación ou invadidos pola denominación de

lugares circundantes que aínda chegaron vivos ata hoxe. Outros topónimos non sabemos sequera onde se situaban.

Consignarei neste libriño, polo tanto, tan só os topónimos de Coia que aínda hoxe están vivos na fala cotiá, coñecidos e usados en maior ou menor grao por toda ou parte da poboación constituída polos últimos vellos nativos de Coia, que foron os meus únicos informantes. Non é, polo tanto, un traballo histórico, senón que reflicte unha paisaxe toponímica viva no ano 2005.

A maior parte da poboación da Coia actual, case toda alóctona, coñece de Coia só un pequeno número de topónimos que na maior parte dos casos se reducen a *Balaídos*, *As Travesas*, *o parque da Bouza* e o *río Lagares*. Logo saberán máis ou menos doutros que aparecen nas placas das rúas, como *Figueirido* ou *Os Esturáns*, pero só como odónimos ou nomes de rúa, non xa como topónimos non lineais; e aínda así pouco e mal, pois a miúdo só coñecen o *camiño da Serra* aqueles que viven nel ou preto del, por exemplo: ademais nunca saberán que, seguindo con este exemplo, *A Serra* non só é o nome do camiño senón toda a zona que está ao seu redor.

Tamén outros topónimos fundamentais e antigos, se ben non desapareceron, son xa moi pouco usados, como o barrio do *Areal de Coia* ou incluso *Lavadouro*, o cal aínda hoxe o Nomenclátor da Xunta trae como núcleo de poboación, pero que conta hoxe con pouquísima vida, malia a que a tivo toda ata onte (a recente construción e urbanización da praza da Miñoca acabou case de vez con este e outros topónimos do seu contorno).

O Catalogamento da microtoponimia de Coia

A Listaxe de Patiño e González

Os estudos microtoponímicos de zonas concretas de Galicia redúcense a unhas poucas monografías recentísimas e case sempre emanadas de traballos de posgrao ou de actas de congresos: algúns poucos destes estudos cobraron grandísima difusión (*Toponimia de*

Marín, un clásico pioneiro) ou foron publicados por editoriais de gran propagación (*Toponimia de Trabada*). Menos veces foron redactados *ex professo* como, por exemplo, *Toponimia de Reboreda* ou *Toponimia de Catoira* (case sempre, como neste último caso, emanados de listaxes tiradas de recolleitas para o PTGa).

Dadas as condicións de Coia, cuxa identidade e paisaxe parroquial quedou tocada de morte desde hai xa varias décadas, é relativamente normal que a súa toponimia (se cabe dada por morta?, medo á dificultade de atopar informantes nativos?) non chamase a atención dos estudosos e investigadores.

A parroquia de Coia nin sequera foi recollida para o Proxecto Toponimia de Galicia, como o resto das parroquias viguesas, ficando así un rechamantísimo baleiro, como se Coia fose unha parroquia urbana desde sempre.

O caso é que, no que toca a Coia, nada hai salvo un ambicioso pero malogrado apartado do libriño *Historia dunha parroquia: Coia*, publicado en 1989 por RP Edicións e da autoría dos historiadores Ramón Patiño e Xosé Miguel González (en adiante reseñados como "Patiño e González").

Este libro, fundamentalmente histórico, contén como se dixo un capítulo adicado á toponimia de Coia. As eivas derivadas de non seren especialistas en toponimia os seus autores saltan á vista en cada páxina; con todo, é o único precedente que temos ao respecto, o cal é moitísimo, tanto en canto que recollen máis de 200 microtopónimos sacados de diversas fontes documentais (non, iso si, da fala viva actual).

Independentemente do acerto etimolóxico que poida ter (considero que a difusión da microtoponimia non ten por qué ir da man coa explicación etimolóxica, sobre todo cando quen a fai non é especialista na materia) este capítulo do libro da historia de Coia é valioso polo feito de que recolle as formas antigas dos microtopónimos desta parroquia, todo a través dos documentos antigos.

Pero tamén é moi certo que a difusión deste importante libriño foi amargamente mínima: imposible atopalo en ningunha biblioteca viguesa, descoñecido incluso por moitos lingüistas que trataron de pasada algún topónimo desta parroquia (cuxos datos documentais lles habían

dar certeiras probas para xustificaren -ou, as máis veces, emendaren- os seus étimos). Ademais, a transcrición das formas documentais da toponimia de Coia é moitas veces deficiente, o cal levaría ao erro ao lector culto interesado no estudo da microtoponimia desta parroquia; non porei exemplos ao respecto, pero estes resultarían de vulto ás veces.

Os autores devanditos recompilaron e clasificaron semanticamente os microtopónimos de Coia que apareceron ao longo de séculos de documentación, e achegáronlle un étimo a aqueles máis importantes, non máis dunha ducia e case sempre correspondidos con nomes de *barrios* actuais.

O seu capítulo non se basea, xa que logo, en traballo de campo como o noso libro: non cataloga a toponimia viva de Coia, senón a histórica (e isto ha terse sempre en conta); non comentan se eses topónimos históricos teñen vida hoxe entre os nativos nin as implicacións evolutivas que se deron e, sobre todo, basean as explicacións etimolóxicas dos poucos topónimos aos que as dan exclusivamente en *Toponimia de Marín* de Rivas Quintas, sen teren en conta os erros desa obra, hoxe de sobra superados, nin a vitalidade de certas palabras vivas, idénticas a eses topónimos que están en uso entre os nativos da vella Coia, póñase por caso O Chouso ou A Barxiela.

Sexa como for, o único precedente que temos é ese: unha longa listaxe de formas documentais malamente clasificadas semanticamente e uns poucos deses topónimos moi coñecidos explicados de modo moi peregrino.

É o que hai, por máis que G. Sacau, moi posteriormente, tratase algún topónimo de Coia: poucos, de pasada e non sempre acertadamente explicados (como o caso de Balaídos).

Non hai máis e xa é moito: quizais o máis importante (alén das formas antigas dos topónimos) é que nese libro se ve por primeira (e única) vez na nosa historia unha velada defensa da vivacidade etimolóxica nativa de Balaído, Barxiela, Pelaio ou O Castriño, en vez dos impostos e forasteiros Balaídos, Barciela, Pelaios e Castro Castriño.

É o que hai e é unha gran pena a case nula difusión que ese libriño tivo na súa época, pois a ultracompleta e documentadísima síntese histórica, con todos os seus datos toponímicos, que nos fornece é

magnánima e de sumo valor (pero tenra e virxinal en canto ao tratamento da toponimia, pero de non desprezable valor filolóxico documentalmente falando, incluso coas eivas de transcrición que poida ter, e que de feito ten e me obrigaron a acudir directamente ás fontes orixinais).

Sen os datos que indirectamente achega este libriño nunca poderiamos saber que o microtopónimo *A de Silva* tomou o seu nome do fidalgo Don Vicente María de Silva, da casa condal de Freixeiro; non enxergariamos que *A Parceira* recibe a denominación do seu antigo propietario Don Marcos Parcero y Lira; que a coñecida zona de *Adeveliñas* recibe o nome do controvertido procurador de causas do xulgado de Bouzas Don Pedro Jacinto Figueroa Groba Carballido y Baliñas, que tiña as súas terras xusto neste lugar; que *A de Lucas* se chama así porque estas terras eran no século XVIII propiedade mediante empréstito dun tal Lucas Rial; que a actual subaldea da *Fonte de Barros* se chama así porque foi un lugar vencellado ao multimillonario presbítero Don José de Barros, cuxas terras eran estas, que morreu a finais do século XVIII... entre outros tantos topónimos de Coia cuxos datos achegados por Patiño e González nos resultan de gran valor etimolóxico. Non fai falla insistir na importancia deste libriño, con todas as súas eivas toponímicas, á hora de clarexar a toponimia viva actual de Coia.

O varrido toponímico de 2005 e o noso libro

Este libro é o froito dunha exhaustiva recolleita da microtoponimia da parroquia de Coia que realicei nos últimos meses de 2005. Para tal mester falei coa maior parte das grandes familias labregas de Coia que traballaron as terras desta parroquia. Son os últimos nativos que nos podían dar conta da microtoponimia viva desta parroquia. En total entrevistei a preto dun cento de persoas, entre as que se destacan, polo seu valor, as seguintes (as idades correspóndense á data de realización das enquisas):

1. Alfonso Carrera Pérez "O Maturrango", 72 anos, nado no Cruceiro de Coia
2. Alfonso Gil Acuña "Alfonso de Gharsía", 69 anos, nado na Rañeira–Coia

3. Amalia Costas Acuña, 78 anos, nada no Castriño–Coia
4. Angelina Villanueva Villar, 85 anos, nada en Figueirido–Coia
5. Baltasar Méndez Bautista "O Ferreiro", 59 anos, nado na Seara–Coia
6. Carme Comesaña Pardellas, 58 anos, nada na Pardaíña–Coia
7. Carme Costas González, 76 anos, nada na Cordoeira–Coia
8. Carme Fernández Iglesias "A Marmanxa", 82 anos, nada no Chouso–Coia
9. Carme Vidal García, 76 anos, nada na Espedrigada–Coia
10. Casiano Villar González, 86 anos, nado nos Esturáns–Coia
11. Concepción Amoedo Rodríguez "Chita", 82 anos, nada na Espedrigada–Coia
12. Consuelo Álvarez Lorenzo, 74 anos, nada na Caringosta–Coia
13. Dolores Costas Bea "A dos Freirías", 72 anos, nada en San Gregorio-Coia
14. Eduardo Correa Riobó, 66 anos, nado en Figueirido–Coia
15. Elisa Villar Mallo "Lisiña A Borralla", 74 anos, nada na Carballa–Coia
16. Eulogio Carrera Costas "O Maturrango", 56 anos, nado nos Pozos–Coia
17. Familia González Cendón, sobre 60 anos, nados na Cabeciña–Coia
18. Familia Pérez Rodríguez, sobre 70 anos, nados nos Esturáns–Coia
19, Fermina Pérez Fernández, 79 anos, nada en Pelaio–Coia
20. Isabel Alonso García, 70 anos, nada na Espedrigada–Coia
21. Jaime Alonso Valverde, 62 anos, nado na Seara–Coia
22. José Barreiro Comesaña, 72 anos, nado no Resío–Coia
23. Josefa Barreiro Abalde "A Tenienta", 78 anos, nada na Pardaíña–Coia
24. Josefina A. González, 72 anos, nada na Castiñeira–Coia
25. Josefina Pérez Barreiro "A Coca", 70 anos, nada na Pariseira–Coia
26. Juan Novoa Pazó, 80 anos, nado en Figueirido–Coia
27. Luz Divina Correa Riobó, 69 anos, nada en Figueirido–Coia
28. Manuel Costas Pérez "O Laracho", 80 anos, nado no Cruceiro de Coia
29. Manuel Puga Pujales "O Borrallo", 61 anos, nado en Pelaio–Coia
30. Marciano Fernández Costas, 86 anos, nado na Gándara–Coia
31. María Teresa García González, 66 anos, nada na Caringosta–Coia

32. Martina Román Leirós, 80 anos, nada na Espedrigada–Coia
33. Mercedes Barreiro Abalde "A Tenienta", 84 anos, nada na Pardaíña–Coia
34. Mercedes Pena Barreiro, 51 anos, nada na Pardaíña–Coia
35. Pilar Barreiro Pérez, 81 anos, nada no Resío–Coia
36. Pilar Goberna Barreiro, 57 anos, nada nas Mallas–Coia
37. Pilar Sóñora Pazó, 70 anos, nada en Figueirido–Coia
38. Purificación Barreiro Rial "A Tenienta", 77 anos, nada en Figueirido–Coia
39. Purificación González Carnero, 80 anos, nada en Pelaio–Coia
40. Purificación Veiga Correa, 81 anos, nada en Quintela–Coia

Lingua

O galego tradicional de Coia non se diferencia, por exemplo, do de Cangas ou do de Coruxo: e é que dialectalmente falando, Coia sitúase no centro da microsubárea do Morrazo-Fragoso, segundo a clasificación de F. Fernández Rei, comunmente aceptada. Os seus trazos lingüísticos fundamentais son idénticos, polo tanto, aos do Morrazo e aos do resto das parroquias do Fragoso (descontando, claro está, a parroquia de Domaio, no Morrazo, que pertence á microsubárea de Redondela-Mondariz, e Zamáns, que pertence á microsubárea da Louriña - esas dúas parroquias carecen, por exemplo, de seseo explosivo-).

Son trazos propios do galego tradicional de Coia, entre outros:

– O seseo en todas as posicións: *unha crus pintada de asul.*
  – Tradicionalmente o seseo era predorsodental, pero hoxe é maioritariamente apicoalveolar.
– A gheada: *Figheirido.*
  – A ausencia de gheada tras -n trabante, substituída polo fonema /k/: *un cronco* 'un congro'.
  – Realización velar da gheada, como o son do "j" castelán, (/x/).
– A despalatalización case xeral dos -x (/ʃ/): *comemos soubas e raso* 'comemos xoubas e raxo' (isto ten ás veces fortes implicacións toponímicas, como se verá no caso de Barxiela / Barciela).

– O emprego do sufixo "-ó" (/ɔ/), aberto, en vez de "-oa": *a mò do hòrrio* (o tornarratos do hórreo).
– A presenza exclusiva do sufixo *-ouro* en vez de *-oiro*: *as vasouras antes eran feitas de sestas* 'antes as vasoiras facíanse de xestas'.
– Formas verbais de perfecto como *cantén, den, mírén, ghendén...* por *cantei, dei, mirei, lancei...*, pero xa entre a xente maior son formas en total decadencia.
– Emprego constante do sufixo *-eiro* con valor individualizador: *Do chan cheo de pico collín un piqueiro* 'do chan cheo de arume collín unha agulla dese arume'; *no palleiro non había na palla palleira san* 'no palleiro, non había na palla (colectivo) ningunha palla (individual) que estivese sá (que non estivese podre)'; *teño todo o pelo, non me caiu un peleiro e ti sa estás careco* 'teño todo o pelo (colectivo), non me caeu un pelo (individual) e ti xa estás calvo'.

Demarcación do couto de Coia en 1529

<...>

<...> pr*i*mera mente, començando en la mar a ca*s*a del Picacho[1] y, dall*í*, *se* viene al marco [dles qto[2]] de Riba da B*í*a[3] *y* así va por el lomo d*e*la viña d'Afonso de Cabral *y* Juan de Vilela a dar a *u*n naranjo q*ue* tiene F*e*rnán d'Afonso[4], c*lérigo,* d*e*ntro de su v*i*ña, *y* dall*í* al Pu*er*to d'A-m*ie*ira[5] *y* dall*í* ala Coba Vella *y* dall*í* al marco q*u'*está a cima d*e*la fonte

[1] O lugar coñécese hoxe como "Cabo de Picacho" ou "O Marco de Coia", actual rúa Juan Ramón Jiménez. "... **a** casa del Picacho" = "... **en la** casa del Picacho". De aí o límite vén dereito en liña recta ás escaleiras de Peniche, onde houbo un marco ata hai pouco.

[2] Patiño e González desenvolven "de lesquatro" con interrogante, e non lles falta razón ao lle poñeren a interrogación.

[3] No orixinal "riba daBja", cun "j" con valor vocálico que indica, como no caso de "SantaMarja" (liña 9), que non estamos ante o Ribadavia que desenvolven Patiño e González, o cal non tería sentido toponímico aquí.

[4] Patiño e González interpretan "frans afonso". No becerro orixinal lese claramente "Frnan dafonso", que en último caso podería ser "Fernand*o* Afonso", pero xamais o sensentido "Frans Afonso", sen dúbida derivado dunha mala lectura.

[5] Actual "Portamieira", nas escaleiras de Peniche.

das Travesas[6] –en el cam*i*no públ*i*co– *y* dall*í* al penedo [Rubnl[7]], q*ue* parte con Ru*y* de Seq*uei*ros y se va derecho a otro marco q*ue* parte conel lugar de Juan Costas, *y* dall*í* al'am*ie*ira da Rotea *y* dall*í* ala piedra de Cata Boy[8] *y* da-ll*í* al Marco Negro *y* dall*í* al Pozo Negro, *y* dall*í* al Marco Grande *de* Santa Mar*í*a de Cre*s*telos[9], q*ue* está enel medio d'Avela*í*de[10] –q*ue* parte las fel*i*gresías–; <*y*> dall*í* vay al marco que parte la((s)) feligresía((s)) *de* San Pedro <*de Matamá*[11]>, *y* dall*í* a las piedras do Vao[12] *y* dall*í* al Padrón Grande, q*ue* parte con Santo Andrés *de* Comesa*ñ*a, *y* dall*í* vay a o marco q*ue* parte con Dona Sancha –q*u*'está enel camino públ*i*co– *y* dall*í* alas Texugue*i*-ras[13] *y* dall*í* ala Fonte Lamelas[14] *y* dall*í* a otro marco q*u*'está junto d*el* camino q*ue* vay para Felgue*i*ras, y dall*í* a((la)) l'Agra[15] d*e* Car*r*egal[16] *y*, dall*í*, a súas v*er*tientes como vay ala mar <...>

<...>

---

[6] A actual "fonte da Seara", coñecida popularmente como "A Fonte da Burra", que sempre foi o linde de Coia.

[7] Patiño e González len erroneamente [Rubnd] en vez de [Rubnl] e desenvolven polo tanto "Penedo Rubindo"; en tal caso quizais fose mellor emendar en Penedo Rubido, pero nin o "n" o aconsella nin a lectura de "d" en vez de "l" é correcta, como se ve claramente no becerro diplomático orixinal custodiado na catedral de Tui (á parte de que o seu "Penedo Rubindo" non ten sentido ningún).

[8] Hoxe *Marco de Cataboi*, no actual cruce da rúa Cataboi coa av. de Castrelos.

[9] Xusto á beira da ponte medieval de Balaídos (mal chamada "ponte romana"). "Crestelos" é unha das formas antigas de Castrelos; aínda hoxe gran parte dos castreleiros nativos pronuncian "Cristelos", con "-i-" e metátese. Tamén en Sárdoma din Cristelos e aínda Crastelos.

[10] Actual Balaídos (no orixinal *enel medio davelayde*).

[11] Topónimo elidido, pero conservado baixo o arcaísmo *Mata Mala* noutros diplomas do mesmo becerro.

[12] Onde hoxe se chama "As Poldras", xusto detrás do estadio de Balaídos.

[13] Á beira do PAU de Navia, a poñente do cemiterio de Bouzas. Aínda hoxe existe o marco, malia ás obras. Patiño e González esqueceron transcribir todo o texto desde Dona Sancha ata "... *y* dall*í* a otro marco..."

[14] Un pouco ao sur do cruce da av. de Castelao e a circunvalación Oeste.

[15] No orixinal "y dallj ala lagra dCaregal". Patiño e González desenvolven "... y dallí a lagra do Carregal", sintagma carente de todo sentido (á parte de que nada nos induce a resolver o "dC..." como "do C...", pero si como "de C...")

[16] Obsérvese que a parroquia remata nun lugar de Roade, pois nese ano a actual parroquia de Bouzas aínda pertencía á de Coia: só posteriormente a capela de Bouzas se erixiu en anexo parroquial de Coia, e aínda máis tarde Bouzas cobrou independencia parroquial. Por iso Bouzas é unha parroquia tan pequena e que parece estar como engastada dentro da de Coia.

3 Toponimia de Coia

O topónimo Coia

Existe unha clara semellanza formal -e, logo, presupostamente morfolóxica- co apelativo galego *coio* 'pedra, pelouro', ao que se lle deu case de xeito unánime o étimo céltico KROWDIOS (galo, non celtibérico, para máis sinais). Este celtismo parece que deu *croio* con normalidade e tamén o dito *coio*, covariante fonética, todo segundo esta común opinión, avalada mesmo polo propio Corominas. Non son especialista en céltico, pero dadas as autoridades que asumiron esta etimoloxía, confeso que lle dou carta de credibilidade, malia a que non deixa de desconcertarme a evolución discordante *coio* xunto á regular *croio* (salvo que se postulen para eles dúas orixes diferentes, as cales tamén se teñen postulado...)

Outra cousa ben distinta é que a nosa Coia teña algo que ver con esas palabras celtoides: o case exacto paralelo que conforman Coia e *coio* 'pedra' pode ser só unha embelesante coincidencia, unha etimoloxía narcótica ou alucinatoria, falsa polo tanto, que nos fai ver a realidade dun xeito deturpado e ideal (ou sexa, cómodo). O antídoto para este alcaloide non é outro que observarmos os feitos liberados totalmente de dogmas asumidos e de prexuízos etimolóxicos: se sempre se dixo que Coia é o mesmo que *coio* 'pelouro', non é pecado ningún poñer tal afirmación en dúbida ou sometela a revisión: quizais despois igual se confirme que Coia é o mesmo que *coio*, pero se cadra non, e isto é importante.

Cómpre saber, por se acaso, que entre nós nin *coio* nin *croio* son palabras vivas: nin nos lugares do Fragoso que coñezo en profundidade (Coia, Freixeiro, Sárdoma, Lavadores) nin en todo o Morrazo, nin

sequera nas súas aldeas máis radicalmente conservadoras lingüisticamente, como todas as de Cela, ou Ermelo ou Donón, ou A Xalde de Moaña ou Bon... En todos estes sitios dise *pelouro* ou, se é grande ou rugoso, *pedrolo*; ademais tamén *pandullo* en gran parte do Morrazo e non sei se tamén no Fragoso, pero na miña vida escoitei ou anotei nin *coio* nin *croio* nesta zona, nin en terras morracenses nin en terras fragosiñas. Ben é certo que isto non é probatorio de nada.

Ao crítico con esa *opinio communis* xórdenlle enseguida dúas preguntas fundamentais: ¿por que esta forma aparentemente feminina: *Coia*?, e ¿cal é o sentido toponímico de algo tan nimio como un *croio*? Se á primeira pregunta puidésemos responder sen dúbidas (que non podemos) que se trata dun neutro plural colectivo ou dun feminino con valor aumentativo, entón a resposta á segunda pregunta sería que si e todo estaría aparentemente solucionado. Pero as cousas nin son tan simples nin creo que se deba aspirar a esa falsa simpleza.

¿Que *coio* houbo en Coia capaz de lle dar nome a toda esta antiquísima parroquia? ou, se colectivo for, ¿cal é ese "croiedo", cáles eses *croios* ou eses *coios*, ou cal esa pedra grande, ese enorme pelouro*?*; ¿estaban na beiramar da parroquia ou pola contra nas terrazas aluviais do Lagares? Sinceramente, desconfío que haxa algún *coio* agochado na etimoloxía de Coia. E aínda que o houber ¿sería suficiente para lle dar nome a toda esta parroquia?

¿Que separa a nosa Coia de hidrónimos como *Cúa, Cabe*, *Coura*, ou de topónimos de val como *Coira, Coiro* ou *Courel*?, ¿que a separa do asturiano xeral *coya* 'val, cova, fondón, sitio cóncavo', da mesma raíz que eses topónimos de val e de río?: unha, creo, diversidade morfolóxica acaso non entendida polos non acostumados ás bizarras, pero regulares, alternancias das raíces indoeuropeas que nos legaron case todos os nosos topónimos prerromanos (a percepción de heteroxeneidade acentúase aínda máis se a isto lles engadimos as moi varias posibilidades de sufixación que se lles engaden a esas raíces alternantes vocalicamente, o cal nos dá unha riqueza de temas ben grande); valla como exemplo disto último o feito de que está probado que topónimos galegos prerromanos como Trez, Traba, Tórdea, Tártares ou Termes derivan da mesma raíz. Desprezar todo isto ou é prexuízo ou é descoñecemento.

¿Que nos di que en Coia non temos un antigo COVIA, coa máis común das terminacións da toponimia prerromana (-IA) e a mesma raíz

indoeuropea que deu o latín *cova* e *cava* "cova" ou o río *Cúa,* ou *Cabe* ou o río *Coura* portugués ou as *coyas* de Asturias? ¿Que nos di que esa COVIA presuposta non se refira ao grande val que é Coia, desde as altas e enmascaradas mesetas polas que discorre hoxe a avenida de Castelao ata as terrazas do Lagares, esa destacada concavidade con forma de perfecto *croissant de lune* por cuxo fondo flúe o Lagares? ¿Non vén máis ao caso isto para un topónimo prerromano que un *croio*, por moi grande que este fose? ¿Quen pode negar a gran presenza de derivados toponímicos en Galicia da mesma raíz que deixou *cova* e *cava* en latín e as *coyas* asturianas? ¿Se houbo unha *coya* 'val' en Asturias, por que non a houbo haber tamén nesta banda da antiga Gallaecia? ¿Quen nega o arroupo que así con todo iso tería o topónimo Coia?

Pero a ausencia de probas contundentes (non de indicios, fiables iso si) fai que esta desconfianza non se converta en certeza; e non vou ser eu quen asevere nada, pois xa deixei dito que os embelecamentos alucinóxenos non levan a nada máis que á falsidade, e non vaia ser o conto. ¿Non notou nunca o agudo lector que falsidades manifestas cobran maior difusión que verdades discordantes coa común opinión? (¿non se lembran daquel mítico artigo no Faro de Vigo onde un autoproclamado etimólogo seguía defendendo que Valdeorras viña de "Valle del Oro" malia a que todo o mundo minimamente lido sabe que o nome desta comarca vén de Val de Gigurros?): o zume das sementiñas do meimendro, como o ácido lisérxico, crea adicción porque nos fai ver o que desexamos e nos conduce a un mundo de agradables visións, de arabescos, que moi a miúdo nos levan a imitar o que fan os demais: é o mundo do espellismo, e moi a miúdo do espellismo inducido ou, o que é peor, da miraxe imitada (o cal xa nin é miraxe nin é nada). Dicir que Coia é o mesmo que o KROWDIOS galo que, seica, deu *croio* e *coio,* esixe unha achega de probas suficientemente convincente. Pero se cadra haberán os defensores deste étimo reflexionar sobre a COVIA da que falei: acaso así se vexa todo desde unha nova, e quizais digna de crer, óptica.

Semanas despois de escribir estas liñas tiven coñecemento de que a forma COVIA que dei como étimo de Coia está en efecto recollida como antecedente indoeuropeo de varias palabras célticas tanto goidélicas como britónicas, derivadas da mesma raíz que deixou tantos topónimos en Galicia, como falei arriba. Dáa Pokorny, a maior autoridade en etimoloxía indoeuropea, como *covia*, étimo integrado nunha

base comparativa que vén moi ao caso para moitos topónimos galegos, entre eles, como intuía, a nosa Coia fragosiña, e entróncaa indirectamente (non as nomea pero dá pé para nolo intuírmos) coas *coyas* ástures, como dixen arriba que pensaba. Non é momento para que entre en detalles, pero, sen afirmar nada, digo claro que hai indicios moi fortes para crer que a nosa Coia sexa un derivado prerromano dunha comunísima raíz indoeuropea co significado de "concavidade, val, fondón, sitio recollido ou protexido". Paréceme, de todo o que expuxen, o menos peregrino e, desde logo, o máis fundamentado (porque nos baseamos na planta enteira -desde o raigame ata as sumidades- e non só nas súas sementes narcóticas, cuxos principios activos non son outros que os alcaloides embelesantes).

O río Lagares

O río maior do Fragoso: artella e dá unidade xeográfica a este val. Nace na Lagoa Mol, nas mesetas de Cabral, por onda Peinador, e desemboca na Foz, onde fai a testeira entre Coruxo e Navia.

Tradicionalmente este río careceu dunha denominación unitaria para todo o seu curso: así, a xente máis vella das parroquias fragosiñas ribeiregas chámanlle segundo o barrio ou freguesía pola que pase (río de Vilar en Lavadores, río da Foz en Coruxo e mais en Navia, río de Sárdoma en Freixeiro e Sárdoma, río de Lagares en Coia, Río Fragoso ou río do Fragoso no Berbés de Vigo e en Cabral, etc.). Precisamente tan só en Coia *Río (de) Lagares* é unha forma tradicional, e isto é de suma importancia: nesta parroquia o castizo é *Río de Lagares*, con preposición constante. Como indica a preposición, o río toma o seu nome dunhas terras de Coia chamadas *Lagares* (consignadas así xa en Ensenada, 1752), vivísimas hoxe, que están localizadas entre a parte baixa das rúas Pinal de Adentro e Manuel Castro, meténdose en cuña un pouco por Olímpicos Galegos, entre o estadio de Balaídos e as pistas de atletismo, onde median *As Poldras* ata o río. Hoxe está todo urbanizado, pero era unha barxa e algún prado enchoupado ata polo menos os anos de 1960.

O filólogo clásico Gerardo Sacau afirma moi atrevidamente nun dos seus libros que o Lagares toma o seu nome *"... das lagoas do seu nacemento"*, deixándose levar polo que seguramente viu no mapa do

IGN, onde, augas arriba do nacemento do Lagares, na parroquia redondelá de Vilar de Infesta, hai un lugar nomeado (nese mapa) *Os Lagos*. Obsta calquera crítica a esta infundadísima aseveración, xa polo mero feito de que os ríos non adoitan tomar os seus nomes de topónimos (ou realidades hídricas ou topográficas) dos lugares que lles dan nacenza, ou xa polo incuestionable e poderosísimo factor de que este río tradicionalmente polinómico tomou o nome que hoxe ten dunhas terras ribeiregas da parroquia de Coia, varios quilómetros a poñente dos lagos redondeláns que segundo el lles deron nome a este río radicalmente fragosiño.

A denominación actual río Lagares é unha forma de consenso con fins unitaristas que foi rapidamente asumida debido seguramente á cartografía e á propia necesidade de unidade onomástica (non era factible que o principal río de Vigo contase con cinco nomes distintos –senón máis– ao longo do seu curso); o por qué triunfou precisamente a forma de Coia é algo que se me escapa, pero probablemente fose debido a non se querer crear confusións, pois Lagares non coincide co nome de ningún barrio ou parroquia, como acontece con outras denominacións tradicionais deste río. Pero, con todo, como se dixo, esta forma *Lagares* aínda non acabou de cristalizar ou callar por completo entre a poboación máis vella das parroquias que atravesa o río (loxicamente isto non se deu en Coia, polos motivos expostos, onde, polo demais, se di con preposición).

Pero un río do seu tamaño e importancia relativa debeu contar nun pasado máis remoto cunha denominación unitaria, con seguridade prerromana, como a maioría dos ríos galegos das súas características. O rastrexo desa forma primixenia non parece difícil se temos en conta unha serie de factores que nos permiten enxergar que o nome primitivo do Lagares debeu ser *(río) Sárdoma*, que poderiamos traducir como *"as augas grandes"* (ou máis literalmente *"o moi cheo de auga"*, *"o de moita corrente"* ou, sobre todo, *"o fluxosísimo"*). Esta semántica podería causar estrañeza, pero é facilmente comprensible tanto en canto que, dados os reducidísimos cursos dos riíños litorais desta zona, o Lagares hóubose ver como o río maior, o máis caudaloso, o meirande... como de feito é, por moito que non se trate dun Amazonas nin dun Douro: era simplemente o *Sárdoma* por excelencia.

É moi normal que os ríos europeos, e entre eles especialmente os hispanos, tomen unha denominación diminutiva no seu curso alto.

Estas formas consérvanse como o nome das cabeceiras deses ríos ou, as máis veces, quedaron fosilizadas no nome de lugares á beira deses cursos altos, que perderon o nome para llo dar ás terras que bañan. E é por iso que temos pares como Miño / Miñotelo, Tambre / Tamarela, Ulla / Ulloa, Tea / Tiela (de Teela), Túa / Tuela, Deza / Dozón (de Dezón), Turia / Teruel (de Turiolus), Támega / Tamicela, Tormes / Tormella, Duero / Duruelo, Sar / Sarela, Lóuzara / Louzarela, Bora / Borela, entre moitísimos outros. Tamén o *Lagares* contou cunha denominación diminutiva no seu curso alto: *Sardomela,* conservado hoxe no nome dun lugar ribeirego chamado *Sardomela*, no barrio de Alsa, parroquia de Cabral, moi afastado da parroquia de Sárdoma (consérvase oficialmente no nome dunha rúa chamada "camiño de Sardomela", e tamén no nome dunhas leiras por baixo e dunha ponte que atravesa o río). Este importantísimo feito sería xa por si só suficiente para intuírmos que o río Lagares se chamou primitivamente río Sárdoma. E aí temos a baixa e barxenta parroquia de Sárdoma, atravesada polo Lagares, chamado primitivamente Sárdoma como amosan o diminutivo de curso alto Sardomela e a súa esperada forma plena, que non puido ser outra que Sárdoma e que precisamente temos no nome desta parroquia fragosiña: isto é, a freguesía de Sárdoma toma o nome do río Sárdoma que a atravesaba (son moitos os topónimos que prenden o nome dos ríos que os cruzan –póñase o caso canónico da parroquia de Lérez (Pontevedra), que colle o nome do homónimo río–). A presenza do topónimo parroquial Sárdoma deita tanta luz e fai tan coherente a presenza da Sardomela de Cabral, e viceversa, que todo isto se converte en certeza: o Lagares chamouse río Sárdoma nunha época determinada da nosa historia, e a dita parroquia tomou o seu nome dese río, tal como o lugar de Sardomela o tomou do nome do seu curso alto. Ambos os feitos son realidades complementarias, son dous fíos que urden ou traman un tecido hoxe perdido que, se o desmallas, permite ver que ambos os fíos conflúen nun mesmo novelo: o antiquísimo hidrónimo fragosiño Sárdoma, ou, o que é o mesmo, a raíz indoeuropea *SERH$^{w}_{3}$- 'fluír', presente no nome de moitos ríos ibéricos e, en xeral, europeos, como o Sar santiagués, o Sorga ourensán ou, sobre todo, o río Cértoma portugués, que vén precisamente de Sértoma, variante morfolóxica do noso Sárdoma. Lémbrese ademais que hai outro Sárdoma en Ponteareas, como nome dun regueiro e as terras que rega. Polo demais, o hidrónimo parece de formación precéltica.

Non me considero capacitado para determinar se un hidrónimo prerromano Sárdoma é anterior ou posterior a un hidrónimo prerromano Navia. Pero, desde logo, a presenza doutra parroquia fragosiña chamada Navia, ás beiras do Lagares, fai pensar que houbo unha época na que o río Sárdoma (ou sexa, o Lagares) se chamou río Navia (antes de chamarse Sárdoma ou despois de se chamar Sárdoma), ou, como moito, que o nome primixenio do Lagares fose Sárdoma e Navia, en convivencia sincrónica. O feito é que é xeográficamente innegable que a parroquia de San Paio de Navia tomou o seu nome do nome dun río, non dunha condición xeográfica da que, por certo, carece. Tamén é certo que ese río só puido ser o actual Lagares. Polo tanto, se ben non contamos con probas tan contundentes como para río Sárdoma, é moi posible que o Lagares se chamase nalgún momento tamén río Navia (xa en convivencia sincrónica –ou sintópica– co río Sárdoma, ou xa antes ou despois (que o río Sárdoma se chamase antes río Navia, ou que o río Navia se chamase antes río Sárdoma). A toponomástica comparada fainos ver que acaso o primixenio fose río Sárdoma, como amosa o nome do seu curso alto, Sardomela, tal como o primixenio río *Navia* de Marín, hoxe perdido, se conserva no nome do seu curso alto, chamado precisamente *Neivó*, ou sexa Naviolam. Non temos *Neivó* nin *Navió* (nin *Naviela* nin *Naviiña*) no Fragoso, e si un Sardomela. Con todo, o máis coherente (pero non teño ren con que o probar) sería pensar que Navia fose só o nome dun tramo do río Sárdoma.

En resumo:

1) O actual hidrónimo río Lagares é unha forma unificadora recente dunha realidade fluvial polinómica que podemos rastrexar xa polo menos desde antes do século XVIII.
2) Hai probas suficientes para crer que nun período determinado da nosa historia, desde logo antes do século XVI, esa corrente se chamou río Sárdoma.
3) Como restos ou testemuñas desta primitiva denominación fican *Sardomela,* como nome antigo do seu curso alto, e *Sárdoma*, parroquia, con denominación recibida dese río.
4) Existen indicios relativamente fiables para pensar que, tamén nunha época determinada do noso pasado, o dito río Sárdoma se chamou tamén río Navia, non sei se sincronicamente con río Sárdoma, ou se antes ou se despois, ou se incluso só nun dos seus tramos.

Abuíde / Buíde. A Barxa de Buíde

Ten como punto central a praza de Eugenio Fadrique (praza da Industria) e esténdese rúa Coruña arriba ata o empalme coa primeira travesía da rúa Coruña, que é onde empezan Ganoi e A Cabeciña.

Eran pastos e algún cultivo, pero sobre todo o lugar caracterizouse sempre por contar cunha xunqueira e prados naturais moi enchoupados chamados *A Barxa de Buíde* (*Junqueira de Buíde* en 1529), por onde serpenteaba o regueiro que baixaba das Travesas ao Areal de Coia. Este factor é determinante á hora de clarexar a etimoloxía deste topónimo.

Hoxe escóitanse dúas formas: *Buíde* e *Abuíde*, pero a primeira parece ser a orixinaria, xa que é a única que se ve na documentación (no catastro de Ensenada –1752– aparece máis dunha ducia de veces, sempre como *Buíde* ou, máis veces, castelanizado en *Buíd* –e variantes gráficas–, e xa en 1529 consígnase *Buíde*).

Cremos que a aparencia de antropónimo de posesor é só un espellismo de fácil refutación. Atendendo á realidade natural do lugar (hoxe perdida por completo), é moi probable que se trate dun abundancial de *budas*, ou sexa, espadanas, xuncos, palabra latina de procedencia hispana prerromana. Deste modo, do colectivo BUDETUM 'sitio cheo de espadanas, espadanal, xunqueira' sae directamente o noso *Buíde*, que se converteu recentemente en *Abuíde* pola fusión dun antigo artigo feminino ao interpretarse con tal xénero o opaco Buíde (para detalles fonéticos véxase *Balaídos*).

Adeveliñas

Sitúase todo ao longo da rúa Vilagarcía, desde o empalme coa rúa Sanxenxo ata a súa prolongación na rúa Bueu, pero sen chegar á av. de Castelao polo sur.

É un dos topónimos máis coñecidos de Coia polos vellos nativos: era un dos principais conxuntos de labradíos desta parroquia.

Trátase seguramente dun sintagma co nome dun posesor: *A de Veliñas*. Probablemente se refira á propiedade dunha persoa apelidada *Valiñas* (ou mesmo *Veliñas*, pero este último é un apelido moi pouco

estendido, reducido a só unhas poucas familias do contorno de Ourense). Máis posibilidades habería de que fose un alcuño, mellor que un apelido, por exemplo *Viliñas*, diminutivo chocalleiro do apelido *Vilas*, moi estendido nestas terras, desde logo moito máis que *Valiñas* e, xa non digamos, *Veliñas* (en Cangas hai un lugar chamado *A de Vilas*, por exemplo); ou algún outro alcuño, desde logo hoxe xa desusado. Pero, non podemos esquecernos de que no século XVIII existía en Coia un fidalgo moi coñecido e popular chamado Don Pedro Jacinto Figueroa Groba Carballido y **Baliñas**, que era procurador de causas do xulgado de Bouzas e que contaba con moitas terras en Coia. A el puidese ser que se referise tal topónimo, por moito que Baliñas fose o seu ultimísimo apelido.

Claro está que sempre cabe a posibilidade de que *Veliñas* sexa un topónimo, atendendo a casos como o *Monte Veliñas* (en Beluso, Bueu), ou *As Veliñas*, en Lobios (Ou), pero non parece que así sexa, dado que *Adeveliñas* é bastante moderno (non aparece en Ensenada nin en documentos posteriores), e que en Coia o sintagma *A + de + topónimo* é inusitado, frente aos tan comúns *A + de + antropónimo*, como iremos vendo (ademais de que a orografía do lugar nunca permitiría tal motivación). No fondo, o máis probable parece ser que este coñecido topónimo se refira a unhas terras propiedade do devandito procurador boucense.

Hai un microtopónimo semellante en Lavadores: trátase de **Adebelida**, na zona de Sampaio, pero non ten nada que ver, pois estamos ante un antigo *A de Belida*, as terras propiedade de alguén apelidado *Belido*, feminizado *ad semsum*.

O Adro

Está entorno á igrexa parroquial de San Martiño de Coia, ao redor da praza da Consolación, praza que se chamou tradicionalmente *O Alargo do Adro*.

Tradicionalmente é un lugar (subaldea) do barrio do Cruceiro, por moito que os nomenclátores o traian hoxe como barrio, ignorando que é O Cruceiro o que ostenta tradicionalmente esta categoría.

Adro é palabra vivísima en toda Galicia, forma popular do latín ATRIUM, que pasou a designar o lugar diante do templo para o seu

servizo. Con todo, non deixou moitos topónimos en Galicia (de feito, xunto co de Coia só hai outro topónimo maior O Adro en toda a provincia de Pontevedra).

Alemparte

Está localizado no espazo comprendido entre a rúa Irmáns Sarabia, Felipe Prosperi, av. da Florida e inicio de Eguenio Kraft, xusto por baixo da praza da Miñoca. Ten como punto central o conservatorio de música.

Alemparte é un adverbio galego arcaico co significado de 'da outra parte, do outro lado', aplicado aos terreos como 'as terras da outra banda'. É idéntico, polo tanto, a topónimos como *Doutrabanda*, en Cangas.

Alén

Sitúase no empalme dos camiños dos Esturáns e Barciela, e de aí un pouco cara a levante.

Topónimo referencial moi similar ao anterior *Alemparte* só que cun matiz de afastamento se cabe maior. É o adverbio *alén*, hoxe anticuado en galego, co significado de 'máis alá, ao outro lado', isto é, 'as terras de máis adiante', 'as terras de acolá'.

O Alto

Hai dous lugares chamados O Alto en Coia, un está en Quintela, no cruce da av. de Castelao coas rúas Estrada e Miguel Hernández. O outro está na rúa Pardaíña, un pouco ao sur do cruce con Castro y Alonso.

Os dous son pequenos outeiros.

Ambos os dous son hoxe moi coñecidos e desde logo, xa que non aparecen en ningún documento, fortemente sospeitosos de seren modernos.

A Ameixeira

Está no espazo entre a av. do Fragoso e o camiño da Espedrigada, bastante cara ao sur, xa case en Balaídos.

Téñase en conta que en Coia á arbore que dá as ameixas tanto se lle di *ameixeira* como *ameixieira*, e como *ameixieira* é máis arcaico que *ameixeira*, pódese dar por seguro que este topónimo é bastante moderno.

O cultivo das ameixeiras parece ser bastante tardío nestas terras, se nos atemos a que no catastro de Ensenada non se rexistra ningunha, e si, con todo, o cultivo doutras froiteiras, como vemos na seguinte descrición tomada ao chou dun predio do barrio de Pelaio: *"Pelayo ... a viña... Contiene ocho robles, veinte y nueve manzanos, nueve perales, catorze melocotoneros"*.

As Ánimas

Está de Tomás Alonso cara ao mar, todo ao longo da pequena rúa das Ánimas, ata acadar por poñente a Volta de San Gregorio.

En Coia aos petos de ánimas chámanselle *almiñas*, como no resto do Fragoso e no Morrazo. O topónimo, moderno desde logo, vén motivado pola existencia no lugar de dous petos de almas, os cales son, segundo os veciños, *as almiñas do Perpetuo Socorro* (ou *as almiñas dos mariñeiros da altura*) e *as almiñas da Virgen do Carme* (ou *as almiñas dos mariñeiros de baixura*), as dúas na mesma parede dun edificio situado na rúa das Ánimas, moi preto da avenida de Beiramar, xusto no centro do barrio do Areal de Coia. A rúa que sobe polo lugar chámase hoxe oficialmente no rueiro municipal *Rúa das Ánimas*. As ditas *almiñas* datan do século XVIII e aínda hoxe se conservan ben pintadas e conservadas na parede do devandito edificio.

A Aparicia

Sitúase no espazo entre Manuel Castro, Pinal de Adentro e av. da Florida, xusto por riba de Balaídos.

Antes era un mediano latifundio chamado *A Paricia*, posteriormente parcelado. En 1752 era propiedade do fidalgo Don Antonio Manuel Montenegro, veciño de Tui, que o tiña aforado a Domingo de Pazó: *"Tiene dado en foro a Domingo de Pazó la heredad de A Parizia, por la que perzive y le paga seis ferrados de trigo, seis de zenteno y seis de menudo"*.

O dilema é se o *A-* de *A Aparicia* é protético ou se o artigo do dezaoitesco *A Parizia* é un falso corte, interpretación do *A-* inicial como artigo. Desde logo o topónimo está documentado cunha antigüidade suficiente como para pensar que non se trata dun antigo *(O Campo de) Aparicia*, dunha posesora apelidada *Aparicio* (apelido, por outra banda, non moi común nestas terras, e acaso antano menos).

Posiblemente sexa a normal deformación dun antigo **A Paraísa*, deducible de topónimos galegos como *O Paraíso* (Darbo, Cangas), *A Paraísa* (Coiro, Cangas) ou *Paraisal* (Teis, Vigo), de *paraíso* 'lugar moi agradable'. Ou incluso puidese entroncar directamente co adxectivo *parizo, -a* 'xemelgo'; sería entón un antigo **A da Pariza*, ou sexa 'a propiedade da Xemelga', denominación de posesora, con castelanización da terminación; pero isto xa me parece menos probable e ata imposible.

O Areal

É o barrio que ocupa case toda a zona litoral de Coia: desde o paseo de García Pichel á Volta de San Gregorio.

É de suma importancia lembrar que o barrio do Areal confundiuse recentemente coa ampla zona chamada Coia de Baixo, e ambos os topónimos son hoxe intercambiables entre os nativos da vella Coia.

En Ensenada chamábaselle simplemente (*El*) *Arenal* (máis dunha ducia de veces), pero tamén (*El*) *Arenal de Coya* e *Arenal de la Rivera*. Hoxe, malia á mudanza total da paisaxe, aínda se lle chama O Areal (porque máis que a praia era o nome dun barrio), pero tamén O Areal de Coia. A forma O Areal da Ribeira xa non se usa (recórdese que en Ensenada era xa unha forma minoritaria -de feito nese catastro trátase dun hápax-), aínda que na parte baixa do barrio hai unha zona coñecida como *Ribeira*, bastante extenso.

A Arqueta

Está no cornello que fai a rúa Baiona co rúa de Tui, e de aí cara ao sur un pouco. Ten como punto central a gasolineira que hai na rúa Baiona.

Non é de crer que sexa un diminutivo de *arca* no sentido toponímico que esa palabra adoita ter: arca dunha construción megalítica. Puidese ter incluso o sentido das *arquetas* dalgúns lugares de Portugal, que eran unha especie de petos de ánimas, pero non parece pertinente, nin a historia nin o folclore dos nativos do desmantelado barrio de Pelaio certifican tal feito. É topónimo moi moderno e hase referir sen dúbida a algún depósito distribuidor de auga para a rega, como os varios topónimos *O Sifón* que hai no Morrazo, todos eles modernos.

O Campo dos Arxóns

Está entre a rúa Lalín e a travesía do Chouzo. Eran seica media ducia de microscópicos socalcos adicados a horta ou ceboleiras, todos de regadío coas augas que viñan da mina de Ganoi pola *presa* (canle) do Campo do Galo, mina, a dita, que estaba por riba das Travesas, na actual praza da Independencia.

En Coia un *arxón* é unha vivaz palabra que fai referencia ás varas que se lles chantan ás ervillas, feixóns e xudías para que suban por elas e boten rama en altura. En varias das poucas terras que aínda hoxe se cultivan en Coia poden verse aínda os *arxóns* chantados onda as xudías ou os tomates, como se ve claramente na fotografía que se acompaña, tirada en 2008 no barrio de Figueirido.

O topónimo quizais se refira a algunha leira destinada ao cultivo de legumes gaveadores como os mencionados, pero acaso se poida tratar tamén dun lugar pechado con varas ou tarandeiras (algo ben común que aínda vin na veciña Sárdoma en 2004), ou incluso a calquera outra aplicación dos *arxóns*.

Etimoloxicamente *arxón* é unha das máis vellas palabras do galego: prerromana de orixe precelta, indoeuropea en todo caso, etimoloxía que foi probada recentemente.

Balaídos

Tradicionalmente este lugar ocupa o empalme de Alexandre Bóveda con Pablo Iglesias e de aí ata o colexio público de Balaídos e o río Lagares. Hai tamén un lugar chamado *Balaído de Riba,* situado no cruzamento da avenida do Fragoso con Eugenio Kraft e rúa Balaídos.

O lugar aparece xa en 1529 como *Prado d'Avelaýde* e, nunha demarcación do mesmo ano, lemos: *"(...) Marco Grande de Santa María // de Crestelos, que está enel medio d'Avelaíde (...)"*. En 1752 eran un par de labradíos e un gran latifundio parcelado nunha ducia de peciñas aforadas, propiedade do bispo de Tui, quen o deixara dado en foro ao nobre tudense Don Antonio Manuel Montenegro; o dito fidalgo tiña neste lugar unha telleira, a cal habería dar nome aos lugares da *Telleira* de Balaído e *Os Fornos (da Tella)* (véxanse). Estas terras pasaron despois ao magnate local Marqués de Alcedo, cuxos herdeiros venderon os terreos onde na década de 1920 se construíu o estadio de Balaídos.

En Ensenada (1752) aparecía xa *Valaýdo*, en singular salvo cando se refería aos anacos en que tiña parcelado o bispo de Tui para o señor Montenegro o latifundio de *Balaído*, que entón se convertían en *Valaýdos*. Vese así claramente como foi o proceso de pluralización de *Balaído* en *Balaídos*: aínda hoxe o predominante entre os nativos da vella Coia é *Balaído*, sempre, pero din *Balaídos* cando se refiren a todas as terras no seu conxunto: *"Tiña un campo en Balaído"*, pero *"... e labrábanse todos os Balaídos suntos porque eran tiras muin estreitas e labrabámos tudo esí en por sunto, pa' que cubese o tractor"*; e supoño que así será tamén entre os de Castrelos ou Matamá, cuxos veciños tiñan seica moitos campos aquí. Patiño e González son conscientes deste feito e dinnos que *"Antigamente este termo* [Balaídos] *empregábase sempre en singular."* Pero, como vimos, a forma singular non é tan de "antigamente", senón que está ben viva e ata predomina entre os nativos da Coia vella.

Correu moito o falso mito de que *Balaídos* era un topónimo arábigo, algo totalmente fóra de concerto e carente do máis mínimo fundamento histórico e lingüístico (e aínda documental) que non imos entrar a rebater porque o pouco que acabo de dicir xa bota todo abaixo. Pero

xa antes desa exitosa quimera, déronlle Patiño e González o significado latino de *"muro de terra e pedras que cerca unha propiedade"*, tendo en mente o substantivo *valado, -a*, de igual significado: créanlle a Balaídos unha falsísima base comparativa con *Balada, Balado* e *Baladiñas*, os tres en Vigo. Malia a que estes autores coñecían e manexaron toda a aclaradora documentación antiga de Balaídos (desde 1529 en adiante), incorren no grave erro da paronimia sen daren o máis mínimo valor á forma antiga *Avelaýde*, se cabe por non a interpretaren como antecedente do actual *Balaído(s).*

Trátase dun claro abundancial de *abeleira*, árbore que produce as *abelás*, que ten os máis evidentes paralelos en *Abelaído* (Antas, A Lama, Po e San Xoán de Río, Ou) e *O Abelaedo* (San Román de Vale, O Vicedo, Lu); téñase sempre en mente que Balaídos aparecía no século XVII como *Abelaýde*. Pode, e débese, achacárselle a todo isto a eiva de que unha evolución a *Abelaído* é rara na área da ría de Vigo, onde temos por exemplo *Abelendo* en Moaña; quérese dicir que o normal aquí é que se resolvesen en *-n-* a nasalidade de terminacións medievais como *-ẽẽdo* (<-ENETV[M]): o certo é que no Fragoso agardariamos *Abelendo* e non *Abelaído,* forma bizarra –aquí– en sumo grao. Pero, considero que este detalle, importante, non invalida a explicación proposta: non esquezamos que o *Abelaído* da Lama está tamén en área de *Abelendo* e, sobre todo, que a forma antiga *Abelaýde* só pode derivar de ABELLANETV(M) –ou como moitísimo de ABELLANETA(M)–; este indiscutible feito deixa ver ben ás claras que Balaído constitúe, en terras de Vigo, unha excepción de gran calibre, unha bizarrada fonética cuxa xustificación confeso non ser capaz de enxergar.

Polo tanto, vénnos Balaído(s) dunha forma *Abelaído*, presente no dezaisesco *Abelaýde* de Coia, normal covariante fonética de *Abelaedo* (<lat. ABELLANETV[M] 'bosque de abeleiras'), variante como a que se dá en *Carballido* fronte a *Carballedo* ou *Biduído* fronte a *Biduedo* ou, sobre todo, *Ameixedo* e *Ameixide* ou *Biduedo* e *Biduíde*, entre outras moitas (na propia Coia temos *Figueirido*, fronte aos *Figueiredo* doutros sitios, ou *Buíde* (nas Travesas) fronte aos *Buedo* doutras partes de Galicia). Tamén é relativamente normal a aférese do *A-* inicial, sobre todo nun topónimo de cinco sílabas como era *Abelaído*: primou a economía lingüística. Por último, é absolutamente normal o paso de *Belaído* a *Balaído,* bastante moderno, producido entre o século XVII e o XVIII, tal como amosa a máis fiable documentación.

En resumo, pódese aceptar como segura a seguinte evolución: *ABELLANETVM 'bosque de abeleiras' > *Abelaído* (e *Abelaíde,* con común relaxacíon do -e final) > *Belaído* > *Balaído(s)*. Isto é, que Balaídos se chamou nalgún momento da nosa historia Abelaído, despois Abelaíde ou Belaído, e a partir do século XVIII Balaído (e aínda hoxe así entre os vellos nativos, posteriormente Balaídos entre os forasteiros, que a estenderon).

A Fonte de Barros

Está no final do camiño de Neira, lindando polo sur coa parte final do chamado oficialmente Baixada á Fonte de Barros. É un val bastante fondoneiro.

O nome deste valciño é aínda hoxe moi coñecido. Refírese a un posesor moi recente, concretamente ao multimillonario presbítero don José de Barros, que era propietario de boa parte deste lugar e cuxa herdanza pasou logo a moitos outros propietarios. Este crego faleceu a finais do século XVIII, por iso este topónimo, hoxe moi importante, non aparecía no catastro de Ensenada. Patiño e González cren, porén, que a relación é inversa e o dito crego José de Barros tomou o apelido do lugar *A Fonte de Barros*, algo que é absolutamente inasumible.

A Barxa, As Barxas, A Barxïela, O Barxío

A Barxa está no empalme de Eugenio Kraft e a av. de Balaídos. As Barxas sitúanse a ambos os lados de Tomás Paredes, xusto á altura do empalme coa rúa río Miño. A Barxiña está a poñente da parte alta do camiño dos Esturáns, nunha zona aínda hoxe sen urbanizar. A Barxiela é o lugar ou subaldea que fica no camiño homónimo. E O Barxío é o val que se abre entre Isidoro Romero e os camiños de Neira e Soutelán.

A vetusta palabra prerromana *barxa* é aínda moi viva entre os nativos da vella Coia, vivacísima e forte tamén no resto do val do Fragoso e moribunda xa no Morrazo, onde agoniza tan só en Moaña. Símbolo da súa vitalidade é o feito de que en Coia, á parte de *barxa* 'terra moi mollada que non produce cultivo; herbal húmido', existen derivados como *barxío* 'conxunto de barxas' e sintagmas como *estar a barxa* (en

oposición a 'estar cultivada'), *barxento* 'mollado, aplicado á terra': "*A parte de baiso do Resío i-era mui barsenta"* e algunha outra forma máis que puiden escoitar e anotar nas miñas longas conversas cos nativos da vella Coia.

Como se dixo, é *barxa* unha reliquia léxica prerromana, derivada dunha forma hidronímica indoeuropea precéltica que deixou moitos rastros en Galicia. Deriva, xa que logo, dunha forma esdrúxula *WARGINA ou *WARGENA.

Cómpre reparar en *A Barxïela*, un lugar ou subaldea do barrio dos Esturáns. Tanto os nomenclátores como a denominación oficial do rueiro municipal traen exclusivamente *(A) Barciela*, pero cremos que é un erro que cumpriría emendar canto antes: de feito no catastro de Ensenada o lugar aparece máis dunha ducia de veces e sempre como *(A / La) Barxiela* ou *(A / La) Barjiela*. Ademais absolutamente todos os nativos da vella Coia din *A Barxïela*. O que debeu pasar é que como en moitas partes das rías Baixas, e especialmente en Coia, como en Bouzas e Cangas, o son do *X* se despalataliza a miúdo, a xente allea a Coia debeu entender algo como *Barsiela*, o que os levaría a interpretalo como seseo e emendar no oficial *Barciela*. Debeu ser así, por moito que existan formas *Barciela* etimolóxicas por Galicia adiante; a *Barciela* de Coia non é etimolóxica, senón unha deformación forasteira do nativo e vivo *Barxiela*, forma que ademais de viva está corroborada pola documentación antiga. Non creo, xa que logo, que houbese aquí unha alternancia morfolóxica *Barciela / Barxiela* que non deixase o máis mínimo rastro nin antiga nin recentemente. Sexa como for, *A Barxiela* non é máis que un diminutivo antigo de *barxa*, ou sexa, é 'a barxa pequena'. Repárese, por último que os nativos pronúnciana sempre cuadrisilábica *(bar-xi-e-la)*, non trisilábica *(bar-cie-la)*, como di case toda a xente allea ou alienada.

A Beria

Sitúase no triángulo que conforman as rúas Eugenio Kraft, av. do Fragoso e av. de Balaídos.

É unha zona moi húmida, onde había pequenos pastos e unha xunqueiriña chamada hoxe *O Canabal da Beria.* Malia a que A Beria non

está documentada en ningún documento, ten toda a aparencia de topónimo prerromano (emparentado desde logo co preceltismo galego *beira* 'ribeira dun río'); pero son fortísimas as reticencias e inseguridades que nos impiden chegar a unha conclusión segura. É indiscutible que o antedito *beira* vén dunha forma *WARIA (ou como moito *WERIA), da mesma raíz que os ríos *Bermaña*, *Avia* ou *Barbaña*; así deste xeito A Beria de Coia suporía un estadio evolutivo moi arcaico, onde non se produciu sequera a metátese do iode: se A Beria viñese de *WARIA (ou de *WERIA) tería que chamarse hoxendía A Beira (ou como moitísimo A Baira, como *A Baira*, parte central da antiga lagoa de Antela), polo que todo isto é moi sospeitoso e creo que inasumible, un van espellismo, por moito que haxa tamén en Marín (Po) unhas terras chamadas *As Berias*, unha ribeira mariña en Cela (Bueu) chamada *A Beria* ou, sobre todo, a famosísima vila asolagada da Beria (case sempre escrita A Veria), baixo a lagoa de Cospeito (Lu); de feito non só A Beria é esa vila asolagada, senón toda a zona anegada do contorno da lagoa de Cospeito, como xa ben deixaron escrito con minuciosidade Vicente Risco ou Manuel Amor Meilán.

Acaso a nosa Beria fragosiña se trate entón dunha metátese recentísima que transformase A Beira en A Beria, pero, entre outras razóns, a presión que exercería o comunísimo e vivo apelativo *beira* impediría esta metátese xa de por si rara e, de feito, non documentada en ningures en Galicia: tería que ser unha deformación popular illada, pero como tal hóubose de dar tamén nas Berias de Marín e mais na Beria de Bueu e de Cospeito, o sentido común ponnos en garda para desconfiarmos de que tal deformación popular (xustificada acaso nun topónimo illado) se dea en tres tan afastados e xusto nun hipotético *Beira* e non noutros topónimos (abondosísimos) acabados en *-eira, -o*.

É importantísimo repararmos que, en todo o caso, hai outros topónimos galegos cun iode moderno como Loentia (med. *Loéntena*), Tórdea (med. *Tórdena*), Melias (med. *Mélanes*), e tantos outros e ben antigos; ¿levaríanos isto da man a un hipotético hidrónimo prerromano *WÁRENA da mesma raíz que *beira*?... acaso nin así, pois seguramente dese ***Varna* ou ***Verna*, pois o -r- é fonema que permite a síncopa da postónica.

Non se esqueza tampouco a presenza constante do artigo na Beria fragosiña, na chairega e nas Berias morracenses. Isto pode ser indicio, quizais, de modernidade. Fica todo no fusco.

A Boubeta

Está entre a metade de Martín Echegaray e o camiño de Figueirido.

Este curioso topónimo só se rexistra no veciño Morrazo, como nome dunha aldea da parroquia canguesa de Coiro, que deu lugar ao apelido Boubeta, moi común nesa península, sobre todo en Cangas e, hoxe, aínda máis en Moaña.

É dubidoso que este topónimo de Coia sexa derivado do apelido dun posesor Boubeta, pois non hai indicios de que este apelido tivese difusión consolidada en terras fragosiñas; ademais no século XVIII este lugar xa aparece rexistrado como *Boubeta*. Con todo fica aí a dúbida. En todo o caso, se for topónimo, como A Boubeta canguesa, faría referencia a unha pequena *bouba* ou elevación do terreo.

A Bouciña, Sobrebouzas, A Silva de Sobrebouzas

A Bouciña sitúase xusto na parte final da rúa Moaña. Sobrebouzas ocupa a canella de San Telmo e as terras circundantes. A Silva de Sobrebouzas é o terreo ocupado por Juan de la Peña e a parte baixa do camiño de Soutelán.

Ningún destes tres topónimos aparece no catastro de Ensenada, se ben *(A Silva de) Sobrebouzas* ha ter bastante antigüidade: unha *silva* é aquí unha reliquia léxica co significado de *mato; Sobrebouzas* fai referencia a que o lugar está situado concretamente por riba desa vila mariñeira.

A palabra *bouza* tivo moita vitalidade nesta zona das Rías Baixas ata hai pouco, tal como mostran multitude de indicios, pero hoxe está case esquecida, e desde logo en Coia. Seguramente nesta zona tivese o sentido de 'espesura, mato grande, sitio cheo de matogueiras' (como o tivo antano no Morrazo) que é ademais o significado máis xeral en galego, se ben ten outros un pouco diverxentes.

A Bruca

Sitúase no empalme de Núñez de Balboa con Tomás Alonso, subindo un pouco pola ladeira do Castriño.

A forma masculina *bruco* é na maior parte de Galicia o mourillón que ataca as ervillas ou outras plantas. Como feminino só se rexistra unha forma *bruca* moi minoritaria variante do xeral *broca* (feminino de *broco*); algo *broco* é algo que está curvo, inclinado cara a adiante ou volteado para abaixo, aplicado especialmente aos cornos dos bois (unha *vaca broca* é a que ten os cornos inclinados cara a adiante).

Podería este topónimo facer entón alusión a algo coas anteriores características, como o famoso *Marco Corvado* de Moaña, pero isto supón basearnos no feble punto de apoio que supón a ultraminoritaria forma *bruco, bruca*. Isto fai que sexa todo moi hipotético, aínda que non podemos descartar que esa forma minoritaria se usase nalgún momento en Coia.

O Buraquiño

O Buraquiño está na curva que fai a rúa Tui, e de aí ata o camiño de Figueirido.

Topónimos como este son moi abondosos na toponimia de Galicia, e son moi abundantes curiosamente as formas diminituvas. Buraco é unha vella palabra de orixe prerromana indoeuropea. Temos que ter en conta que estes topónimos poden referirse a un pequeno lugar abrigado ou cóncavo, non exclusivamente a un pequeno buraco, o cal sería unha motivación toponímica moi feble. Repárese por último que *buraquiño* non só é diminutivo de *buraco*, senón que pode selo tamén de *buraca* 'buraco grande, foxo, cova'; cobraría así maior motivación a forma diminutiva.

A Fonte da Burra

Sitúase no cruzamento do camiño da Seara con Arquitecto Pérez Bellas.

Os vellos nativos do Chouso din que esta fonte se chama así porque en tempos moi recuados morreu nela un burro, que seica llo oíron xa así aos seus avós. De todos os modos, a coñecidísima Fonte da Burra ten como outra denominación Fonte da Seara, que debeu ser o seu nome primixenio antes do acontecemento do burro, posiblemente bastante recente. Antano chamouse tamén Fonte das Travesas, como vemos na demarcación de 1529.

A Cabeciña

Ocupa toda a Primeira travesía da rúa Coruña, desde a rúa Coruña ata o camiño do Chouso.

A aplicación toponímica de *cabeza* a realidades orográficas é universal. Atendendo á xeografía deste lugar, débese chamar así, como tantos outros topónimos similares, pola súa forma: un pequeno outeiriño pétreo, que se eleva sobre a chaira de Abuíde como unha cabeza moi destacada. Ten, con todo, aparencia de formación recente e ademais non se consigna en ningún documento antigo.

As Cabirtas

Está no centro do camiño da Barxiela, na súa man dereita e moi preto da fonte de Coia. Na zona das Travesas hai outro lugar tamén chamado As Cabirtas, xusto detrás do instituto Santa Irene, pero xa pertence á parroquia de San Tomé de Freixeiro.

Topónimos similares repítense por Galicia, como o Monte Caberta (nas Illas Cíes) e As Cabirtas (Entenza, Salceda de Caselas). Pero tamén A Cabirteña (Beluso, Bueu) e Cabirtallo (Lougares, Mondariz), formas cunha sufixación moi antiga. Non son topónimos claros nin fáciles e a súa relación co galego xeral *cabirto* 'cabuxo, cría da cabra' non é nada probable na maior parte deles (salvo que sexan aplicacións figuradas).

Compárese con A Cabrada, topónimo tamén de Coia recollido no catastro de Ensenada e hoxe perdido; podería vir de *Quebrada*, pero esta suposta etimoloxía non é aplicable aos topónimos anteriores. As nosas Cabirtas de Coia teñen que ser algo distinto das quebradas. Só parece minimamente aceptable unha aplicación figurada de *cabirto* 'cabuxo': serían unhas ***Pedras Cabirtas*, ou sexa, unhas pedras montadas unhas sobre as outras, como as tantas *Pedra Cabalgada* que hai por Galicia adiante, ou incluso unhas pedras que bolen ou se bambean, pero todo isto creo que é pouco probable.

A Cadela

Localízase nas barriadas que hai entre a rúa Baiona e Salceda de Caselas, pero sen chegar á rúa Porriño; está detrás da igrexa do Cristo da Vitoria.

En Liméns (O Hío, Cangas) existe unha boa fonte chamada *fonte da Cadela*; hai moito tempo chamábase *fonte do Can*, que vén do latín CANALE 'canle de auga' e foi substituída por *da Cadela* de maneira xocosa, pensando que *Can* 'canle' se refería ao animal. Non creo que A Cadela de Coia se refira a un feito similar, pero tamén é certo que a motivación toponímica de *cadela* 'femia do can' é escasa; ten que ser outra cousa.

Sería tamén raro que fose a redución dun hipotético topónimo Forcadela. Considero que quizais se refira a unha terra moi mala de traballar, como *A Besta Negra* (Aldán, Cangas) e outros similares.

En última instancia poderiamos estar incluso ante un antigo CANALETELLA(M) 'pequena canle', que daría directamente *A Cadela*. Pero a presuposta modernidade da *Cadela* de Coia (á parte da propia rareza morfolóxica de CANALETELLA-) fai que non saiamos da dúbida.

A Cal

Está na parte alta da rúa Tui, no triángulo que forma co camiño de Figueirido.

Significa "a canle", condución para levar as augas aos regadíos, hoxe chamadas *presas* en Coia. Vén directamente do latín CANALEM. Xa aparece en Ensenada como A Cal, e eran mormente pastos con algunha viña. Polo lugar baixaba ata hai aínda 30 anos unha boísima canle de auga que bordeaba a aldea de Figueirido polo norte para torcer e meterse nos regadíos de Pelaio. A dita canle chamábase a Presa Maior ou A Presa da Terra.

O Caldeirón

Ábrese desde a rotonda de Barreras ata Ramón Soler polo poñente e Nebrija polo levante, rúa Coruña de por medio; non chega á praza da Industria, que xa é Abuíde.

Antano, antes dos recheos, O Caldeirón estaba á beira do mar, pero aínda así non parece nada probable que se refira ao varamento no lugar dun *caldeirón*, que é unha especie de pequena balea. O máis lóxico é que sexa como os moitos lugares chamados *O Caldeirón* que están terra adentro: ou sexa, unha poza na pedra que queda cuberta de auga cando chove ou cando baixa a marea; e seguramente nas grandes laxes que salferían o antigo areal de Coia ben puido haber esas abundantes pociñas que se enchen de auga de mar cando a marea devala, ditas en galego precisamente *caldeiróns* debido á súa forma. Ou tamén, acaso mellor, referirse directamente a unha laxe máis de terra adentro, cunha desas pozas que se había encher coa auga da chuvia, ou sexa, unha *pía*, un gran caldeiro metafórico.

A Caleira ou O Forno do Cal

Está a ambos os lados da chamada rúa Caleira, a nacente da parte alta da av. do Fragoso.

É topónimo moi recente, referido a un vello almacén e forno de cal que existiu ata hai pouco no lugar. A este sitio chámano *A Caleira* os de Coia (tal como reza a placa oficial do Concello) e *O Forno do Cal* os de Freixeiro, cuxo límite parroquial pasa preto do lugar.

A Calzada

En Coia hai dous lugares así chamados, os dous rexistrados xa en Ensenada.

Unha *Calzada*, a máis coñecida, é a situada entre a rúa Estrada, O Grove, Salvaterra e a av. de Castelao. Eran uns dos mellores campos de cultivo de toda Coia.

A outra localízase facendo linde con Bouzas entorno á rúa Tomás Alonso, subindo un pouco por San Xoán de Deus.

É facil reparar que ambos os dous lugares se refiren a dous vellos camiños (independentes e non os únicos) que baixaban á outrora importante vila de Bouzas, bifurcándose desde esa poboación e indo a Vigo un pola beiramar o outro por terra.

O Camiño Fondo

Hoxe, como antano, refírese a unhas terras, pois o camiño ao que fai referencia desapareceu tras a construción do Polígono. Sitúase na encrucillada que fan a rúa Estrada, a travesía do Chouzo e a rúa Lalín.

É aínda hoxe un topónimo moi coñecido, como o foi tamén antes o mítico *camiño Fondo de Coia*, que unía o barrio de Quintela cos Esturáns e O Chouso. Era por onde os habitantes de Quintela, da Carballa e da parte alta da Espedrigada ían á igrexa parroquial de San Martiño de Coia. Era moi fondo en boa parte do seu traxecto, pero especialmente onde actualmente corta a av. de Castelao, moi preto de onde hoxe se conservou o topónimo *O Camiño Fondo*.

Como os habitantes dos sitios que se mencionaron ían co cortexo fúnebre soterrar os mortos á parroquial de Coia polo dito camiño, moita xente da Carballa chámalle tamén *o camiño dos Defuntos.*

Os Catro Camiños

Está situado este lugar no empalme da av. de Castelao coas rúas Estrada e Miguel Hernández. É aínda hoxe un dos vellos topónimos de Coia máis coñecidos polos nativos, malia a desaparecer por completo a realidade viaria que lle deu nome.

Recibe o nome por se encrucillaren aquí o mítico *camiño Fondo* (que ía de Quintela aos Esturáns) e o camiño que subindo do Chouso aos *Catro Camiños* baixaba logo á Carballa, ambos os dous antiquísimos, popularísimos e cheos de mito.

A Campaña

Está nas barriadas que median entre a rúa Vilagarcía, Bueu e o camiño da Raposa, todo por detrás da igrexa parroquial de San Martiño de Coia, cara a poñente e un pouquirrichiño cara ao sur.

Antes era un valciño cheo de socalcos adicados a pastos de regadío e a férteis terras de labor. Pola Campaña abaixo baixaba (e nalgures

aínda se ve) un regueirucho que alimentaba, tras ser enlagado, unha das canles que surtían de regadío as inmediatas e fertilísimas terras do Poulo e A Gaiosa.

Deriva do latín CAMPANIAM, ou sexa, un sitio cheo de campos, nada que ver co moderno concepto de *campaña* militar.

O Campo do Medio. O Campo Grande

O *Campo do Medio* está entre Martín Echegaray e a parte baixa do camiño de Figueirido. É aínda hoxe un lugar bastante coñecido polos nativos. O *Campo Grande* sitúase entre o camiño de Pelaios e a circunvalación Oeste, lindando polo sur co cemiterio de Bouzas.

Téñase moi en conta que en Coia, como en todo o Fragoso, *campo* é sinónimo de leira, calquera terra de labor. Han ser os dous, xa que logo, topónimos bastante modernos (tampouco aparecen en Ensenada).

Hai varios máis topónimos que empezan por *Campo de*, que se irán vendo atendendo ao segundo compoñente.

O Canaval

Está entre a av. do Fragoso e o camiño da Espedrigada, chegando cara a poñente ata un tramo do camiño da Carballa.

Eran todo pastos e algún, poucos, labradío. *Canaval*, tanto en Coia como no resto da área lingüística galega, é un sitio cheo de canas. Sorprende o feito de que sendo Coia, antano e onte, unha parroquia con desorbitada preponderancia de viñedo fronte a outros cultivos, non haxa máis topónimos canaval, pois é ben coñecida a simbiose entre as canas e as viñas, xa que estas últimas apenas serían posibles sen as primeiras, para os emparrados.

A Cancela

Sitúase na parte baixa de Darío Durán, entre García Lorca, Salvador Allende e a av. da Florida.

Segundo o catastro de Ensenada, este topónimo tiña moita máis extensión antano do que hoxe; así e todo, é aínda bastante coñecido entre os nativos.

O significado transparente de *cancela* está presente en ducias de topónimos maiores de Galicia e en milleiros de topónimos menores.

A Candea. A Candeira

A Candea é o lugar situado entre a av. de Balaídos, a travesía da (falsa) Ponte Romana e o río Lagares. Foron ata hai ben pouco un dos principais regadíos de Coia, hoxe completamente urbanizados. *A Candeira* está entre a rúa Chano Piñeiro, Beiramar e Camilo José Cela, sen acadar polo norte a rúa da Paz. Ten como punto central o Toys'r'Us.

Ambos os dous topónimos son derivados do latín CANDELAM e hanse referir a sitios a onde se ía buscar leña miúda para o lume (ou se cabe a sitios plantados de castiñeiros ou a campos de millo americano, o sentido último éme imposible de determinar). Permítaseme dicir aquí que a leña miúda chámase en Coia *garavizos* se é grandeira e *cabucos* se é pequeneira; cómpre lembrarmos estas palabras, pois extinguiranse cando morran os últimos (e poucos) nativos da vella Coia.

Repárese que *A Candeira* é a redución recente de *A Candeeira* (do latín CANDELARIAM).

A Cantarilla. Os Pastos da Cantarilla

Está na av. Do Fragoso, entre os empalmes de José Arbones e o camiño da Espedrigada, chegando cara a poñente ao camiño da Carballa. Os Pastos da Cantarilla sitúanse inmediatamente ao sur.

É unha recente e evidente deformación do castelanismo *alcantarilla,* referido acaso a algunha gabia que se fixo no lugar.

A Canteira

Hai dous lugares así chamados en Coia: un está nos Esturáns, entre o camiño do seu nome e o de Barciela. O outro sitio denominado A Canteira fica ao sur de Figueirido, onde o camiño do dito nome empalma coa av. da Florida.

Son todos topónimos recentes e refírense a pequenas canteiras ou pedreiras que tiveron explotación desde o século XIX ata mediados do XX. Na canteira dos Esturáns aínda se ven os ocos que quedaron tras a extracción da pedra. Na de Figueirido sacouse pedra para as obras do tranvía de Vigo a Baiona.

A Carballa

Na rúa homónima: parte baixa de Eugenio Kraft e av. do Fragoso. Aínda hai terras de cultivo e grandes ocos ser urbanizar, con algunha casiña baixa.

Unha *carballa* é un carballo vello, de tronco ancho e ampla copa. É curioso comprobar a presenza aínda de vellos carballos xusto no camiño actualmente chamado da Carballa, como un antigo testemuño do que foi esta zona: desde logo é milagroso que se conservasen despois da urbanización desa zona.

Na paisaxe da Coia do século XVIII os carballos abundaban moito. Estes carballos non formaban case carballeiras, senón que se esparexían polas testeiras das leiras de cultivo, como vemos repetidamente no catastro de Ensenada: *Pardaýña ... contiene ... ochenta y quatro robles y treinta sauzes. Buíd ... contiene zinquenta robles. La Coutada ... tiene a sus márgenes quarenta robles. El Cocho da Fonte ... contiene a las márgenes veinte y un robles...* e tantas outras citas que fan ver unha paisaxe agraria moi particular, con leiras e viñas circundadas de carballos.

A Caringosta

Sitúase no barrio da Pardaíña, onde o chamado oficialmente camiño da Caringosta empalma co da Pardaíña.

Tradicionalmente é un lugar (subaldea) do barrio da Pardaíña, se ben parte do lugar pertencía á parroquia de Alcabre. O Nomenclátor da Xunta trae, de feito, A Caringosta como unha aldea da parroquia de Alcabre, algo que é absolutamente falso (nin ten categoría de aldea, ou sexa de barrio, nin está completamente dentro de Alcabre: a maior parte do seu territorio é da Coia histórica).

Caringosta é unha forma vacilante do xeral *congostra*, que é unha corredoira fonda entre ribadas, todo do latín *via congusta* 'camiño estreito'.

A Carpinteira ou As Carpinteiras

Este lugar sitúase n rúa Mondariz, tocando por poñente a rúa Soutomaior.

Aparece xa en Ensenada (séc. XVIII) como (L)a Carpinteira. É dubidoso que este sitio tome o seu nome por ser un lugar que daba moita madeira. Acaso agoche o alcuño dun posesor: *a leira do Carpinteiro*, adaptado *ad sensum*.

A Carranca

Ocupa a maior parte da rúa Soutomaior e esténdese pola rúa Redondela abaixo pero sen chegar á rúa Baiona; tamén se mete un pouquiño pola rúa Caldas de Reis, onde estaba a *carballeira da Carranca*.

Sen dúbida algunha este topónimo é moderno: non se consigna en ningún documento malia á importancia que tivo no século XX, cando era un dos máis grandes e importantes polígonos de labradío de Coia, aínda hoxe moi coñecido (moitos nativos da vella Coia chámanlle *"a calle da Carranca"* á rúa Soutomaior).

Carranca en galego é unha cara fea, un mal aspecto de cara; un *carrancas* é un home contrafeito, deforme, patizambo. Un *carranco* un verme que mora nas herbas e produce, seica, a morte ao gando que o come. Todo isto, xunto coa modernidade do topónimo, fainos ver que quizais se trate do alcuño dun posesor: "as terras propiedade dun home alcumado *O Carranco*: "a do Carranco", co xeral paso acomodaticio a *A Carranca*. Todo isto se é que non estamos, en última instancia, ante un apelativo directo a unha leira: "a leira carranca" co sentido de "mala, de pouco froito" ou incluso de forma torta (como *Leira Torta*), pero todo isto xa me parece menos probable.

Téñase tamén en conta que unha palabra galega xeral é *carranca* co significado de colar con pugas ou picos que se lle pon aos cans no

pescozo para se defenderen. Isto podería levarnos a un uso figurado, por exemplo unha sebe ou vala feita de aramio de picos ou plantas espiñentas como toxos ou estripeiros. Desde logo é a proposta máis económica morfolóxica e semanticamente, pero baséase nun uso figurado non rexistrado en ningún catálogo léxico.

En Coia e en Bouzas hai unha palabra moi viva: *carrán*, feminina (tamén a escoitei en Aldán e en Beluso), pero está claro que non ten nada que ver coa Carranca: nesta parroquia unha *carrán* é unha andoriña mariña; de aí vén o topónimo *As Carráns*, que son unhas pedras nas illas Cíes, pousadoiro preferido das carráns ou andoriñas mariñas.

O Carregal

Está nas Travesas. Localízase no espazo entre García Lorca, Luís Seoane e José mato; polo medio cruza a av. da Florida e atravésano as rúas Miguel Hernández e Salvador Allende.

É un topónimo bastante antigo (*El / O Carregal* case unha ducia de veces no catastro de Ensenada). Significa 'sitio cheo de carrizos'; un carrizo, entre outras cousas, é unha cana palustre, unha gramínea propia dos sitios enchoupados e moi abundante entre nós. Así, do latín CARICE, temos o colectivo CARICALE 'lugar onde abundan esas canas palustres', que deu o noso *Carregal* con total naturalidade.

O Castelo. A Punta do Castelo

Na volta mesmo de San Gregorio, cara ao sur, ou sexa, subindo polo Castriño.

O topónimo seguramente faga referencia ao propio castro do *Castriño*, pois moi a miúdo os nomes de lugar chamados *Castelo* fan directamente referencia a castros. Pero non pode descartarse que se refira a algunha batería defensiva recente (de feito este topónimo non se consigna en Ensenada nin en documentos posteriores). Incluso pode que se refira a algo moito máis moderno aínda, quizais a algunha das primeiras mansións que se construíron a fins do século XIX nesa zona do litoral vigués como me insinuou vagamente un nativo do Chouso.

A Castiñeira

A Castiñeira está ocupada por completo pola barriada que sobe da rúa Moaña á rúa Vilagarcía.

Este topónimo é hoxe moi empregado aínda polos vellos nativos, malia a que está totalmente urbanizado. Retrotráenos á paisaxe agraria de Coia, onde os castiñeiros ou castiñeiras tiñan unha singular importancia; algúns exemplos da presenza desta árbore en Coia sacados do catastro de Ensenada: *O Soutiño ... contiene en sus márgenes seis robles y siete castaños. Los Esturáns ... contiene a sus márgenes quarenta robles y doze castaños. La Carvalla ... tiene a su margen seis robles, catorze castaños.*

Unha pantasma chamada O Castro Castriño

Como O Castro Castriño coñécese oficialmente un barrio na caída de Coia cara á ría, en por riba de San Gregorio e a rúa Tomás Alonso, e así o trae o nomenclátor da Xunta tamén.

Trátase dun outeiro ou, mellor, dun relanzo, que cae da meseta de Coia ao mar, case completamente cuberto de casas e edificios, entre os cales está catalogado un importante castro costeiro cuxos restos están soterrados baixo uns xardíns ou parques tras os edificios de Núñez de Balboa e Tomás Alonso. Antigamente a parte alta do lugar coñecíase como *A Coroa do Castro*, como vemos xa en 1529.

Pero é de suma importancia dicir que tal topónimo *Castro Castriño* nin ten nin tivo vida entre os nativos da vella Coia: é unha pantasma toponímica. Este invento exitoso ou quimera chamado *O Castro Castriño* cobrou inusitada vida após a construción do Polígono, ou se cabe un pouco antes, quén sabe por qué.

Se nos arredamos de espectros e irrealidades, damos cun par de cousas ben claras: no lugar existe un topónimo *O Castriño*, vivísimo, que, no fondo, é como os nativos da Coia vella lle chaman ao lugar oficialmente apelado hoxe *O Castro Castriño*; foi (Ensenada e etc.) e é *O Castriño* a secas, como ben mostra o antedito catastro de Ensenada (máis dunha ducia de veces aparece *Castriño* e nunca *Castro Castriño*) e a realidade viva, tal como gravei nas seguintes sentenzas de xente de

Coia: *"Antes (...) no Castriño non había casi casas"; "As escaleiras da Pedra Rubia dan ó Castriño"; "O Castro Castriño non sei quen o inventou, que isto sempre foi O Castriño",* entre outras similares que mostran unha certa desconformidade.

O que debeu acontecer para que nacese este monstro chamado *Castro Castriño* é ben claro: un bautizo arqueolóxico mal entendido: xa a principios do século XX se fixeron as primeiras catas arqueolóxicas no, idóneo para tales mesteres, outeiro do Castriño; descubriuse posteriormente un castro ao que, loxicamente, lle puxeron o nome de *castro del Castriño*, ou sexa, 'castro emprazado no lugar do Castriño'. Posteriormente, e moi recentemente (non no XIX como aseveran Patiño e González), o sintagma arqueolóxico *castro do Castriño* transformouse no topónimo *Castro Castriño* seguramente axudado por sabe Deus qué eufonía folclórica, que acabou por substituír o nativo *Castriño* entre a xente allea á vella Coia.

A Fonte do Catalán

Está na parte central do camiño da Barxiela.

Este topónimo é un trazo evidente da presenza dos fomentadores cataláns, e os seus descendentes, que se estableceron na costa galega para establecer factorías de salga de peixe.

A Cavada. A Cavada de Baixo

A Cavada, tamén chamada Cavada de Coia (sen artigo), sitúase a ambos os lados da av. da Florida, xusto no cruzamento que fan con ela as rúas Rodríguez Elías e Ponte da Veiga. A Cavada de Baixo vén desde esa última rúa ata a curva da rúa Pablo Iglesias.

O significado máis antigo de *cavada* é o de foxo, buraca, forma hoxe minoritaria. En boa parte do veciño Morrazo unha *cavada* é unha propiedade de monte arborado, pero esta palabra non ten vida no Fragoso, onde se coñece a tal forma de propiedade como *coutada*. Este topónimo de Coia ha significar polo tanto 'lugar cavado', é dicir, unha terra de labradío.

As Ceñas do Norte

Localízase ao sur do empalme de Pablo Iglesias coa av. da Florida, ata ao río. É a parte máis meridional da vella Coia.

O topónimo As Ceñas de Santo André de Comesaña, mal escrito na placa municipal como Señas, ten unha parte na parroquia de Coia, que recibe o nome de As Ceñas do Norte para se diferenciar do resto do lugar que cae na parroquia de Santo André.

Ceña é unha deformación de *aceña*, que é unha especie de muíño de auga pero capacitado para mover unha cantidade maior de auga e polo tanto máis grande que os muíños hidráulicos habituais. Trátase dun dos poucos arabismos vellos do galego; deriva do árabe AS-SÂNIYA 'o muíño fariñeiro'.

A Cerca. As Barxas da Cerca

A Cerca ocupa exactamente todo o territorio do que hoxe se chama oficialmente parque da Bouza, é dicir, o arboredo que delimitan as rúas Nigrán, Rodríquez Elías, Tui e Padre Seixas. Trátase da máis importante, e case única, masa arbórea de Coia. As Barxas da Cerca están por embaixo: entre Rodríguez Elías e a av. da Florida, ao redor da pista deportiva (pero non chegan a acadar a rúa Lorient, que fica preto).

Estamos ante un claro caso de trasvase e mal uso toponímico (diría nefasto), pois o que hoxe é este parque nin é nin foi nunca *A Bouza*. Realmente, *A Bouza* é un lugar do veciño Santo André de Comesaña (cuxo límite parroquial con Coia marca precisamente a mencionada rúa Padre Seixas): está, xa que logo, no actual PAU de Navia, por riba do Caramuxo. O parque da Bouza debería chamarse, entón, *parque da Cerca*, que é a única forma nativa viva e histórica; basta ter calquera somera conversa con eses nativos para repararmos que non din outra cousa que *"vou á Serca"* e non *"*vou ó parque da Bouza"*; e basta ollar calquera documento, antigo e recente, para observar ben ás claras que xamais houbo ningún lugar chamado *A Bouza* nestas terras meridionais de Coia (nin noutras desta parroquia).

Así e todo, a propia *Cerca*, palabra ben galega co significado de *peche dun terreo*, é topónimo tamén recente: ata o século XIX o lugar

chamouse *A Devesa de Pelaio*, polo menos na documentación (no fondo todo é o mesmo, pois as primixenias devesas de carballos estaban circundadas e pechadas cunha *cerca*).

O Chamorro

> Está xusto na rotonda que fai a avenida de Castelao en frente do Alcampo; ocupa por completo a rúa Cambados e un pouco da do Grove (na súa parte sur); colle o cornello surleste do Alcampo (un nativo da contorna dese centro comercial quíxome levar a ese cornello só para me dicir que aí estabamos no Chamorro, pero se dabas un paso á dereita estabas xa na Dona, todo isto dentro do Alcampo, entre mostradores cheos de produtos á venda e ducias de persoas mercando, descoñecedoras da realidade lingüística do lugar e a secular historia deses topónimos).

É un dos topónimos máis coñecidos de Coia. No catastro de Ensenada (1752) aparece sete veces *Chamor* (p. ex. *"Chamor (...), contiene en sus márgenes treinta y nueve robles, diez álamos y doze sauzes"*) e unha vez *El Chamor*; ningunha *Chamorro*. Non creo que isto invalide o feito de que *Chamorro* fose a forma orixinal: todo apunta a iso; no fondo *Chamor* non ha ser senón unha pronuncia determinada nunha época determinada que non se xeneralizou, pois a forma actual condúcenos á etimoloxica.

Hai varios sitios chamados O Chamorro en Galicia, entre eles o coñecido santuario mariano de Ferrol; pero nos dous lugares así chamados que coñezo en persoa dáse un feito que ten importantísimas implicacións etimolóxicas:

Coñezo un lugar chamado *A Chamorra*, en Aldán (Cangas), á parte do Chamorro de Coia. Na *Chamorra* canguesa vin milleiros de veces na miña infancia e adolescencia o destacado cón completamente esférico que existe no medio desas terras chairas de labor, o cal me chamou sempre a atención moito. Pero dáse o caso que nun dos cantos do actual Alcampo existiu tamén un cón desas características, o cal estaba, seica, case cuberto de hedras: son dúas realidades idénticas para dous topónimos idénticos, o cal non creo que sexa froito da casualidade. Ás respectivas pedras chámaselles en Aldán *O Cón da Chamorra* e en Coia *O Cón do Chamorro*, os dous destacadísimos, moi coñecidos e míticos dado o seu aspecto rechamante entre terras chás

de cultivo. Este feito, de suma importancia, lévanos da man á palabra galega *chamorro* recollida por Eladio Rodríguez que ten o significado de "cabeza trosqueada ou rapada, monte pelado e pena ou cón redondeado", xusto o que vemos na Chamorra de Cangas e no Chamorro de Coia: un cón redondeado.

Etimoloxicamente é un derivado despectivo de FLAMMAM 'golporada de lume, chama, lapa, masa gasosa en combustión', que evolucionou a monte queimado, monte pelado e de aí a cabeza pelada e, por semellanza, cón redondeado. Complexo pero moi natural.

O Chouso

É un dos barrios (aldeas) históricos de Coia. Aínda conserva algo do seu entramado como unha aldea-illa, pero moi pouco e moi desestruturado. O seu territorio central esténdese ao longo da rúa homónima e as súas catro travesías.

Sempre se escribiu con -z-, así tamén na nomenclatura oficial das rúas de Vigo (a placa reza Chouzo) e no nomenclátor da Xunta, pero o seu /-s-/ non se debe ao seseo. E é que O Chouso deriva do latín TERRENU CLAUSU, ou sexa, terreo pechado. En boa parte do Morrazo, especialmente en Bueu e en Moaña, un chouso é un terreo pechado preto da casa, e ese debe ser máis ou menos o significado que ten O Chouso de Coia: un terreo pechado, posiblemente bastante grande, debido á antigüidade coa que aparece o topónimo e o denominador de aldea en que se converteu.

O Cocho

Está do cruzamento do camiño dos Esturáns co da Barxiela cara ao sur, ata a rúa da Estrada.

Sábese que ata hai pouco este lugar chamábase *O Cocho da Fonte* (en congruencia coa súa proximidade á chamada *Fonte de Coia*), e así o vemos xa en Ensenada; hoxe só se escoita a forma abreviada *O Cocho*.

Non é *cocho* (no seu sentido agrario) unha palabra viva hoxe en Coia; ignoro se algures no Fragoso si o sexa, pero o certo é que no Morrazo

(xemelgo lingüisticamente do Fragoso) é aínda unha vivaz forma co significado de "pequena terra de labor adicada a horta, pero especialmente a coles" (así o escoitei na grande aldea de Bon (Beluso, Bueu), e en case toda Moaña, onde é fundamentalmente un cadriño para botar coles). Pero, este substantivo reflicte tamaña vitalidade toponímica entre nós que nun concello tan pequeno como Moaña recollín non menos de cincuenta topónimos *O Cocho* (e derivados e compostos).

Supoño, xa que logo, que en Coia "cocho" debeu ter tamén ese significado e non o de "lugar para se esconder ou escondido, acubillo, sitio abrigado e amparado" que se lle dá máis a miúdo do esperable sen pararse a pensar no significado vivo que esta palabra ten nalgunhas zonas como esta. É certo que *cocho = acubillo* é palabra moi viva en Coia, pero non vén nada ao caso como topónimo se atendemos á enorme abundancia desta forma como topónimo e, sobre todo, ao significado agrario que ten nalgures entre nós. O Cocho de Coia ha ter, con seguridade, o significado de "hortiña", tal como o teñen os *Cochos* do inmediato Morrazo, cuxa lingua é a mesma que a da Coia tradicional.

Condiño

Condiño ocupa xusto o ángulo occidental da praza da Miñoca, e está completamente cuberto de edificios

Atendendo a topónimos como Condelle (Trabazos, Castro Caldelas, Ou) ou Condide (Ponte Cesures e Salceda de Caselas, Po), podemos supór Condiño como antropónimo derivado do nome dun posesor medieval, quizais *Comitinus* (así de TERRA DE COMITINU 'a terra propiedade de Comitinus' viría directamente o noso Condiño). O lugar aparece xa así no catastro de Ensenada (1752).

A Cordoeira

É un lugar (subaldea) que ocupa a metade cara a poñente do camiño homónimo.

Sábese que no século XVIII hai en Coia varios artesáns que se adicaban a facer cordas de esparto, seguramente para os barcos. Este

topónimo pode vir, xa que logo de "a leira do Cordoeiro", propiedade dun deses artesáns das cordas, con acomodación *ad sensum*. Pero téñase en conta que aparece xa no século XVIII con esa acomodación xa consumada, o cal fai que apareza un certo sentimento de dúbida: poderiamos estar ante unha "terra cordoeira", ou sexa con forma de corda, alongada e estreita (compárese con topónimos *A Cordiña* (en Cangas) ou *O Cordón* (varios en Cangas e Moaña), referidas a leiras longas e estreitas, pero isto último tamén non parece moi claro.

Se cabe pode facer referencia a unha edificación onde se facían esas cordas, que ben puido chamarse unha *cordoeira* 'sitio onde se fan as cordas, sitio onde traballan os cordoeiros', pero non é unha palabra que estea rexistrada, polo tanto fortemente sospeitosa, aínda que moito máis económica que as anteriores.

A Coutada

Está situada no cornello que fan a rúa de Tui e Martín Echegaray, se ben antes a súa extensión era maior.

En 1752 aparece xa como *A Coutada*, onde se destacaba un gran terreo de labradadío que *"contiene en su extensión veinte robles"*.

Para os nativos da vella Coia este topónimo é transparente: nesta parroquia (como en todo o val do Fragoso) unha *coutada* é unha propiedade de monte, sobre todo arborado, palabra aínda hoxe vivísima nas terras rurais fragosiñas. Vén de *(terra) coutada*, ou sexa, terra que, unha vez delimitada, se pechou ou acoutou. Equivale ás *tomadas* e *cavadas* do veciño Morrazo.

A Cova

Localízase no cruce da rúa Tui coa rúa Mariña Mansa, ao norte desta última. Aínda hoxe queda algunha terra cultivada.

É evidente que en Coia non hai covas propiamente ditas, polo que este lugar debeu tomar o nome dalgún pequeno abrigo natural entre as laxes. Pero o feito é que esta pequena zona, aínda hoxe terras de

labor, non conta con pedra algunha e si un par de minas de auga ao seu redor, polo que acaso se refira a algunha desas minas.

O Cruceiro

Este barrio está entre a rotonda do Alcampo e a rúa Estrada, ata onde comeza O Turreiro.

Era o barrio (aldea) central de Coia, onde se sitúa a igrexa parroquial (que estaba no lugar –subaldea– do Adro). Hoxe confúndese a miúdo este feito e trátase ao *Adro* como barrio a ao *Cruceiro* como lugar, así o Nomenclátor da Xunta. O lugar toma o nome dun bo cruceiro de pedra que había preto da igrexa e que hoxe foi brutalmente engastado na parte alta da fachada da nova igrexa parroquial.

O Curral

Ocupa todo o espazo que hai entre a praza da Miñoca e a avenida de Castelao, incluída a rúa Luis Casado.

Este lugar foi moi importante no pasado e aínda hoxe é bastante coñecido. Documéntase copiosamente desde 1529, e xa desde 1565 aparece como *Curral de Coia* ou *Curral das Bestas* xunto coa forma simple actual *O Curral* (que é a única consignada en 1529 na forma *Casal do Corral*). De todos os modos está comprobado que tanto O Curral como O Curral das Bestas e O Curral de Coia denominan un mesmo lugar: *O Curral* da actual praza da Miñoca (unha forma de 1565 *Curral do Eydo* non se refire a este lugar, senón a outro cuxo topónimo está hoxe perdido).

Malia ao documento de 1529, a forma primixenia debeu ser *O Curral das Bestas* (que vemos por última vez en 1752); e aínda que non o fose, pois un *curral* é por natureza un lugar cercado para acoller o gado (teña ou non modificador), e este é o significado último do outrora vivacísimo O Curral, que hoxe, con todo, está a morrer sepultado por masas de poboación alóctona.

No Curral había dúas minas de auga e algún pasto e varias leiras, todo rodeado de fileiras de carballos (isto no ano 1963, ou sexa, onte).

Por el subía o vello camiño que de Lavadouro torcía para Quintela. Había tamén unha pequena fontiña (*O Nacedouro do Curral*), de augas seica moi malas.

As Derroques

Este coñecido lugar está na rúa Arbo, bordeado todo polo norte pola rúa Estrada: abrangue desde o empalme desa última rúa coa av. de Castelao ata a rúa Salvaterra, sobrepasándoa un pouquiño cara a poñente.

Foron un moi bo polígono de terras de cultivo, coñecido aínda por case todos os vellos nativos. Trátase dunha pluralización *ad sensum* de *A de Roque*, isto é, "a terra propiedade dun home chamado Roque": de "as terras de Roque" ou "as de Roque" pasouse ao actual As Derroques, pluralizándose o topónimo para acomodalo ao número colectivo.

A Devesa

En Coia hai dous lugares chamados A Devesa: un está todo ao longo da avenida de Castelao, na súa parte final, entre as rúas Redondela e O Porriño (no final en todo, xusto no colexio Celso Emilio Ferreiro, recibe o nome de A Devesa de Baixo); o outro sitio chamado A Devesa sitúase dentro das casas do núcleo da Seara, un pouco ao sur do camiño da Seara Interior, onde aínda se conserva unha pequena masa arbórea coñecida como A Carballeira da Devesa.

Unha *devesa* non é máis que un monte cercado, especialmente unha carballeira. En certas partes do Morrazo, onde *devesa* é aínda palabra viva, é simplemente unha carballeira, aínda que estea sen cercar. Segundo vemos no catastro de Ensenada (1752), en Coia había varias destas devesas ou carballeiras pechadas (véxase máis arriba A Cerca).

A Dona

Está xusto nos terreos hoxe ocupados polo Alcampo, acadando –e sobrepasando– a rúa Sanxenxo cara a poñente.

Este topónimo deriva de *Viña Dona*, forma que xa vemos en 1529 como nome dun *casal* dentro de Coia. En todo o caso, en Ensenada (1752) xa aparecía coa forma elíptica actual *A Dona*. Hoxe é aínda A Dona unha denominación moi coñecida entre os vellos nativos, a moitos dos cales lles escoitei dicir *"o aparcamiento da Dona"* para referirse ao aparcadoiro que hai en frente do Alcampo.

A forma primixenia *Viña Dona* deriva así mesmo de **Viña da Dona*, ou sexa, a viña propiedade "da señora", "da propietaria" (do latín DOMINA, léase esdrúxula) ou incluso "da monxa"; a non ser que (e non o creo) faga referencia a algún feito mariano, relixioso, referíndose logo "dona" á Virxe María –a *dómina* por excelencia–, pero non me parece nada real.

Entre nós existen outros topónimos similares como *Donas*, *Vilar de Donas* ou microtopónimos menos coñecidos como *Primadona* (en Bueu) ou *María Dona* (en Cangas), todos referidos a posesores femininos e os dous primeiros especificamente a monxas.

O Eido Vello

Localízase no cruzamento da av. de Castelao coa rúa Ángel Llanos.

En Coia un *eido* é a casa onde se habita e mais o seu terreo circundante, non é aquí, polo tanto, palabra moi dada á motivación toponímica. Neste lugar do Eido Vello había ata hai pouco unha grande casona labrega (a ela pode que se refira o topónimo) que aparece nunha escritura de 1810 coa denominación de *Eido*, sen modificador; pertencía nese ano ao rico e desafogado labrego Pedro Campos; nesa escritura vese con moita nitidez toda a carga semántica do substantivo *eido*: *La* ***casa de nuestra habitación****, terreña ... con un tinglado a la entrada ... con otra casa terreña contigua ... y una antecasita ... una viña parra, árboles de fruto y haira para secar y majar,* ***todo circundado sobre sí*** *en el sitio que se nombra* ***do Eydo****.*

A Espedrigada. A Esprigadiña

A Espedrigada é un dos barrios (aldeas) tradicionais da vella Coia, se ben o seu extremo sudoriental (unha mínima parte) pertenceu sempre a Castrelos; ocupa máis ou menos o espazo entre as avenidas do Fragoso e de Castrelos. A Esprigadiña sitúase entre a parte baixa do camiño da Espedrigada e a av. do Fragoso.

A xente do lugar pronuncia *A'Spirighada*. O nome deriva de *A Espedregada* e fai referencia a un sitio pedroso ao que se lle quitaron as pedras. O verbo *espedregar* significa precisamente iso: limpar un sitio de pedras; trátase entón dun participio que vén do sintagma *a (terra) espedregada*, isto é, a terra que se limpou de pedras.

A Esprigadiña vén de *A Espedrigadiña* e é unha forma diminutiva do nome do barrio da Espedrigada; non é, polo tanto, de formación independente.

A Estrada

Está na parte central da rúa Estrada, a ambos os lados. É curioso observar a coincidencia que supón que esa rúa se bautizase como rúa Estrada e que xusto atravese o lugar chamado A Estrada (así xa en Ensenada, 1752). Cando se bautizou esa rúa púxoselle o nome como o doutras moitas rúas do contorno, todas con denominacións de vilas pontevedresas, non pensando no topónimo tradicional (que seguramente se descoñecese). Unha casualidade.

É evidente que este topónimo non podemos entendelo no sentido das estradas actuais, senón máis ben poñelo en relación cun dos dous topónimos *A Calzada* que se sitúan preto deste lugar. De feito, no galego tradicional o significado máis estendido de *estrada* é o de camiño real, un camiño de máis importancia que os demais. Á beira do lugar corría unha das *calzadas* que ían a Vigo (véxase o topónimo correspondente).

O Estripeiro

Hai dous sitios chamados O Estripeiro. Un está na av. da Florida, no cruzamento con Darío Durán e cara ao sur; o outro sitúase tamén na av. da Florida, pero moito máis abaixo, a ambos os lados da avenida, entre Pinal de Adentro e Alexandre Bóveda. Non teñen nada que ver o un co outro.

O *estripeiro* é un arbusto espiñento moi abundante en todo o val do Fragoso, coñecido en todo el precisamente como *estripeiro*. É da mesma familia que as maceiras e trátase da *Crataegus monogyna*. Bota uns froitiños como mazanciñas minúsculas cunha carabuña dentro. Úsase moito para enxertar nas pereiras e maceiras.

Os Esturáns

> É o *barrio* (aldea) que vén inmediatamente despois do Chouso cara a poñente; un pouco máis extensa que aquela. Gran parte do seu territorio está absorbido polas urbanizacións do Polígono. En 1752 Os Esturáns tiña 17 casas e, no medio delas, había un mediano latifundio que (...) *contiene a sus márgenes quarenta robles y doze castaños.*

Por azares da diplomática, *Os Esturáns* consígnanse só un pouquiño antes do catastro de Ensenada (1752), concretamente vino nun pergameo de 1731 e Patiño e González non o recollen en documentos anteriores, pero este importante topónimo ha ser moito máis antigo (non caben dúbidas): non aparece no pormenorizado apartado adicado a Coia da colección diplomática do becerro de Avellaneda, de 1529, nin nos abondosos documentos ata 1731, pero creo que se debe a unha gran casualidade fortuíta: o topónimo non é moderno, como puidese parecer se nos atemos só aos documentos.

Trátase dun étnico que deriva de ASTURIANOS (como tantos outros así que hai por Galicia adiante, como *Asturáns* ou *Astureses*). Debemos datar Os Esturáns de Coia arredor do ano 1000, polo menos, e tomaría o nome de xentes establecidas aquí vidas non das Asturias, senón moi probablemente das actuais provincias de León e, sobre todo, Zamora, que formaban parte do antigo convento asturicense. Serían polo tanto mozárabes desas zonas de fronteira co mundo musulmán do Andalús que se refuxiaban en terras cristiás como Coia. Por iso, dados eses incuestionables factores históricos, os *asturianos* que se estableceron en Coia non deberon ser do actual Principado, senón da parte meridional do vello convento ástur (seguramente, como se dixo, de Zamora, ou como moitísimo de León).

Sexa como for, se algo hai seguro é que *Os Esturáns* só pode derivar de ASTURIANOS, que é un étnico, o cal nos leva da man á conxuntura histórica que se describiu arriba moi sucintamente, e polo tanto é topónimo antigo.

Tamén temos topónimos como *Cumbraos* (de CONIMBRI[GI]ANOS), mozárabes da comarca da cidade de Coímbra (actual Portugal) refuxiados en terras cristiás; *Berxaos* (de BERGIDANOS), mozárabes do Bierzo no seu senso máis lato; ou *Toldaos* (de TOLETANOS), mozárabes das largas terras de Toledo, que son os tres o mesmo que o noso *Esturáns*

fragosiño (compárese tamén cos varios topónimos *Faramontaos* galegos, de FORA[S]-MONTANOS, refuxiados relixiosos mozárabes vidos de alén dos montes ["os de fóra dos montes": *illos fora'montanos*], que é como dicirmos "os das zonas arábigas da estepa leonesa e castelá", terra mesetaria que fica, claro é, fóra dos montes que a separan de Galicia).

Queda claro que, malia á pouquidade e modernidade documental, Os Esturáns é un dos topónimos máis antigos de Coia. A presenza do artigo non creo que invalide esta explicación fundamentada en datos tan pouco cuestionables; ha ser un arcaísmo sintáctico ou quizais adventicio e moderno (no catastro de Ensenada as formas con artigo (*Los Esturáns*) e sen el conviven en case pé de igualdade); obsérvese que A Coruña leva artigo malia a ser un topónimo prerromano, cuxa semántica debeu ser xa inintelixible pouco despois da romanización.

As Figueiras. Figueirido

As Figueiras está por riba de Bouzas, pegado ao límite parroquial, a ambos os lados de Tomás Alonso desde a desembocadura do camiño da Raposa ata case a Volta de San Gregorio.
Figueirido é un dos *barrios* tradicionais de Coia e hoxe fica como unha aldea-illa onde aínda se ve algún campo de labor e casas unifamiliares.

O topónimo *Figueirido* é un abundancial ou colectivo polo que se fai difícil pensar nel como un sitio cheo de figueiras cultivadas, senón máis ben como nun lugar onde abundan as figueiras bravas. De feito as figueiras cultivadas nesta zona nunca forman grupos capaces de conformar un *figueirido.* Pola contra, as figueiras bravas chegan a crear verdadeiras selvas nalgúns sitios, especialmente no litoral, incluso nas rochas á beira do mar.

A Florida

Hoxe é un barrio urbano de novo, que se corresponde a grandes trazos coas terras ao redor da avenida homónima. Tamén é parroquia, independizada na década de 1950 da de Coia; pero este feito non afectou aos veciños nativos, que malia a seren independentes eclesiasticamente se seguen a sentir de Coia.

Este lugar foi capaz de dar nome en menos dun século a unha rúa, despois a un barrio cada vez máis amplo e finalmente a toda unha nova parroquia que se secesionou da de Coia: Santo Antonio da Florida. Pero en principio foi só o nome dunha casa de indianos situada na parte baixa da avenida á que deu nome. Esa casa ou chalé con terreo tiña escrito na entrada "La Florida", por ser, segundo os paisanos, o lugar do estado arxentino de Rosario de onde proviña a familia de emigrantes retornados que construíu esa casa.

A Fonte Santa ou A Fonsanta

Este coñecido lugar sitúase na parte alta do camiño dos Esturáns, ata a Cuarta Travesía do Chouso.

A moitas fontes e mananciais atribúenselle propiedades curativas e ata míticas, un claro exemplo é esta Fonte Santa de Coia, que hoxe son só o nome dunhas terras. Os paisanos non se lembran de existir ningunha fonte que tivese fama de curativa ou contivese carga mítica nese lugar.

Os Fornos ou Os Fornos da Tella

O lugar sitúase no cruzamento da av. de Balaídos coa rúa Val Miñor; ten como punto central a sede da Asociación de Veciños Val do Fragoso.

Véxase A Telleira.

O Cón da Fosalla

Antes era o arrecife que desprendía a punta do Castelo ou de San Gregorio, xusto debaixo da Volta de San Gregorio. Despois dos aterrados perdeuse ese arrecife, pero o nome pervive para denominar a esa zona portuaria e incluso máis arriba.

Pódese interpretar *fosalla* como traballo moi activo, trafega, vehemencia na laboura... e referirse á pesca ou ás actividades pesqueiras

desenvolvidas entorno a esa zona do litoral. Tamén, comparándoo con outros topónimos costeiros de semántica similar, podería tratarse dunha pedra moi marisqueira na que a xente podía traballar con vehemencia debido ao moito produto que daba. De todos os xeitos o sentido non está nada claro.

A Fragua. As Fraguas. A Fragua do Conde. A Fragüíña. O Ferreiro. Os Ferreiros. Os Lugares dos Ferreiros

Todos estes lugares, aínda vivos (ou, mellor, agonizantes), están no contorno da Seara, subaldea do barrio de Peniche, que hoxe queda como unha aldea-illa nas Travesas, entre López Mora, rúa Coruña e praza de América. Tan só O Ferreiro se sitúa fóra desa área, concretamente no espazo entre Tomás Paredes e o camiño da Pardaíña, ao sur das Oblatas do Santísimo Redentor.

Non deixa de abraiarlle a un tal presenza de topónimos *fragua* e *ferreiros* nesta parroquia pequena. Na memoria popular de Coia, incluída a única familia nativa que queda na Seara, A Seara foi antes sitio de ferreiros. E foino de feito: esa única familia nativa que fica na Seara leva de alcuño *Os Ferreiros*, e en torno á súa casa matriz conserváronse ata catro topónimos referidos ás fraguas e dous que levan o nome familiar de *Ferreiros*.

Era o conde de Freixeiro que tiña aquí varias ferrarías anteriores ao século XVIII, que deron nome á *Fragua*, que era a máis antiga e a principal, situada xusto detrás do Centro Comercial Camelias; ás *Fraguas*, localizado un pouco ao sur das casas da Seara; á *Fragüíña*, na rúa Coruña, cruce coa rúa Lalín; e á *Fragua do Conde*, a última que se puxo en funcionamento e que callou no topónimo que, dos deste tipo, é hoxe máis coñecido, situado entre López Mora, camiño da Seara e o empalme de Pérez Bellas, xusto por baixo da comisaría de Policía. Os topónimos *Os Ferreiros* (no camiño da Seara Interior) e *Os Lugares dos Ferreiros* (no lado dereito da rúa Coruña, desde a praza da Industria ao camiño da Seara) refírense xa ás familias así alcuñadas por seren descendentes dos traballadores desas fraguas condais (estableceron as súas casas onda elas e de aí naceu, seica din, o lugar

da Seara). Estes dous últimos topónimos son desde logo máis modernos que aqueloutros.

É abraiante ver como a única familia nativa que fica na Seara (que ten máis de 2.000 habitantes hoxe) conservou como alcuño *Os Ferreiros*, que nos retrotrae a unha actividade que existiu aquí polo menos 300 anos atrás.

A Franca

Está no espazo, aínda hoxe con algún cultivo, mediante entre o norte do camiño de Barciela e a parte de atrás das casas de Núñez de Balboa.

Vén de *"A Terra (a Leira ou a Viña) Franca"*, é dicir, aquela que está libre de cargas tributarias, ou o que é o mesmo, unha terra non sometida a señorío. É o mesmo que *Vilafranca do Bierzo*, unha *feira franca* ou, salvando as distancias, a actual *Zona Franca* de Vigo. Moitos séculos antes da creación da Zona Franca viguesa xa había en Coia *A Franca*, de significado parecido.

A Gaiosa

A Gaiosa sitúase nunha fértil zona con vivendas individuais no chamado oficialmente camiño do Rocío.

Este topónimo é bastante recente, non se rexistra, por iso, en ningún documento. Parece claro en principio que estamos ante o apelido dun posesor *Gayoso*: "*A de Gayoso"*, que daría simplemente *A Gayosa* como é tan xeral nesta zona, por feminización acomodaticia do nome de posesor ao mesmo tempo que se elide o nexo preposicional.

Pero xa que o adxectivo *gaioso, -a* "alegre, xentil, gallardo" é aínda palabra viva (non xa en Coia), pode que máis ca a un apelido se refira a un alcuño. Ou pode que incluso se deba a unha aplicación directa á terra de cultivo: no concello de Cangas hai ata cinco topónimos de labradío chamados *A Gallarda* (de significado similar a *gaioso*), o que nos fai pensar que se lle aplicase a unhas terras moi produtivas, boas. Cada unha destas propostas conta cos seus pros e os seus

contras, pero creo que non se pode desbotar ningunha; ou que incluso haxa outras que se me escapen.

O Campo do Galo

Sitúase na rúa Lalín, xusto no lugar onde están os Xulgados, a delegación de Facenda e a cancha de baloncesto.

Seguramente se trate *Galo* dun alcume persoal, común e similar a outros como *Polo*. Pero non é descartable que faga referencia a algunha outra motivación, como a representación dalgún galo (compárese coas tantas *fontes do Galo* que teñen a estatuíña desa ave no curuto).

A Gándara

É un lugar (subaldea), pero moita xente considerábao incluso como barrio (aldea) propio. Está na avenida do Fragoso, xusto no cruzamento co camiño da Espedrigada e a rúa Caleira.
Tralagándara vén máis cara ao norte, tirando a Quintela; ocupa por completo as pequenas rúas Alberto Baltar e Blanco Amor, e boa parte do aparcadoiro que se fixo recentemente no contorno.

Moita xente di *A Gandra*. Estamos ante o galego *gándara*, que é un terreo inculto e improdutivo, con mato ou con pedregal. Esta palabra prerromana, tan produtiva toponimicamente, amóldase ben á condición que tiña este lugar das Travesas antes de ser urbanizado, pois era unha zona que nunca deu froito algún; con todo, a súa extensión era bastante reducida, pois inmediatamente ao sur xa viñan os pastos da *Cantarilla* e as férteis terras da *Muiñeira, O Lameiro* e *As Lagoas*.

Ganoi

O lugar era ben máis grande antes do que hoxe; nos nosos días Ganoi ocupa o espazo entre a primeira travesía da rúa Coruña e a rúa Pintor Laxeiro (que xa está en San Tomé de Freixeiro). A parte que cae detrás do actual Centro Comercial Camelias recibe o nome de Ganoi de Riba.

É un vello antropónimo de posesor medieval e significa *o lugar propiedade dun home chamado Gannón*. O topónimo deriva, entón, de TERRA GANNONI, en xenitivo. Ten un exacto paralelo en *Ganón* (Xil, Meaño, Po) que vén da forma en acusativo TERRA DE GANNONE(M). É de procedencia xermánica.

A Gatabuxa. Os Campos do Gatabuxo

A Gatabuxa son unhas terras comprendidas entre a av. de Castelao, a rúa da Pardaíña e Tomás Paredes.
Os Campos do Gatabuxo sitúanse entre o camiño de Pelaios e a rúa do Porriño, xusto en frente do ambulatorio de Coia.

Gatabuxo é un alcuño familiar moi vivo aínda entre os nativos da vella Coia; varios dos informantes entrevistados na enquisa toponímica desta parroquia levaban precisamente ese alcume. En *A Gatabuxa* temos unha adaptación *ad sensum* como as que se dan en tantos e tantos topónimos de posesor desta freguesía (*A Leira do Gatabuxo > A Gatabuxa*).

A de Gonzalo

Está entre a rúa do Porriño e o final da rúa Caldas de Reis; polo norte non chega á av. de Castelao, pois interponse polo medio A Devesa. No lugar está o instituto Álvaro Cunqueiro.

O topónimo, derivado do nome dun posesor, non aparece en documentos antigos, pero no século XX foi un dos máis importantes de Coia, xa que denominaba un conxunto de moi boas terras de labor; hoxe o sitio é moi coñecido, malia á mudanza total da paisaxe.

A Granxa

Este lugar está no espazo entre a rúa Nigrán, Salceda de Caselas, O Rosal e A Guarda, un pouco ao sur da gasolineira da rúa Baiona, todo por riba do parque da Bouza, no corazón do antigo barrio de Pelaio, se ben antigamente abranguía un ámbito maior.

Grande parte do lugar era unha importante propiedade fidalga, de aí o nome de *Granxa*. Esta posesión ou granxa aparece pormenorizadamente descrita no catastro de Ensenada, época en que pertencía a Don Marcos Antonio Parcero y Lira (fillo dun membro do Santo Oficio da Inquisición, quen, á súa vez, foi alcalde de Vigo entre 1696 e 1699): *"una casa de un alto en el lugar de Pelaio, que incluie ocho bodegas, cinco lagares de piedra, una cavalleriza, un granero, un pajar, una capilla de adbocación al Glorioso San Joseph..."* Como se ve, estaba adicada á produción vinícola, en profunda congruencia coa paisaxe agraria da Coia do XVIII, onde predominaban con diferenza, os viñedos (quer parras, quer viñas rasas).

Posiblemente fose nesta granxa, como se verá, onde naceu o propio topónimo *Pelaios*.

A Gurulla

Está a ambos os lados da rúa da Guarda, xusto en frente da igrexa do Cristo da Vitoria.

O topónimo preséntase escuro. Ademais seguramente sexa bastante moderno, pois non se rexistra en ningún documento. A única forma que se lle asemella é o substantivo *gurullo* que é unha especie de capiña ou capuchiña que se lle puñan antes aos meniños, o cal non fai sentido toponímico ningún, polo menos desde a mentalidade moderna. Incluso dándolle o sentido amplo de *envoltorio* non saímos de dúbidas. Acaso se trate dun alcuño dun dos seus posesores, pero na Coia de hoxe non me consta como tal.

A Lagoa. As Lagoas

En Coia hai ata tres lugares chamados *A Lagoa*: un está metido nas casas de Figueirido, nas terras que median ata á rúa Tui, pero sen acadala; outro está xusto no punto onde converxen a Coia histórica coas parroquias de Alcabre e Santo André de Comesaña, a poñente da circunvalación Oeste, preto do cemiterio de Bouzas. O último lugar chamado *A Lagoa* sitúase na Espedrigada, preto xa da av. de Castrelos, no camiño chamado oficialmente *camiño da Lagoa*.

As Lagoas localízase no espazo sen construír que hai entre a av. Do Fragoso e o camiño da Vicaría (xa preto da av. da Florida).

Obsta dicir que nunha parroquia como Coia, as *lagoas* toponímicas non se refiren ao que xeralmente se entende como tal, senón calquera pociña por minúscula que sexa. Pero como estas faltan en moitos sitios chamados *As Lagoas*, o máis probable que na maior parte dos casos non esteamos nin sequera ante pozas, senón simplemente ante terras húmidas, seguramente terras húmidas constantemente, que é a principal característica dos sitios chamados *A(s) Lago(s)* que coñezo en persoa.

Os Lagumeiros

Este sitio está xusto no cruzamento de Paulino Freire, Tomás Paredes, Camilo Veiga e o inicio de Atlántida, é dicir, circundando Bouzas polo sur ao mesmo tempo que fai límite con esa microparroquia.

A etimoloxía deste topónimo dánola a fala viva dos últimos nativos da vella Coia: nesta parroquia (e mais en Bouzas e en Alcabre) un *lagumeiro* é un olmo. Polo tanto *Os Lagumeiros* fai referencia a esta árbore. É *lagumeiro* unha palabra de orixe última prerromana, emparentada coa raíz que deu *lacus* "lago" en latín: ou sexa, sería unha árbore amante dos sitios húmidos. De feito os poucos olmos que quedaban nos anos de 1960 en Coia ocupaban zonas de barxa; neles adoitaban amarrar as vacas e os burros. Moito despois esta forma tivo interferencia de *lama* e deu formas como *lamagueiro* noutras partes do sur de Galicia e do norte de Portugal, minoritarias e modernas.

Esta vella palabra de Coia non é nada común en galego; parece que só conta con algunha vitalidade en puntos do norte de Portugal, onde *lagumeiro* é a palabra xeral para lle chamaren ao *olmo*. Noutras partes do Fragoso e tamén no Morrazo aos olmos ou *lagumeiros* chámaselles ulmos ou *olmos* xa maioritariamente. Tamén no norte de Portugal se rexistra *lagumeiro* para o olmo, árbore na cal amarraban aínda os burros como na Coia dos anos de 1960.

O Lameiro. Lamelas

O Lameiro emprázase na continuación da rúa Blanco Amor, mediando entre as av. da Florida e do Fragoso, ocupado en gran parte por un novo aparcadoiro en superficie.

Lamelas está no límite coa cuña meridional da parroquia de Alcabre, a poñente da circunvalación Oeste ata case a rotonda; o lugar é amplo e antigo, e ten terras non só en Coia e o sur de Alcabre, senón que Lamelas chega incluso ata Navia (téñase en conta que o mal chamado PAU de Navia está nun 80% fóra da parroquia de Navia).

O Lameiro pode entenderse como un sitio cheo de *lama*, que é o significado que precisamente hoxe ten esa palabra en Coia, pero tamén pode referirse a un prado de regadío, que é un significado moi común de *lameiro*, usado en moitas partes de Galicia e que ben se puido empregar en Coia noutras épocas.

Lamelas é un topónimo moi antigo, como indica a súa terminación e o feito de que xa se documenta en 1529 como *Marco de Lamelas*. É un diminutivo de *lama* que se lexicalizou nalgúns lugares co significado de *pequeno prado de regadío* ou *lugar onde se acumula a lama*.

Lavadouro

Foi un dos principais lugares de Coia: era un corónimo ou nome de zona (ampla), non un barrio como trae hoxe o nomenclátor da Xunta. Hoxendía ocupa o recuncho meridional da praza da Miñoca, a metade cara ao sur da rúa José Gil, o empalme de Martín Echegaray coa av. da Florida e esa mesma avenida a ambos os lados entre Felipe Prosperi e Eugenio Kraft. Outros topónimos no mesmo lugar son **A Barxa de Lavadouro** e **Os Pastos de Lavadouro**, subdivididos nos **Pastos Baixos de Lavadouro** e **Os Pastos Altos de Lavadouro**

Como me dixo unha vella de Coia, *"Lavadouro éralle muito Lavadouro"*: os principais pastos de regadío de Coia estaban aquí, tamén máis de cinco minas de auga que nutrían leiras e casas moitos metros á redonda, pero, sobre todo, era coñecido Lavadouro polos seus catro lavadoiros naturais nas augas mansas e sesgas do regueiro que baixaba do Chamorro (na actual rotonda do Alcampo) ao Curral e o Xuncal (os dous na praza da Miñoca) e desembocaba en Balaído bordeando a Beria, onde facía unha xunqueiriña. Cando se abriu a avenida da Florida, que cortou o lugar, os nativos pasaron a denominar o lugar como *Lavadouro de Riba* (desa avenida cara ao norte) e *Lavadouro de Baixo* (cara ao sur).

Ata ao ano 2000 ou 2002 conservouse Lavadouro como nome oficial de rúa, pero despois desapareceu bruscamente debido ás masivas urbanizacións que se fixeron nesa época no contorno da praza da Miñoca abranguido polo topónimo Lavadouro; hoxe a antiga rúa Lavadouro chámase oficialmente rúa Irmáns Sarabia, polo que Lavadouro só consta con oficialidade no nomenclátor da Xunta, que o dá como "aldea" da ficticia (e en todo o caso moderna) parroquia de Santo Antonio da Florida.

O grande erro que para min foi substituír a rúa Lavadouro por Irmáns Sarabia supuxo a condena á morte deste antigo e popularísimo topónimo de Coia, usado só polos nativos desta desestruturada parroquia, desmantelada *per decretum*.

Repárese, por último, na forma *Lavadouro*, radicalmente fragosiña, diverxente do galego xeral *lavadoiro*. En terras de Vigo dise *lavadouro* "lavadoiro", *petouro* "peteiro das aves", *vasoura* "vasoira feita de xestas ou rusco", *postouro* "lugar onde se poñen as chaves", *corredoura* "corredoira" etc., etc., etc. Igual que nunha pequena zona do sur de Galicia como o Val Miñor, o Morrazo, a Louriña, o Baixo Miño (cos vales de Tebra, Tamuxe, Forcadela e O Rosal, e as terras ribeiregas de Oia e mais da Guarda), tamén na terra de Entenza e maila de Sobroso e gran parte do Condado ata polo menos o val de Tiela, onde anotei *vasoura*, xa non na Paradanta nin en Mañó de Redondela nin no val de Borbén –polo menos na súa parte alta–, onde xa se escoita *lavadoiro, vasoira*, etc. (tamén a terminación *-ouro* é a máis común en Portugal).

A Leira Longa. As Leiras

A *Leira Longa* é o territorio situado pola parte máis baixa da rúa Tui, entre a avenida da Florida e a rúa Mariña Mansa.

As Leiras é unha coñecida zona do lugar da Cordoeira, situado no ángulo desa rúa con Núñez de Balboa.

O significado máis común do celtismo *leira* é o dunha terra de labor calquera, pero hoxe esta comunísima palabra galega non ten vida en Coia, onde foi substituída por *campo* (como no resto do Fragoso; tamén foi substituída no Morrazo, pero non por *campo* senón por *veiga*). Han ser os dous, polo tanto, topónimos relativamente antigos (de feito *As Leiras* aparecían xa en Ensenada).

O Lourido

Está xusto ocupando toda a barriada de casas baratas que media entre o camiño da Cordoeira e a rúa oficialmente chamada Castro Castriño.

En Galicia calquera topónimo Lourido é susceptible de ser adscrito a tres étimos con significados totalmente diferentes: 1) "sitio poboado de loureiros", na maior parte dos casos; 2) "un lugar pedroso, un pedrido", prerromano, emparentado etimoloxicamente coas míticas canteiras gregas do Laurión; ou 3) "lugar por onde flúen moitas augas", emparentado con hidrónimos prelatinos como o río Lor (medieval *Laure*), da produtiva forma indoeuropea LAH^{W}-R- (máis ben LEH^{W}-R-).

Primeiro debemos reparar en que O Lourido de Coia non se rexistra en ningún documento antigo nin recente. Isto faime crer que nin sequera o debamos adscribir a algunha das tres posibilidades expostas, senón se cadra achegalo ao apelido dun posesor recente. Dada a difusión do apelido Lourido nestas terras, creo que, sempre vista a nula presenza documental, o noso Lourido ha facer referencia a unhas terras propiedade dun posesor apelidado Lourido. Paréceme o máis prudente. Pero téñase en conta que en última instancia sempre cabe algunha das tres propostas indicadas arriba, sobre todo a primeira (pero repárese que este topónimo ten artigo); pero aínda así, unha formación toponímica tan antiga como LAURETUM "loureiral, sitio cheo de loureiros" habería deixar rastros nos prolixos documentos da Coia dos séculos XVI ao XVIII como deixaron tantos outros. Pero, alén diso, dúas cousas son certas: nin o lugar é un monte nin pedreira ou outeiro, nin por el baixa regueiro ningún (e aínda que baixase este sería tan mínimo que é case imposible crer que conservase intacta unha denominación prerromana ata aos nosos días).

Con toda a prudencia do mundo, O Lourido ha ser, repito, unha formación toponímica recentísima emanada do apelido dun posesor.

A de Lucas

Está na av. de Castelao, entre a rúa Mondariz e o centro de saúde, en fronte mesmo do colexio Seis do Nadal.

A de Lucas era ata hai moi pouco un dos máis importantes polígonos de cultivo de toda Coia. Sábese que en 1786 os ricos herdeiros Don José e Don Francisco fan un empréstito de usuario a un tal Lucas Rial dunha terra de tres ferrados de millo americano no lugar hoxe chamado *A de Lucas*. Este dato, dados os antecedentes doutros topónimos similares, fainos crer que o nome destas terras se refire con case total certeza a este tal Lucas.

Lugar de Neira. Lugar de Penas

Lugar de Neira ocupa o lugar atravesado polo chamado *camiño de Neira*, que parte do camiño da Raposa. *Lugar de Penas* está inmediatamente ao norte, ata o camiño de Soutelán.

Os dous son hoxe topónimos moi coñecidos, tanto que o primeiro funciona case como unha subaldea. Con todo, son bastante modernos e non se consignan en ningún documento. Ambos os dous dinse sen artigo e o substantivo *Lugar* forma parte integrante e inseparable dos topónimos: *Vivía en Lughar de Neira. Baisas por Lughar de Penas abaiso e sa dás con aquel campo qui chi disen eu.*

Está claro que *Lugar de Neira* nos remite á propiedade dun antigo posesor apelidado *Neira*; e o mesmo debemos supoñer para o inmediato *Lugar de Penas*, malia á rareza dese apelido (a non ser que sexa un alcuño ou que se trate da deformación do xeral apelido *Pena*, ben común entre nós).

Repárese que hai outro microtopónimo na veciña parroquia de Lavadores chamado *A de Neira*.

A Maleta

Ocupa o espazo entre o sur do camiño de Pelaios e a rúa Tui, un pouco ao norte do cemiterio de Bouzas. Hoxe hai aínda na Maleta varias hortas cultivadas.

Este topónimo, recente en todo o caso, é dificilmente xustificable se se atende a el pensando na *maleta* 'valixa'. Tampouco é crible que sexa unha deformación de *A Malata* 'leprosería' caída baixo o influxo

de *maleta* 'valixa' nin de *maleta* co significado etimolóxico de *cofre*, ou sexa, unha arca ou resto arqueolóxico megalítico, dolmen, arca, anta (sobre todo arca). Considero que sería máis coherente segmentalo como un diminutivo recente, pero ¿de que?, de mala?, de malo? Ou, aínda caendo no exceso do recurso aos alcumes, un nome de posesor como o que agochan tantos microtopónimos de Coia; pero como tal só me é coñecido *Malita*, diminutivo de *Amalia*... Pero as deformacións populares sufridas por topónimos recentes procedentes de alcuños de posesor –moitos deles xa desusados como tales e con formas de aparencia estrañísima xa de por si– é ás veces pasmosa e impredecible, e aínda máis se sobre eles actúa un substantivo vivo tan común como *maleta*.

Volvendo ao diminutivo, existe en portugués *um toureiro maleta*, ou sexa, un toureiro de pouco mérito. É un claro diminutivo de *malo*. Atendendo a esta bizarrada, unha hipotética terra *maleta* sería, de xeito despectivo, aquela que é ruín, que dá pouco ou mal froito; pero todo isto é xustificar o étimo nun apoio tan débil que máis valería non dicir nada, nin sequera que *Maleta* fose un alcuño derivado de *malo* no sentido moral. Tanto a construción como o diminutivo son moi estraños entre nós, e creo que inasumibles aquí.

O único que me cabe dicir é que ignoro o que agochará esta misteriosa *Maleta* de Coia, pero polo menos temos xa claro o que non pode ser, o cal non é pouco.

Engadamos a isto que en Cangas hai un monte chamado *O Maleto*, en Laxielas (Coiro), o cal fai que a *Maleta* de Coia non estea illada.

As Mallas. As Mallas de Baixo

O popular lugar das Mallas emprázase na valgada pola que discorre a parte baixa de Tomás Paredes, todo ata a rúa Pardaíña, moi preto da avenida Atlántida.

Unha *malla* ou *enmallado* é na fala mariñeira do Morrazo unha vala feita de vimbias entretecidas ou con redes coa que se pecha unha leira para que non entren os animais a fozar no sementado. Probablemente *As Mallas* de Coia, que é un topónimo bastante moderno, se refiran a un destes sistemas de peche.

Pero puidese ter tamén relación cun lugar destinado a mallar os cereais que requiren dese acto: o nome da actividade (a *malla*) daría nome ao lugar onde esta se fai. Pero todo isto non deixa de resultar raro, sobre todo atendendo a que o lugar onde se malla adoita denominarse con deverbais de acción como *malladoura*, que é, por exemplo, como se lles chamaba en Coia ás eiras de mallar.

A Mariquina

Está do triángulo que forman as rúas Marín e baixada á Fonte de Barros cara ao norte, ata abranguer as chamadas *rúa de Abaixo e rúa do Medio.*

É un topónimo moi coñecido incluso hoxe en día. Sufriu unha recente mudanza na terminación seguramente por castelanización; de feito, en todos os documentos anteriores ao século XIX aparece sempre como Mariquiña, así en Ensenada (1752), onde lemos *La Mariquiña, plantío de sauzes... La Mariquiña, cañaveral...* e máis dunha ducia de mencións máis, sempre con -ñ-. Este curioso cambio de terminación obsérvase tamén na Caína de Cangas, que aparecía antigamente sempre como La Caíña.

Debe referirse ao nome diminutivo dunha antiga posesora destas terras: *A de Mariquiña* (de *Marica,* diminutivo popular de *María*).

Mateudías

Está Mateudías entre a travesía da Cordoeira e o camiño da Raposa, acadándoas á dereita e á esquerda respectivamente.

O topónimo é hoxe dos máis coñecidos entre a xente da vella Coia. Trátase do nome dun posesor, ou sexa, dun tal *Mateo Díaz*, nas cuxas terras deixou a pegada do seu nome. Obsérvese que en Coia os *Mateos* son *Mateus* (como os *fideos* son *fideus* e os *museos* son *museus*; o mesmo acontece no resto do Fragoso e mais no Morrazo, xemelgo do Fragoso en case todo, por moito que haxa quen negue a proteica condición turónica desta península).

O Meixoeiro

Este lugar sitúase nos Esturáns, xusto onde está o colexio Escultor Acuña.

Está pertiño da Fonte de Coia e á beira do antigo regueiro que baixa ata ela. Téñense emparentado os topónimos *O Meixoeiro* cos topónimos *Ameixoada*: unha *ameixoada* é un sitio ou curral onde se xuntaba o gando e vén do verbo anticuado *ameixoar* 'xuntar, reunir, especialmente o gando'. Así, *O Meixoeiro* non sería outra cousa que un curral onde se xuntaba o gando. Pero esa opinión paréceme difícil de asumir e no fondo unha análise superficial da súa morfoloxía que fagamos xa causa que pairen sobre ese étimo as sombras da desconfianza: no fondo aparecen varias graves obxeccións, entre elas a constante ausencia de *A-* inicial en todos os topónimos *Meixoeiro*.

Todos os *Meixoeiros* que coñezo en persoa (o de Lavadores –que está bastante por baixo do hospital, todo sexa dito–, o de Moaña e o de Coia) están á beira de regueiros mansos en zonas baixas. Se fosen un curral para ameixoar o gando, os *Meixoeiros* estarían probablemente en zonas altas, en serras se cabe.

No Meixoeiro de Moaña, por exemplo, aínda había *anguías* na década de 1960. Estes peixiños fusiformes eran moi abundantes ata nos máis mínimos regos do Morrazo (e supoño que nos do Fragoso tamén sería así). Varias cousas son claras: que ás anguías, ou máis concretamente ás súas crías, se lles chama *meixóns* en gran parte do sudoeste de Galicia; que no Meixoeiro de Moaña abundaban os *meixóns*; e que o Meixoeiro de Coia está á beira do que foi un regueiro ata hai pouco, como o Meixoeiro de Moaña e o de Lavadores. ¿Por que non habería ser, logo, ese Meixoeiro –e mais os demais– un lugar onde abundan os *meixóns* 'anguías'? Polo menos así non hai ningunha obxección fonética, morfolóxica nin semántica.

A Mina, A Mina de Ganoi, O Campo da Mina, As Minas de Lavadouro...

A Mina está xusto nos edificios occidentais da praza da Miñoca; é o topónimo máis antigo e coñecido. Logo hai ata case unha decea de topónimos *Mina*, con ou sen modificador, os cales moitos son recentes e a maioría non cristalizaron como topónimos.

Todos estes topónimos, moi recentes, refírense exclusivamente a minas de auga. A maioría deles apenas tiveron tempo de cristalizar como topónimos cando sobreviu a urbanización do Polígono.

A Mixía

Coñecido lugar situado entre a rúa Redondela e a rúa Mondariz.

Non parece que sexa unha deformación do común topónimo *A Vixía*; foneticamente sería inaudito e xeograficamente sería imposible.

É denominación recente e refírese con seguridade a un posesor apelidado *Mejía*. Isto corrobóranolo o feito de que en 1752 tiña xusto lindando coa actual Mixía unhas terras o fidalgo vigués Don José Ramón Mejía, como vemos ben claro no catastro de Ensenada. Trátase, xa que logo, dunha adaptación *ad sensum* dun antigo *As terras de Mexía (=Mejía)*, apelido do antedito posesor. É moi común adaptar á fonética galega apelidos casteláns ou castelanizados: así, á parte da Mixía fragosiña, teño rexistrados no Morrazo *A de Montexano* (do apelido Montejano, ou sexa *Montijano*, de *Montijo*) e *A de Freixomil* (do apelido Freijomil), os dous en Cangas, un en Coiro e outro en Darbo.

O Mombón

Está todo por detrás da av. de Balaídos, entre o camiño da Espedrigada e a av. de Castrelos (pero sen acadala). Neste lugar estaba a antiga ermida de San Roque.

Aparentemente parece un natural composto *Monte Bo*, pero nin o lugar é un monte nin o topónimo conta con rexistros documentais que nos permitan afirmar tal etimoloxía. E aínda temos que contar co feito de que a xente da Espedrigada canto máis vella é, máis pronuncia *O Bombón*, non sei se conservando a forma etimolóxica ou achegándose ao común *bombón* "chocolate", ou se por simple dilación consonántica. En todo o caso, o topónimo non parece antigo, por moito que

houbese no lugar unha ermida que puidese facer nacer un dos tantos topónimos como os que nos contornos de capelas e mosteiros deron nacenza a eutopónimos como Valboa, Valdedeus, Belmonte, Belloch, etc. (a propia ermida de San Roque era, de feito, modernísima na época da súa destrución).

Malia a todo o anterior, non parece que haxa etimoloxía máis clara que *"o monte bo"*, por moito que me resulte tan difícil de asumir (e de feito non o farei).

Pero, de ser etimolóxica a forma *O Bombón*, poderíase ver unha clara semellanza co hidrónimo cangués *O Boubou* (Coiro), sabida como é a alternancia *ou* / *on* (Arou / Arón, Curuxou / Curuxón, Lavañou / Lavañón, Bondañido / Boudañido, Boudiñeiro / Bundiñeiro, etc.); pero isto é suporlle unha antigüidade que dubido moito que teña. E volvemos a onde estabamos.

Acaso non sexa máis que o alcuño dun posesor destas terras, en todo o caso non rexistrado na grande listaxe de alcumes desta parroquia que anotei á par que os seus topónimos. Outro nome de lugar máis que fica no fusco.

As Mouchas

Son as terras situadas a ambos os lados de Tomás Paredes á altura das Oblatas do Santísimo Redentor, un pouco ao norte.

Mouchas son en Coia "pedras ás que se lle cercenou o curuto"; algo que está moucho é tamén en Coia calquera cousa á que se lle cortase un apéndice. Este topónimo non creo que se refira, con todo, a nada disto: hase ter ben en conta que en Coia tamén se lle chama moucho, moucha, a xente media parviña, tímida e encollida, como un moucho (ave nocturna).

Non aparecen As Mouchas en documento algún nin a súa orografía chá e nada pedrosa fai pensar en "moucho = cercenado". É evidente, xa que logo, que estamos ante un antigo "A (das) Mouchas", é dicir, as terras propiedade (ou, mellor, onde vivían) unhas mulleres ás que chamaban As Mouchas "as medio parvas ou retraídas", un alcume, por certo, ben vivo na Ría, por exemplo na vila de Cangas.

A Mouricia

É aínda un dos topónimos máis coñecidos polos nativos da Coia vella. Está entre a rúa Tui e o comezo (polo norte) do camiño de Figueirido.

Eran hortas das mellores de Coia, e tamén algún pradiño esparexido, con carballos moitos polo medio. Regábase coa canle da Cal, cuxo empece quedaba moi preto.

Non se pode saber se se trata dun antropónimo de posesor (*as terras dunha muller chamada Mauricia ou, mellor, dun home chamado Mauricio*) ou se, pola contra, estamos ante un antigo (*Terra) Mouriza*, ou sexa, terra de cor moura, terra escura, terra negra, oposta á *terra rubia* ou *barrenta* e á *terra branca* ou *areenta*.

A Muiñeira

Está na av. do Fragoso, man esquerda, un pouco ao sur do cruzamento co camiño da Espedrigada.

Non aparece en documento algún e, ademais, dada a súa forma, debe referirse con case total certeza ao alcuño dunha posesora: *A(s) Terra(s) da Muiñeira*, é dicir, as terras dunha muller á que se lle chamaba *A Muiñeira*, a que tiña un muíño ou efectuaba labores nun deles (ou, mellor, a descendente dunha familia de muiñeiros, aínda que ela non o fose nunca e só levase ese alcume familiar, pero isto no fondo é o de menos).

A Noca

Localízase no fondo da rúa Pontecesures; ocupa a parte de atrás do centro de FP, do instituto Alexandre Bóveda do ambulatorio de Coia.

Dise con *-o-* aberto. Seguramente se trate do galego *noca*, variante do máis xeral *noque*, co significado de poza ou pequeno pociño para recoller a auga que bota a terra por exceso de humidade ou para outros usos (como o encoirado das peles, etc.) Repárese que está no

corazón do barrio de Pelaios, o cal pode ser unha boa proba para emparentar o nome dese barrio con *pelamio* 'curtiduría de peles' (pero véxanse as reticencias ao respecto no artigo correspondente).

A Costa da Paca

É a parte baixa da rúa Tomás Paredes, denantes de que empalme con Camilo Veiga na rotonda de Bouzas; sobe ata ao Pino Manso e é aínda un topónimo moi coñecido.

Hase sen dúbida referir ao nome dunha muller que viviu no lugar. Con todo, hai que ter coidado, pois en Coia, como xa se dixo, non é nada habitual o uso do artigo con nomes persoais ou os seus diminutivos. Seguramente, polo tanto, *Paca* non sexa un hipocorístico de *Francisca sensu strictu* e si, xa, un alcuño propiamente dito: só así se xustifica en Coia a presenza do artigo (ha ser, xa que logo, a forma feminina dun hipotético alcume familiar *Os Pacos*).

Padín

Son as terras que median entre o camiño da Espedrigada e o camiño da Serra.

Este coñecido topónimo da zona das Travesas conta con bastante antigüidade. Deriva de (TERRAM) PALATINI, é decir, "o lugar que era propiedade dun home chamado Palatinus", nome de posesor medieval. De PALATINI, ao perderse o -l- intervocálico e sonorizarse o -t-, temos hoxe o noso Padín.

O Panasco

Está no espazo comprendido entre a rúa Vilagarcía e a av. de Castelao, entre o Alcampo e a igrexa da Nosa Señora do Rocío. Aínda é un dos topónimos máis coñecidos polos nativos.

Un *panasco* é unha palabra galega que significa 'o prado, o pasteiro', e en principio o noso *Panasco* de Coia non sería outra cousa que

esa. Pero dáse o caso de que na documentación antiga aparece constantemente como *Penasco*, o cal nos fai ver que non se refira acaso a un prado senón se cadra a unha pena, a un penedo. Xa en 1529 o vemos como *Penasco*, e así tamén en Ensenada (1752). Quizais se deba, entón, a unha confusión con *panasco* 'prado', pero seguramente non sexa outra cousa que unha común asimilación vocálica recente sen influencias analóxicas.

Debemos estar, polo tanto, ante un antigo *penedo*, non diante dun *prado* como puidese parecer á primeira vista.

O Paniceiro e A Parceira, que a miúdo se confunden no neotopónimo A Pariceira

O Paniceiro está no empalme da rúa Nigrán coa rúa Tui, e de aí un pouco cara ao sur ata case Rodríguez Elías, sen chegar a esa rúa porque se interpón a Leira Longa polo medio. *A Parceira* está á beira, pero do empalme mencionado cara ao norte, rúa Tui arriba bordeando o campo de fútbol municipal de Coia ata ao cruzamento coa rúa Baiona. O topónimo *A Pariseira* abrangue os dous mencionados lugares no seu conxunto e é unha forma recente pero hoxe moi vital (tanto que case acabou cos dous topónimos mencionados). A rúa Tui é coñecida hoxe maioritariamente polos nativos como *O Camiño da Pariceira.*

Que entre os dous topónimos inmediatos *O Paniceiro* e *A Parceira* houbo unha confusión é evidente: produciuse unha "mestura" ou contaminación entre os dous, dada a súa contigüidade topográfica e a súa similitude fónica (paronimia); de aí naceu *A Pariceira*, que non é máis que *A Parceira* contaminada por *O Paniceiro*, ou viceversa.

1) *A Parceira* é topónimo relativamente recente, posterior ao século XVII e outra das tantas feminizacións acomodaticias dun antropónimo de posesor, neste caso dun apelido: de feito é probabilísimo que derive de *A de Parcero*, como parece demostrar o feito de que xusto neste lugar tiña terras en 1696 o fidalgo Don Marcos Parcero y Lira, que era o fillo dun membro do Santo Oficio de igual nome ca el, o cal á súa vez foi alcalde de Vigo entre 1696 e 1699.

2) *O Paniceiro* parece un castelanismo por *Painceiro* "lugar botado de paínzo, unha especie de millo miúdo, *panizo* en español". Pero

non tería sentido ningún un castelanismo nunha denominación tan proteica como un campo semeado do enxebre paínzo.

Considero que debo, entón, xustificar esta forma no proceso de reaxustes fonéticos (ás veces moi complexos e diverxentes) que se produciron tras as perdas preliterarias dos '-n-' intervocálicos. Así de PANICIARIUM 'campo de millo miúdo' pasouse en toda Galicia na Idade Media a *Painceiro*, que deu *Paiceiro* ou *Painceiro* no galego xeral actual. Pero aquí vemos que o que temos é que se restituíu a nasalidade nun lugar non común: entre as vogais outra vez. Este feito, raro en extremo, obsérvase tamén nun dos nomes da illa de Onza: *Oneza* (forma xeral e antiga en toda a ría de Aldán), que vén con toda probabilidade de *AUNITIAM (da mesma raíz hidronímica que a inmediata illa de Ons): dese *AUNITIAM temos o medieval *Õẽça*, que deu *Onza,* con non moita normalidade fonética, pero tamén *Oneza*, coa mesmiña restitución que parece observarse no *Paniceiro* de Coia. No fondo, e con todo, parece bastante claro que nesta restitución anómala axudaría a influencia do substantivo "pan", feito moitas veces de paínzo. Se en *Oneza* esa restitución non está moi xustificada (salvo que sexa por analoxía co inmediato topónimo *Ons*), o case inevitable influxo de "*pan*" sobre *Pãĩceiro* fai que o actual *Paniceiro* deixe de ser unha bizarrada fonética e se converta nun normal froito da analoxía.

A Pantoxa

Está entre Manuel Castro e Eugenio Kraft, na súa parte alta, xusto onde está o parque que hai na travesía de E. Kraft. No lugar está a sede da asociación de veciños Praza da Miñoca.

Estamos sen dúbida algunha ante o apelido dun posesor destas terras. Vén xa que logo de *a leira propiedade dun home apelidado Pantoja > A de Pantoxa > A Pantoxa*, coa común adaptación que se produce en topónimos coma este. Non creo que esta explicación (económica e ben probada en moitos outros topónimos de Coia similares) fique invalidada polo feito de ser Pantoja un apelido pouco estendido nestas terras: basta que un terratenente foráneo con ese apelido tivese unhas terras nese lugar para que os paisanos lles deran o seu nome. É algo moi común.

O apelido *Pantoja* é de orixe toledana, onde hai unha poboación así chamada. Esa vila recibe o nome, á súa vez, do apelido dun dos seus primeiros posesores. Ese apelido *Pantoja* é probable que teña orixe italiana, xa que en Italia hai varias vilas e aldeas chamadas **Pantogia**, en contraste coa total ausencia na península Ibérica.

Ademais, *la pantoja* é unha xerga gremial dos canteiros de Trasmiera, Cantabria, pero o noso topónimo non ten nada que ver con iso.

Paradela

Está metido nas casas de Figueirido, ao sur, cara á rúa Mariña Mansa. En Paradela vive aínda algún nativo que traballa as terras.

É un diminutivo moi antigo de *parada.* Esta forma *parada* conta cunha semántica moi complexa que non permite chegar a ningunha conclusión segura. Hai topónimos *Parada,* como as de Cangas e Moaña, que son claramente grandes relanzos ou chairas despois de prolongadas costas do terreo: aí unha *parada* sería simplemente unha *pausa* do terreo tras as costas. Pero na *Paradela* de Coia non creo que esteamos ante na diso, pois a orografía, aínda hoxe bastante pouco desvirtuada, é case chá e non se aprecia ningún achanzamento do terreo despois de ningunha costa. Polo tanto quizais haxa que botar man do sentido etimolóxico de *parar*, ou sexa, 'preparar, dispoñer': sería algo así como *a disposta, a preparada* e quizais teña un sentido similar aos topónimos *A Bastida* que hai en moitas partes de Galicia. Creo que se debe seguir esta pista, pero o sentido último concreto, dentro sempre desa semántica etimolóxica, é difícil de enxergar.

A Pardaíña. A Pardaíña de Pelaio

A Pardaíña é o *barrio* (aldea) máis occidental de Coia, pero tras os recentes cambios eclesiásticos, a maior parte pertence á parroquia de Bouzas hoxe en día. Esténdese ao longo da rúa homónima e dividíase do *barrio* do Resío polo regueiro das Barxas, hoxe soterrado baixo Tomás Paredes.

A Pardaíña de Pelaio é a parte máis ao sur dese *barrio,* xa sobrepasada a avenida de Castelao, no actual camiño de Pelaios. Recibe ese nome porque esas casas pertencían xa ao *barrio* de Pelaio.

Considero que *A Pardaíña* é o mesmo que outros topónimos chamados *Pardiña*, que veñen do latín PARIETINA e teñen o significado de *devesa* ou *terreo acoutado* e antigamente *casa en ruínas, paredes,* simplificando moito. Pero creo que é un erro derivala desa PARIETINA latina, como se ten feito, pois desa forma nunca podería vir *Pardaíña:* o hiato da nosa Pardaíña non é cousa normal e quizais haxa, polo tanto, nunha metátese da mencionada PARIETINA xa no latín vulgar da Gallaecia: só así poderiamos chegar a *Pardaíña*, dunha forma *pareteína* perfectamente xustificable foneticamente.

Sexa como for, estamos ante unha antiga devesa pechada sobre si, acoutada. De feito abundaban moitísimo os carballos na Pardaíña ata hai pouco. Precisamente os reis de España tiñan unha grande devesa real no lugar da Pardaíña de Coia, de varios ferrados de terra con carballos para nutrir de madeira a frota do monarca, tal como vemos no catastro de Ensenada (1752). É probable que o topónimo se deba a esa carballeira que co paso dos anos se convertería en devesa do rei.

O Patán

Está no espazo baleiro que hai entre a rúa Cordoeira e a parte baixa de Núñez de Balboa, na zona de Mateudías. É dos poucos lugares de Coia que fican sen construír.

É un evidente alcuño de posesor ("as terras dun home alcumado O Patán", é dicir, "o tosco, o toutou"). Pero aparece xa no século XVIII, o cal fai que a anterior etimoloxía me inspire gran desconfianza. Pero aínda así, creo que hai que aterrar no dito alcume e non levantar moito os pés do chan cara a outras orixes indemostrables e indeterminadas. Non o creo, por tanto, deformación de Petán (parroquia da Caniza), xa de por si topónimo bastante raro e desde logo sen paralelos.

A Pataqueira

Sitúase no empalme da rúa Marín coa av. de Castelao, e de aí ata a rúa Cangas, abranguéndoa en parte. Como punto central ten a sede da asociación de veciños Camiño Vello.

Como o seu nome indica, estamos ante un topónimo moderno: non se rexistra en ningún documento malia a que na hora da construción do Polígono de Coia era un dos máis importantes labradíos da parroquia e que hoxe é aínda un dos lugares máis coñecidos polos nativos.

Trátase dun campo (ou campos) adicado ao cultivo da pataca e polo tanto o topónimo ha ser á forza posterior ao século XVIII.

A de Paxareira

Está detrás do colexio Emilia Pardo Bazán, entre o camiño do Chouso e a súa Terceira travesía.

Os de Paxareira ou simplemente *Os Paxareira* é aínda hoxe un alcume vivo entre os nativos da vella Coia: no ano 2005 eran polo menos cinco as familias desta parroquia que levaban o alcume *de Paxareira* ou *Paxareira*. A súa primitiva casa matriz estaba no Chouso, precisamente onde hoxe se conserva aínda moi vivo este topónimo *A de Paxareira*.

A Pedra da Chepa

Está este lugar na parte alta de Núñez de Balboa, a ambos os lados e lindando xa coa praza da Consolación un pouco.

Como tantos outros topónimos similares, a *Pedra da Chepa* de Coia refírese a unha pedra ou cón con forma avultada, semellante a unha chepa ou xoroba.

Esta mítica pedra (non moi grande, por certo) que deu nome a todo o lugar que a circunda, contiña ata hai 30 anos un famoso petroglifo gravado.

A Pedra Rubia

Localízase na ladeira que baixa do Castriño á parte inferior de Núñez de Balboa; os fortes desniveis sálvanse con máis dun cento de escaleiras e o lugar está cheo de casiñas de mariñeiros onde aínda viven bastantes nativos.

Habitualmente, en Galicia os topónimos *Pedra Rubia* fan referencia a pedras cubertas de liques que lles dan unha color rubia tirando máis ou menos a amarelo e a encarnado.

En Aldán (Cangas) hai unha punta chamada *A Pedra Rubia*, cunha enorme e visible laxe que aínda hoxe se pode ver dunha abigarrada cor rubia, con vistosos matices cromáticos que mudan segundo a luz que lle der. Debemos supór a mesma motivación para a Pedra Rubia de Coia, topónimo que, por outra parte, xa vén de antigo: aparece en 1529.

A Pegade, Os Pastos da Pegade

Está onda a rotonda do Alcampo, pero ocupa só a súa metade sur, e de aí esténdese cara á parte alta da rúa Tui e Martín Echegaray. Ten como punto central o colexio Eijo Garay. *Os Pastos da Pegade* son o lugar que vén inmediatamente por baixo, na rúa Martín Echegaray, chegando un pouco á rúa Luís Casado, sen a abranguer por completo.

É fundamental notar que o primeiro *-e-* de Pegade dío aberto todo o mundo que nacese na Coia vella.

Parece que a forma tal cal nos chegou viva aos nosos días se trata da confusión recente do común apelativo *pegada* e un antigo topónimo de orixe ben distinta. A esta confusión creo que lle debemos a presenza actual do artigo e mais a apertura da pretónica. Isto fáinolo ver o feito de que este topónimo está copiosamente documentado e sempre sen o menor rastro de artigo: como *Pegade* a secas o cen por cen das veces. Este ha ser o topónimo primixenio, sen artigo e seguramente con -e- pechado. Pegade non é cousa illada, xa que o temos tamén en Salvaterra e norte de Portugal; e ha de se tratar con bastante seguridade dun antropónimo medieval de posesor.

A súa primeira aparición documental é de 1752, cando lemos *"Pegade, a viña ...contiene en sus márgenes zinco robles de terreza"*).

Entón, o antigo *Pegade* caeu baixo o influxo de *pegada* e tomou o artigo que hoxe ten porque xa non se interpretou como palabra opaca; e ademais abriuse a pretónica, tal como no común *pegada*, que a ten aberta etimoloxicamente: todo isto constitúe un delicado e sutil xogo de analoxías.

En *A Pègade* temos logo o froito dunha confusión que pasaría totalmente inadvertida senón for por eses pequenos detalles.

Se este topónimo non estivese tan ben documentado xamais repararíamos nesta confusión e dariámolo simplemente como **A Pegada* (como tantos topónimos que así hai), co *-a* final relaxado en *-e*, como é tan normal na toponimia de Galicia; pero éche que temos a nosa *Pegade* de Coia moi ben documentada como *Pegade* a secas e que hai outros sitios chamados tamén *Pegade* no seu contorno...

O pobo de Coia quixo ver en *Pegade* unha *pegada* e transformouno en *A Pegade* con *-e-* aberto; só así se xustifican esas mudanzas (e xa bastante foi que se conservase inalterado o *-e* final...)

Pelaio, forma nativa, ou Pelaios, forma forasteira hoxe case común

Pelaio foi unha das aldeas (*barrios*) máis importantes de Coia, pero resultou ser o máis afectado pola construción do polígono: non fica nada desa antiga aldea, destruída e ocupada polas actuais rúas Baiona, con todas as súas transversais, e rúa Nigrán, con todas as súas transversais tamén; todo circundado ao oeste pola rúa Porriño, que cortou Pelaio de norte a sur. Deste xeito só queda de Pelaio unha minúscula tira ao norte do cemiterio de Bouzas, entre o camiño de Pelaios e esa rúa Porriño, onde sobreviven milagrosamente algunha casa antiga e uns poucos campos de labor: é o único que queda desa aldea desestruturada. Repárese en que o nome conservado no actual camiño de Pelaios pode levar ao engano, pois este sitio é unha zona moi periférica de Pelaio: o seu "centro" estaba máis ou menos na actual rúa A Guarda, preto da igrexa da Nosa Señora do Rocío.

A única forma que oín que empregasen os nativos é *Pelaio* (tal como en toda a documentación antiga), non *Pelaios* como hoxe reza a placa, que é unha pluralización idéntica á que se deu en *Balaídos* fronte ao nativo *Balaído* (véxase).

O topónimo é por natureza complexo: poderíase entender que esperásemos unha forma *Paio* e non *Pelaio*, pero isto é de por si suficiente para desbotarmos que o antigo *Pelaio* (documentado xa así en 1529) teña algo que ver co nome persoal *Paio* (que vén de *Pelagius*): creo que non sería posible tal castelanismo en data tan recuada. Poderíaselle apor a todo isto que esteamos ante un arcaísmo, pero non é pertinente nin normal.

Debemos estar, entón logo, ante algo distinto. As formas *Pelao* e *Palao* coas que este lugar tamén aparece no século dezaseis son desde logo desconcertantes e fannos ver que ou son palabras nas que se incluíu un *"-i-"* antihiático que deu o noso *Pelaio*, o cal é raro, ou que son unha mala representación do actual *Pelaio*, o cal é rarísimo.

Se fose un topónimo prerromano todo sería fácil e xustificable (raíz e terminación), pero non me atrevo a postular para o noso *Pelaio* un hidrónimo prelatino PELLAGIO-, perfectamente normal dentro da toponimia prerromana de Galicia.

Mesmo se podería entender como *pelamio* 'curtiduría de peles', pero a súa terminación *-aio* é incompatible con esta orixe (pero quén sabe qué interferencias ou analoxías puido haber que o convertesen no actual *Pelaio* tras un longo proceso de vacilacións representado nas formas *Pelao* e *Palao* do século XVI).

No fondo si que quizais haxa que tomar terra no nome persoal *Pelagius* e entendelo como un castelanismo antigo.

A Peneira

Está no triángulo que forman a av. do Fragoso e o camiño da Carballa.

En Coia unha peneira son dúas cousas ben distintas: unha *criba* para cernir a fariña ou un molusco mariño univalvo, a orella mariña, comestible, que vive nas penas do mar, de aí o seu nome. Ningún deses significados se amolda a este topónimo, sobre todo o último, polo que quizais haxa que entendelo como un derivado de pena 'penedo'. De feito no lugar había varias laxes bastante grandes onde xogaban os rapaces.

Peniche

Peniche é o barrio máis setentrional da vella Coia e abrangue desde a rúa Juan Ramón Jiménez ata a praza da Industria e a de América. Ocupa boa parte das rúas Torrecedeira, Jacinto Benavente, Beiramar e López Mora, entre outras. O lugar (subaldea) da Seara pertence tradicionalmente ao barrio de Peniche. Pola súa proximidade a Vigo, foi o primeiro que se urbanizou. Tamén é a zona de Coia menos coñecida como tal, pero os vellos nativos desa parroquia teñen moi claro que esas terras son Coia (tal como amosan os documentos antigos).

Peniche é unha vila mariñeira da Estremadura portuguesa e sábese con certeza que o seu nome, profusamente documentado, é a evolución mozárabe do latín PENINSULAM (está de feito situada nunha destacada peninsuliña). A coincidencia do noso topónimo vigués co *Peniche* portugués é desconcertante, pois nesta zona de Galicia non se puido dar esa evolución mozarábiga. Ademais, no Hío (Cangas), temos outro topónimo *Peniche*. Cómo resolver esta situación?

Non creo que valla o feito de que durante séculos os mariñeiros das Rías Baixas pescaban no chamado caladoiro da "Costa de Portugal" e que un dos seus portos de referencia máis importantes fose precisamente Peniche, en frente de onde se atopan as míticas augas das illas Berlingas, tan pescadas polos mariñeiros das nosas rías. Dubido, entón, que este feito dese nacenza, por imitación motivada quén sabe por qué, ao Peniche de Coia e mais ao do Hío (malia a que os dous están en zonas mariñeiras onde se faenaba nesa costa).

Pero se cadra foi así, sobre todo se se atende a que *Peniche* non é forma facilmente asimilable a ningunha evolución galega de calquera étimo (e moito menos de PENINSULAM, realidade xeográfica aínda por riba ausente tanto do Peniche fragosiño como do Morracense). Ha ser, xa que logo e con todas as reticencias posibles, un préstamo toponímico mariñeiro como moitos outros que así hai.

Desde logo, e por se acaso, derivar os *Peniches* galegos de *pena* 'penedo' paréceme un despropósito carente de base. Pero acaso cumpra dicir que se cadra o sufixo *-iche*, morfoloxizado xa, acabou tendo vida propia e actuou como diminutivo/despectivo; ou, mellor, que o sufixo despectivo *-icho, -icha* relaxou a súa final en *-e*, algo ben común. Segundo isto, os *Peniches* galegos non serían outra cousa que un *Penicha*, despectivo de *pena* 'penedo', influído se cadra polo Peniche portugués. Pero á falta doutros exemplos con outras palabras, dou isto como unha mera hipótese moi difícil de demostrar e, confeso, bastante peregrina.

A Peregrina

Sitúase nas novas urbanizacións de casas arrimadas delimitadas polas rúas Pardaíña, Castro y Alonso e av. Atlántida.

O lugar recibe o nome dunha capela consagrada á Virxe Peregrina que existiu no lugar ata hai poucos anos. Hoxe está todo completamente urbanizado.

A Pereira

Este lugar está situado xusto no cruce de Martín Echegaray coa avenida da Florida, estendéndose un pouco cara ás casas de Figueirido.

O Campo do Pichón

Está entre as partes baixas das rúas Ramón Fontán e San Xoán de Deus, en terras do centro de educación especial San Rafael.

Non creo que se refira a ningún campo de tiro que puidese haber antano neste lugar. Máis ben hase tratar dun campo que era propiedade dun home alcumado *O Pichón,* alcuño que é bastante común, por outra parte. Claro que sempre cabe a posibilidade da aplicación directa á ave, cría da pomba, pero paréceme de moi difícil motivación.

O Picotelo

O Picotelo é un outeiriño (hoxe moi enmascarado), situado xusto no empalme do camiño dos Esturáns coa rúa dos Esturáns, moi preto do colexio Escultor Acuña.

É un topónimo bastante antigo (vémolo xa en 1752) tal como amosa a súa terminación. Trátase do diminutivo de *picoto* 'picacho dun outeiro, punta dun monte'. De feito o lugar é un pequeno picacho que se ergue sobre as costas que do Chouso e Os Esturáns baixan ao mar.

O Pino Manso

Está na rúa da Pardaíña, ao redor do cruzamento co camiño da Caringosta.

Os piñeiros mansos son moi pouco abundantes entre nós, por iso a presenza dun só exemplar illado é suficiente para dar lugar a un topónimo. Trátanse da *Pinus pinea* que é o famoso pino *piñonero* dos casteláns. Aquí é unha árbore bastante exótica e que adoita chamar a atención da xente polo mansedume e suavidade das súas agullas, tal como puiden comprobar moitas veces na miña infancia.

O Pío. A Fonte do Pío. A Mina do Pío

O Pío é unha fondura moi húmida e fértil na parte máis baixa da rúa do Resío, man dereita, ata Camilo Veiga. Hai unha fonte e un lugar chamado *A Mina do Pío* (ao longo de Camilo Veiga) que nos indica a antiga presenza dunha mina de auga.
Hai outro lugar chamado *O Pío*, moi afastado deste, situado na man esquerda do camiño de Figueirido.

Un *pío* é unha especie de *pía* (pión). Esta palabra é aínda coñecida na veciña Cangas, onde é unha pía de pedra onde se depositaba a graxa das sardiñas (sobre todo nas fábricas de salga, pero tamén nas casas particulares). Pero non creo que o Pío de Coia se refira a nada disto, por moi preto que estean estas terras de varias fábricas de salga antigas. Dada a situación do *Pío* do Resío, debe referirse a algunha pía para lavar que houbese no regueiriño que baixa polo lugar desde A Fontaíña, e o mesmo para o Pío de Figueirido, á beira dunha canle artificial e dun pequeno regueiro.

A Pirixela

Este sitio está metido nas casas da Espedrigada, na parte central do camiño do mesmo nome.

Este topónimo, de formación seguramente recente, ha ser o alcume dunha antiga posesora. De feito, tanto *Pirixela* como *Pirixeleira* (e variantes) son sinónimos de 'muller presumida'. Debemos estar, entón, ante un antigo *A da Pirixela* 'a leira propiedade dunha muller alcumada A Pirixela, é dicir A Presumida'.

Pero non esquezamos que podemos estar tamén ante o nome dalgunha planta semellante ao apio silvestre, ao pirixel ou á cicuta, todas

umbelíferas: sería unha terra que, por húmida, era abundante nalgún tipo de umbelífera semellante ao pirixel.

As Poldras. A ponte de Balaído. O Vau

Están á beira do Lagares, no espazo entre o estadio de Balaídos e as pistas de atletismo, na desembocadura da rúa Olímpicos Galegos. Da outra banda do río, xa na parroquia de Matamá, a un espazo hoxe ocupado pola factoría de Citroën tamén se lle chama As Poldras.

O nome de *poldras* vénlle ao lugar porque aquí houbo noutrora unhas laxes postas no río que permitían atravesalo. Este tipo de paso, *poldras*, que non se pode considerar sequera como *pontella*, recibe en galego xeral a denominación de *poldras*, palabra hoxe perdida en Coia, onde foi substituída por *pasales* ou, máis comunmente, *pasadouros*.

Posteriormente fíxose preto unha pontiña, conservada ata hai pouco, coñecida como *a ponte de Balaído*. Tanto *As Poldras* como a inmediata *ponte de Balaído* eran o antiquísimo paso natural entre as terras de Coia e as de Matamá.

O Vau, ou sexa, O Vao, xa ninguén o usa (pero os avós dos informantes si o usaban), mais ata vai pouco seica era o nome co que tamén se coñecían ás Poldras de Balaído. De feito en 1529 o marco que ata 1975 existía no lugar aparecía como "las piedras do Vao". Debe darse este O Vau / Vao por morto xa.

A Ponte da Señorita. A Ponte da Veiga

A *Ponte da Señorita* son unhas terras, cun paso no río antano, situadas entre Pablo Iglesias e o río Lagares. *A Ponte da Veiga* é o nome tradicional da mal chamada *ponte romana de Balaídos* e as terras, hoxe urbanizadas, ao seu redor.

O rueiro municipal trae como rúa Ponte da Veiga un camiño entre a avenida da Florida e Pablo Iglesias, en frente das pistas de atletismo, pero trátase dun erro flagrante, pois o que realmente é e foi a Ponte da Veiga é a ponte medieval de Balaídos, mal chamada *ponte romana*.

A Porta da Vila

Está xusto no cruzamento do camiño da Raposa co camiño da Cordoeira.

É un topónimo locacional referido á entrada do núcleo principal de Coia, é dicir, o barrio do Cruceiro, que seguramente foi tido como *a vila* no pasado por estar nel encravada a igrexa parroquial. Oponse a outros topónimos como *Fondo de Vila* ou *Cabo de Vila*, que se refiren á saída ou final do núcleo.

O Poulo. A Pouleira

O Poulo son as terras situadas do cruzamento da rúa do Medio coa rúa do Resío cara ao regueiro da Fontaíña.
A Pouleira está en Balaídos, xusto na desembocadura da rúa Manuel Castro.

Nalgunhas partes do Fragoso, xa non en Coia, poulo é palabra viva co significado de "prado, lugar para o gado pastar". Vén do latín PABULUM, léase esdrúxula, de idéntico significado. Esta vitalidade de poulo, que debeu ser maior no pasado, maniféstase claramente na microtoponimia viguesa, onde hai varias ducias lugares así chamados (unha das zonas de Galicia con máis derivados toponímicos de PABULUM).

Os Pozos

Está a poñente da praza da miñoca, por onde baixa o chamado camiño dos Pozos, entre a av. da Florida e as rúas Darío Durán e Ángel Llanos.

Este nome de lugar pode conducir ao engano: en Coia un *pozo*, á parte do que hoxe todo o mundo entende como tal, é tamén un pequeno encoro para reter as augas que despois se conducían por canles (*presas* en Coia) para regar as terras.

As Presas

É o lugar onde empalma a rúa Baiona coa rúa do Porriño, onde está o centro de FP e o instituto Alexandre Bóveda.

Este topónimo, bastante moderno en todo o caso, pode resultar enganoso, xa que unha *presa* non é en Coia un 'encoro de auga', senón unha *canle* para conducila aos regadíos, palabra ben viva en todo o Fragoso e no Morrazo. En Coia, como no resto do val do Fragoso, faise aínda unha outra distinción, pois ás canles que conducen a auga aos muíños chámaselles *peirados* (polo menos en Coia, Sárdoma, Freixeiro e Lavadores... non sei se noutrén no Fragoso, pero posiblemente).

O Querido

Está na rúa Salvaterra e abrangue a metade da praza Don Prudencio Rodríguez; así e todo non chega á avenida de Castelao, pois esta cortou terreos do Eido Vello, non do Querido.

Este lugar xa aparecía así non século XVIII. En aparencia semella o alcuño dun posesor, pero non creo que as cousas sexan tan fáciles e evidentes: Querido podería ser tamén "o que se pediu, o terreo polo que se loitou ou que se demandou...", quén sabe, confésome incapaz de alén ir (a riquísima semántica do verbo *querer* antes de que moi modernamente cobrase o sentido de *amar* abre o abano das posibilidades múltiplas). Con todo, creo que hai que tomar terra no alcuño.

Quintela

Foi un dos primeiros barrios de Coia en ser absorbido e desmantelado, debido á súa proximidade con Vigo. Hoxe nada queda salvo unha ou dúas casas vellas e un resto do antigo camiño, cunha placa que lembra o nome deste lugar.

O topónimo é moi antigo. *Quintela*, diminutivo antigo de *quinta*, é unha casa de campo co seu eido de labor; como moito podería tratarse non dunha senón dalgunhas poucas casiñas dese tipo.

A Rabadeira, O Rabete

Está *A Rabadeira* nunha zona completamente urbanizada, en todo o espazo que media entre García Lorca e a av. da Florida.
O Rabete sitúase xusto no cruce de Torrecedeira con Nebrija, preto da praza da Industria.

Refírense os dous topónimos a algún antigo terreo de forma estreita e longa semellante a un rabo, ou unha cuña alongada que se metía noutro terreo, que os labregos quixeron ver rabiforme. En Coia aos terreos con estas características formas chámanselles hoxe *chavellas: "o noso campo mete unha chavelliña no do Gatabuxo"*.

Topónimos como estes son moi abundantes entre nós, así temos tamén *O Rabelo* en Nerga (Cangas) e *O Rabicho* e *O Rabuxiño* en Darbo (Cangas), ou *A Rabada* en varios sitios do norte de Portugal. Moitas veces as formas deses "rabos" deron lugar a eufónicos topónimos metafóricos como *Rabo de Pixota* (Darbo, Cangas), *Rabo (de) Serpe* (Meira, Moaña), *Rabo (de) Busaca* (Meira, Moaña), etc., (unha *pixota* é unha pescada; unha *busaca* unha ave de rapina semellante ao miñato). Claro está que outros "rabos" non se refiren a formas de terreo, senón a realidades oronímicas litorais (como o *Rabodasnos* do Miñor e o *Rabo de Egua* da illa de Ons e de Donón).

A nosa *Rabadeira* é un diminutivo da *Rabada* portuguesa: unha *terra rabada* sería un terreo do que sae unha cuña con forma de rabo, estreita e longa, e a partir de aí hóubose crear tamén unha forma *terra rabadeira,* de idéntico ou parecido significado.

O Rabete é un simple diminutivo moderno de *rabo*, un pouco chocalleiro.

A Rachada

Está *A Rachada* xusto no colexio Montesol, chegando polo norte á rúa Salceda de Caselas e polo levante á rúa Tomiño; acada Padre Seixas un pouco por poñente e colle tamén parte do campo de fútbol da Bouza.

Como moitos, é un topónimo elíptico; a súa forma orixinaria debeu ser *A Pedra Rachada*, isto é, a pedra fendida, quebrada. Parece un nome de lugar de creación recente, se nos atemos aos nulos datos documentais.

A Rañeira

É un pequeno burgo mariñeiro completamente deteriorado e marxinal situado ao longo do pequeno camiño homónimo, no corazón do barrio do Areal de Coia, ao sur de Tomás Alonso.

As *rañeiras* adoitan facer referencia a lugares ásperos, pedrosos, cheos de matogueiras espiñentas ou secas, cheos de malas herbas ásperas... Este parece ser o sentido que debeu ter A Rañeira de Coia, dado o seu emprazamento e o que aínda se pode ver detrás das casiñas vellas.

Pero non esquezamos que unha *rañeira* é tamén un sitio onde abundan as *rañas,* que son unhas arboriñas, as *sorbeiras* ou *serbais*. Non é árbore moi común aquí, pero baste lembrar o topónimo A Serbal, en Meira (Moaña), tamén situado á beira do mar.

O Camiño da Raposa

Baixa en forte pendente e bastante encaixado da praza da Consolación a Tomás Alonso. Era a principal vía de unión entre Coia e Bouzas.

Hai outro camiño da Raposa en Coiro (Cangas) e os dous comparten as mesmas características: seren moi fondos e atravesaren entre terras cheas de matos ou medio ermas e escuras. Ambos os dous se asociaban ao medo que producía baixar por eles, de aí a identificación coa *raposa*.

O topónimo non aparece ata o padrón municipal de 1940, pero ha ser sen dúbida moito máis antigo.

A Regueira

É o val que media entre A Fonte de Barros e O Resío. Por el aínda baixa un regueirucho que se chama *regueiro da Fontaíña*, porque baixa dese lugar (xa na av. de Castelao).

Este valciño, outrora feraz, recibe o nome do pequeno regueiro que baixa da Mariquina e da Fontaíña cara a Bouzas.

O Resío

É un barrio (aldea) que se corresponde máis ou menos coa actualmente chamada rúa do Resío (na placa rúa do Rocío). Recentemente independizouse eclesiasticamente de Coia e aos curas non se lles ocorreu outra cousa que chamarlle oficialmente *parroquia de Nuestra Señora del Rocío*, como se o secular nome do Resío fose unha mala pronuncia dese nome da Virxe.

Desde hai xa máis de cen anos o nome deste barrio aparece sempre escrito como Rocío, sen dúbida por unha mala interpretación que fixo pensar que *Resío* é unha bárbara deformación popular de *Rocío*. Non hai nada diso, os paisanos din ben. Aínda hoxe case todos os nativos foron refractarios ao oficial Rocío e seguen a pronunciar *O Resío.*

Un *resío* é un vella palabra galega co significado xeral de 'sobrante ou sobexo dunha terra que queda ao longo do muro que a pecha' e de aí a 'faixa de terreo que bordea algúns terreos' ou mesmo 'anaco de terreo pechado unido á casa'. Vén do latín RESIDUU, é dicir 'residuo' co sentido de 'o que se deixa fóra'.

O Salgueiral do Resío

Está localizado na confluencia das rúas Río Miño e Rocío.

As precisas indicacións do catastro do Marqués de la Ensenada indícannos claramente a presenza de salgueiros neste lugar: *"... contiene ... treze manzanos, tres perales y zinqüenta sauzes."* Pero ata hai pouco non foi ningún salgueiral, senón prados de regadío e secaño e algunha terra de cultivo bastante ruín; o topónimo é, por forza, antigo.

A Revolta

Unha *Revolta* está nas terras que median desde a metade da av. do Fragoso ao camiño da Vicaría. A outra está no grande espazo baleiro que hai entre o camiño da Barxiela, Núñez de Balboa e Tomás Alonso, xusto onde está o campo de fútbol.

As dúas Revoltas de Coia fan referencia a curvas ou voltas dos camiños, a un recóbado, que é o que é unha *revolta*. Aínda que caben incluso outras posibles orixes, non creo que sexan pertinentes por diversos factores que non se van expor aquí.

Riazó

Está localizado entre A Pardaíña e O Resío, no empalme da av. de Castelao con Tomás Paredes, todo por esa rúa abaixo ata o colexio San Rafael e o cruzamento coa rúa Marín.

Dise con "-o" pechado. No lugar nacía o regueiro que baixaba pola Barxa cara a Bouzas. Riazó é unha variante fonética do coñecido topónimo coruñés Riazor e dos varios Riazón galegos. Vén de RIVACEOLUM, é dicir, "o pequeno río", referido sen ningunha dúbida ao dito regueiriño que baixaba polo lugar.

Román

Este sitio ten como punto central a rúa Pontearеas, e ocupa o triángulo que forman a av. de Castelao e a rúa Tui.

Como ben mostra a documentación vella, estamos ante un dos topónimos máis antigos de Coia. Trátase dun antropónimo de posesor medieval, ou sexa, unhas *terras que eran propiedade dun home chamado Romanus*. Vén de ILLAM TERRAM DE ROMANVM e é un exacto paralelo do nome da parroquia de *Romai* (Portas, PO), que vén de ILLAM TERRAM ROMANI, todo o mesmo, só que o noso Román fragosiño vén do acusativo e o Romai da terra de Cilenos vén do xenitivo, tal como Gandón e Gandoi, Francón e Francoi, Donón e Donoi ou o Ganoi de Coia fronte ao Ganón doutras partes de Galicia.

Rosende

Está na rúa Nigrán. Como punto central ten o campo de fútbol municipal de Coia.

Este topónimo, xa rexistrado así en Ensenada (1752), fai referencia ao nome dun antigo posesor medieval: estamos, polo tanto, ante un antigo TERRA RUDESINDI, ou sexa, a terra que era propiedade dun home chamado *Rudesindus*.

O Campo do Roxo

Este lugar está situado no *barrio* de Peniche, xusto no cruzamento do camiño da Seara con Tomás Alonso, cara a arriba e cara a abaixo; abrangue o Centro de Informática de Caixanova e parte da Escola Universitaria de Empresariais.

Refírese ao alcume dun posesor destas terras. De feito *Roxo* é un alcuño moi común en toda Galicia.

A Salgueira

Está por baixo do parque municipal da Bouza, concretamente entre Rodríguez Elías e a av. da Florida.

Refírese a unha planta gaveadora, unha especie de madreselva chamada tamén *saltasebes*, moi común nas zonas boscosas ou cheas de silvas tanto do Morrazo como do Fragoso.

Hai que ter en conta tamén que pode tratarse dun arcaísmo e facer referencia a un sitio cheo de salgueiros (viría, así, do directamente do latín SALICARIA), pero isto último xa me parece menos probable.

San Gregorio. A Volta de San Gregorio

San Gregorio, coa súa mítica curva que alí fai a rúa Tomás Alonso, é a parte baixa do outeiro do Castriño, que cae ata a beiramar.

O lugar recibe o nome dunha pequena ermida que se construíu no lugar a mediados do século XVIII. Foi destruída xa a finais do século XIX.

San Roque

Está ocupando toda a parte de atrás dos edificios da avenida de Balaídos, ata o camiño da Espedrigada.

Neste sitio houbo outra ermida bastante moderna, construída a finais do século XVIII e destruída moi recentemente (probablemente a principios do século XX).

A Seara

Hoxe quedou como unha aldea-illa no medio de densas urbanizacións. As casas vellas están no chamado camiño da Seara Interior. O territorio deste lugar (subaldea) do barrio de Peniche era bastante grande; de feito superaba cara levante a rúa López Mora, que é o límite entre a Coia histórica e San Tomé de Freixeiro.

Unha *seara* é unha 'sementeira de cereal', un campo cultivado. É unha palabra antiquísima, prerromana, derivada da forma precéltica SENARA.

A Serra

Abrangue as terras ao redor do camiño homónimo, nas Travesas.

A Serra fai referencia a un serradoiro de madeira que existiu bastante recentemente no lugar. Con todo, o topónimo cristalizou pronto e cobrou moita vitalidade, tanta que hoxe a minúscula rúa que cruza polo lugar leva o nome oficial de *camiño da Serra*.

O camiño de Severiana

Aínda hoxe o *camiño de Severiana* atravesa entre eidos sen urbanizar, e o propio camiño está sen asfaltar. Foi sempre moi coñecido, pois servía (e serve) como rápido atallo para ir do camiño da Pardaíña á rúa Tomás Paredes, aínda hoxe moi utilizado para tal mester malia ao seu deplorable estado de desleixo.

O seu nome recíbeo sen dúbida dunha propietaria dos terreos polos que cruza ou acaso da moradora dunha das casas vellas que hai no seu inicio, na Pardaíña. Repárese que no Fragoso (como no Morrazo, polo menos) os nomes persoais nunca levan artigo, non como na maior parte de Galicia, onde dirían se cadra **camiño da Severiana*.

A de Silva

Este coñecido lugar está ao longo da av. de Castelao, desde preto do parque San Martiño (sen incluílo) ata o empalme da rúa Marín. Ten como punto central a igrexa da Nosa Señora do Rocío.

O topónimo, recente, toma o nome do fidalgo Don Vicente María de Silva, da rica casa de Freixeiro, de quen eran estas terras (entre outras, pois esa poderosa casa condal era unha das máis antigas e importantes propietarias de terras en Coia).

Soutelán

É o lugar atravesado polo camiño do seu nome, nun outeiriño que sobe ao camiño da Raposa.

Estamos con bastante seguridade diante do xentilicio dun antigo posesor destas terras. Serían as terras propiedade dun *soutelán*, é dicir, proveniente de calquera dos lugares chamados *Soutelo* que hai por Galicia adiante, seguramente un canteiro vido de Soutelo de Montes (Forcarei). Pódense contar por centos as familias do Morrazo e do Fragoso que descenden de canteiros que durante o século XIX e principios do XX viñeron da Terra de Montes (onde está Soutelo) para se instalaren nas Rías Baixas.

A Tafona

O lugar está entre a avenida Atlántida e o mar, atravesado pola rúa Casiano Martínez. É unha pequena saída ao mar de Coia a poñente de Bouzas, feito que foi debido á independencia da parroquia de Bouzas hai tres séculos, que fixo que esas terras da Tafona ficasen dentro de Coia, pois o que se separou foi só o reducido casco urbano da vila.

Unha *tafona* era un pequeno muíño de fariña movido por un burro ou un mú. É unha palabra arábiga, das poucas patrimoniais que conserva o galego. Deriva do árabe ṬAḤÛNA 'moa do muíño; muíño'.

A Tellada. A Telleira. Os Fornos da Tella

A Tellada ocupa a parte alta de Ángel Llanos, no triángulo entre o camiño dos Pozos e a praza da Miñoca. *A Telleira* está ao longo da rúa Val Miñor, en Balaídos, así como tamén *Os Fornos da Tella.*

En Balaídos había varias fábricas de tella, chamadas *telleiras* en galego, cos seus respectivos fornos de cocción. Eran bastante antigas, pois no mesmo lugar de Balaídos rexístrase o topónimo *Fornos da Tella* xa en 1529, e en 1752 aparece xa *A Telleira.* Nese ano a dita telleira era propiedade dos bispos de Tui, quen a tiñan arredada ao señor Montenegro;

o catastro de Ensenada descríbenolo así: *Tiene una tejera con dos hornos en la misma situación de Vala?do, rodeada de tierras propias...*

Xa no século XIX esa telleira trasladouse ao Areal de Coia, para facilitar o embarque do xénero producido.

O Titre

Ocupa o espazo por onde discorre a pequena rúa Salceda de Caselas, preto da rúa do Porriño.

O topónimo é escuro. Pero aínda así hai que atender a que varios nativos comentaron que as súas avoas pronunciaban *O Títere* e non *O Titre*. Desde logo non contamos con rexistros documentais para este topónimo, e a forma *O Títere*, presumiblemente máis etimolóxica, non nos tira de dúbidas.

As Torres ou O Campo da Torre

Ocupa o espazo entre o camiño da Cordoeira e o Castriño, desde San Xoán de Deus ata case Núñez de Balboa, quedando dentro do lugar toda a parte alta de Ramón Fontán e as casas baratas da Cordoeira.

Hai moita xente que lle chama ao lugar *O Campo da Torre*, pero a maioría di xa só *As Torres* ou *Las Torres*. É aínda un topónimo bastante coñecido, incluso entre xente relativamente nova, pois está nunha zona rodeada por áreas onde viven moitos vellos nativos que tiñan (ou non) campos neste lugar.

As Torres de Coia recibe o seu nome dun grande e poderoso pazo que había no lugar hoxe ocupado polo Centro de Educación Especial San Rafael. Este pazo, propiedade da fidalga familia dos Acevedo -moi vencellados sempre a Coia-, caracterizábase por contar con dúas destacadas torres ameadas, moi visibles na distancia (por exemplo polos mariñeiros de Cangas que ían atracar a Bouzas).

O topónimo é, xa que logo, recente, seguramente posterior ao século XVIII. Pero a forma secundaria *O Campo da Torre* acaso sexa máis antiga, referida a ese pazo pero antes das reformas modernas que lle engadiron as dúas mencionadas torres.

O Toxal

Está no espazo entre as rúas Baiona, O Porriño e Salceda de Caselas.

Está no barrio de Pelaio, aldea que precisamente en 1752, según vemos no catastro de Ensenada, tiña moitas terras *puestas de tojar*, desde logo un número moi importante delas, se o comparamos co resto de Coia, onde case todo estaba cultivado.

As Travesas

Nunca foi un *barrio* da Coia histórica, senón un *lugar* (subaldea) repartido entre os *barrios* do Chouso, Quintela e Peniche. O topónimo cobrou moita vida desde xa antes de mediados do século XX e hoxe é un barrio urbano cunha extensión moito máis grande que a que tivo tradicionalmente.

É un topónimo máis antigo do que se ten insinuado; de feito aparece xa na demarcación de 1529.

Para entender o seu sentido pódese pensar nas *travesas* de madeira das vías do tren, que unen os dous raís de ferro; chámanse así por estaren atravesadas con respecto aos raís. Nas nosas Travesas temos o mesmo pero nun sentido agrario: unhas leiras atravesadas, postas en perpendicular con respecto a outras. Vén, xa que logo, de *As (Leiras) Travesas*, ou sexa, as leiras atravesadas, postas do través.

O Turreiro

Este coñecido lugar localízase no cruzamento das rúas Vilagarcía, Estrada, O Grove e Núñez de Balboa, entre o Alcampo e a igrexa de San Martiño de Coia.

É un sitio moi popular, onde antes se facía a festa; ese é o sentido máis xeral en galego: campo onde se reúnen os labregos para bailar. É moi común que en Galicia as praciñas que se abren ao pé das igrexas leven precisamente o nome de *O Turreiro* ou *O Torreiro*.

Valverde

Sitúase pegado á Fonte de Barros, un pouco por baixo.

É un topónimo recente que deriva de *A de Valverde*, é dicir, a propiedade dun home así apelidado. En Aldán (Cangas) hai tamén *A Granxa de Valverde*, derivada igualmente do mesmo apelido de posesor.

A Vedora

Está na rotonda de Bouzas, ocupando toda a rúa Castro y Alonso: sobe un pouco pola circunvalación Oeste e un pouquirrichiño pola rúa Pardaíña.

Ten toda a aparencia de ser un derivado do alcuño dunha posesora destas terras: ha de se ter en conta que en Coia, e máis en Bouzas (e non sei se noutrén no Fragoso), unha *vedora* é unha muller que adiviña (ou sexa, *ve*) o futuro, sobre todo coas cartas da baralla española. Tamén, polo que puiden escoitar, se lles chama *vedoras* ás meigas en xeral, ás bruxas en particular, e, incluso, e sobre todo, ás curandeiras, malia a que as artes destas non tiñan nada que ver con ningunha mancia.

Téñase en conta isto, pois non vaia ser o conto que este topónimo non se refira ás terras dunha adiviña e si ás dunha curandeira, o cal é ben máis probable.

Tamén non vaia ser o conto que a nosa Vedora agoche o nome dun lugar de vixía, desde onde se ve ou divisa, tanto máis en canto que A Vedora está xusto todo por riba dun lugar chamado A Atalaia, xa na microparroquia de Bouzas.

Pero no fondo seguramente se trate do alcuño dunha posesora: *A da Vedora, a da muller do Vedor,* xa que *vedor* contou con certa vitalidade para facer referencia aos visitadores ou inspectores que tiñan conta do cumprimento das ordeanzas dos gremios. Despois vedor pasou tamén a denominar a unha persoa encargada de vixiar os montes e as terras.

Vesadaseca

Esta todo ao longo da rúa Manuel Castro, sen chegar polo sur á avenida de Balaídos. Antano o lugar ocupaba un territorio bastante maior.

Antes era un lugar amplo que contiña algún outro microtopónimo no seu territorio. Moi coñecido e popular. No século XVIII xa actuaba como unha especie de corónimo ou territorio dentro de Coia. Téñase en conta que, con todo, non era un barrio, pois non estaba poboado: eran sobre todo viñas e carballos esparexidos polas testeiras dos viñedos. Hai *Vesadaseca de Riba, Vesadaseca de Enentre* e *Vesadaseca de Baixo*, así como *A Barronca de Vesadaseca*, pegada ao cruce de Manuel Castro co carreiriño que se mete cara a Eugenio Kraff, que aínda hoxe lle chaman os nativos *a Corredoura da Barronca de Vesadaseca*.

Hai que entender *vesada* como un lugar que foi arado para poñelo a cultivar, é dicir, simplificando moito, un campo de cultivo (ou mellor un conxunto de campos de cultivo). É o participio do verbo anticuado galego *vesar* "labrar co arado, arar", á súa vez do latín galaico VERSARE ILLAM TERRAM 'darlle a volta á terra; labrar a terra, arala", e de aí o xeral TERRAM VERSATAM 'terra arada; un labradío en xeral' que deu a nosa *vesada*. En *Vesadaseca* temos, xa que logo, unha "sementeira de secaño" ou, fiando máis fino, "unha sementeira en sitio moi seco".

Un resto desta familia léxica témolo en *vesadouro*, que segundo Patiño e González é en Coia un tipo especial de arado, palabra que en 2005 non fun quen de confirmar na fala viva desta parroquia.

O participio puro derivado do arcaico verbo frecuentativo *vesar* 'arar' témolo en Vigo presente no microtopónimo *Malvesada*, xusto por detrás dos enormes depósitos colectores de auga de San Xoán do Monte: unha terra "mal labrada = mala de labrar".

O Vimbieiro

Está na curva da rúa Pablo Iglesias; ten como punto central o colexio público de Balaídos e a caseta dos vestiarios.

Aínda se ve algún vimbieiro hoxe en día en Coia, onda as poucas viñas que aínda quedan en pé. De feito o cultivo dos vimbieiros non tiña outro fin que o de obter vimbias para os emparrados das viñas.

A Viña Vella

Localízase na parte dereita do camiño dos Esturáns, na parte central dese camiño.

Como xa se comentou, o cultivo dominante na Coia do século XVIII eran as viñas, que ocupaban un extensión considerable do territorio parroquial. Con todo, este topónimo é o único que fai referencia directamente a elas, o cal non deixa de ser en certo modo sorprendente.

A Xabreira

É o lugar situado na parte baixa do camiño do Chouso, entre o colexio Emilia Pardo Bazán e o Sanatorio Villamil.

O *xabre* é unha palabra viva en Coia, onde significa area grosa, terra areísca. Unha *xabreira* é un sitio cuxa terra contén moito xabre ou está composta exclusivamente del.

A Xaula

Está este lugar entre o camiño de Pelaios e a rúa do Porriño, preto do seu empalme, case pegado ao cemiterio de Bouzas.

É un topónimo moi recente. Pode deberse a un punto de caza de paxaros mediante gaiolas portátiles ou incluso estar motivado pola presenza no lugar dalgunha pequena capoeira.

O Xuncal

Hoxe está ocupado por toda a parte central da praza da Miñoca.

A palabra *xuncal* é aínda moi coñecida en Coia, pero o topónimo é xa antigo (vese en Ensenada). Fai referencia a grande braña ou barxa enchoupada que había no sitio hoxe ocupado pola praza da Miñoca, por onde serpenteaba un pequeno regueiro que ía desembocar en Balaído.

4 Fontes documentais

Todas as manexadas foron consultadas en persoa e están consignadas e descritas en Ramón Patiño Gómez e X. Miguel González Fernández *Coia, historia dunha parroquia, dende a Prehistoria á Guerra da Independencia.* R P Edicións 1989.

5 Apéndice fotográfico

A popular Fonte da Burra, por riba da Seara.

A Barxa de Buíde, hoxe ocupada pola praza da Industria e edificios de moitas alturas.

A zona central da aldea do Chouso, claro exemplo de aldea-illa entre zonas urbanizadas.

No Chouso prodúcense fortísimos contrastes entre a vella Coia rural e a nova Coia urbana.

Unha das poucas casas de labranza que fican na aldea dos Esturáns.

Un loable exemplo da recuperación da microtoponimia de Coia.

O que onte foi o centro da aldea dos Esturáns é hoxe unha cidade chea de altos edificios. Repárese na placa identificativa, que nos lembra aínda que estamos nos Esturáns.

Outro radical contraste da Coia que foi e a Coia que é: a parte baixa da Barxiela: en primeiro plano os Campos da Revolta; ao fondo bloques de edificios nas Derroques e na Calzada.

Núcleo mariñeiro do Castriño, hoxe moi deteriorado. En primeiro plano a coroa do antigo castro.

As Ánimas; repárese na nomenclatura da rúa e a súa total unidade co peto de ánimas representado na parede.

As escaleiras da Pedra Rubia salvan a forte pendente ata a coroa do Castriño.

O barrio do Resío visto desde A Fonte de Barros. As terras que median entre ambos os lugares son das poucas que aínda se cultivan en Coia. En primeiro plano O Barxío e Valverde; máis ao fondo O Poulo e A Gaiosa; polo medio do valciño flúe A Regueira.

A Fonte de Barros; tras ela, edificios na Bouciña.

Parte baixa da Castiñeira; ao fondo, Adeveliñas.

A nova igrexa parroquial de San Martiño de Coia. Repárese no vello cruceiro que deu nome ao barrio do Cruceiro, brutalmente engastado no alto da igrexa.

O Panasco; ao fondo dúas torres na de Silva. Estes lugares eran ata hai pouco dúas das principais zonas agrarias de Coia.

Outro símbolo do desmantelamento da vella Coia: o único que queda da vella igrexa parroquial é o seu campanil, que se salvou milagrosamente da destrución en 1981.

O Chamorro; ao fondo, edificios no centro da desmantelada aldea do Cruceiro.

A Devesa é hoxe unha abigarrada área urbana.

(... Un nativo da contorna dese centro comercial quíxome levar a ese cornello só para me dicir que aí estabamos no Chamorro, pero se dabas un paso á dereita estabas xa na Dona, todo isto dentro do Alcampo, entre mostradores cheos de produtos á venda e ducias de persoas mercando, descoñecedoras da realidade lingüística do lugar e a secular historia deses topónimos).

Fotografía realizada con permiso de publicación do Centro Comercial Alcampo.

Os coñecidos volcáns *da avenida de Castelao ocupan gran parte dos Campos da Fontaíña.*

Riazó, atravesado pola parte alta de Tomás Paredes; por baixo desa rúa flúe, soterrado, o regueiro das Barxas. Ao fondo, novas residencias na Pardaíña.

O popular camiño de Severiana une a rúa Pardaíña con Tomás Paredes e conservou milagrosamente ata hoxe o seu antigo aspecto, á dereita As Mouchas e Riazó, á esquerda O Ferreiro e A Gatabuxa.

Unha das pouquísimas casas que fican da outrora grande aldea de Pelaio.

Os arxóns que dan nome ao Campo dos Arxóns *(no Chouso) poden verse aínda chantados onda os legumes dunha leira na Cova (Figueirido).*

A Mixía, completamente urbanizada, é o centro da antiga aldea de Pelaio.

Casas vellas e novas na Pariseira (av. de Tui).

Neste lugar de Pelaio xuntábanse as boas terras da Carranca (dereita) e A Devesa (esquerda); polo medio sobe a rúa Redondela.

Terras cultivadas na aldea-illa de Figueirido: en primeiro plano, sector da Leira Longa, ao fondo bloques de edificios na Cavada (av. da Florida).

Labores agrícolas entre A Pariseira e Figueirido en 2008. Estampas como esta, xerais hai unhas décadas, son hoxe case imposibles de ver en Coia; a informante corta o feo no Campo da Cova.
Fotografía publicada co permiso da muller fotografada.

Un vello olmo en Paradela (av. da Florida); estas árbores chámanse lagumeiros *en Coia e deron nome ao topónimo* Os Lagumeiros *nesta mesma parroquia.*



O lugar de Lavadouro, completamente urbanizado: ao fondo, altos edificios na Boubeta e Os Pastos da Pegade. Alén deles ábrese a meseta do Chamorro.

Sector sudoriental da praza da Miñoca: en primeiro plano, Lavadouro de Riba; no medio, O Xuncal; ao fondo, A Mina, Condiño e O Curral.

Sector noroccidental da praza da Miñoca: á dereita, nova barriada na Tellada; á esquerda, edificios no Curral.

Vesadaseca, campos de labradío hoxe completamente urbanizados; ao fondo, o estadio de Balaídos.

Lagares, o lugar que deu nome ao maior río de Vigo.

O húmido lugar da Beria, rodeado de edificios.

A aldea de Quintela, hoxe convertida nunha área urbana; en primeiro plano un novo aparcadoiro no Lameiro e Tralagándara.

Unha das poucas casas vellas que fican en Quintela.

Índice

1. Presentación da colección 5

2. Limiar 9

3. Toponimia de Coia 26
O topónimo Coia 26
O río Lagares 29
Abuíde / Buíde. A Barxa de Buíde 33
Adeveliñas 33
O Adro 34
Alemparte 35
Alén 35
O Alto 35
A Ameixeira 36
As Ánimas 36
A Aparicia 36
O Areal 37
A Arqueta 38
O Campo dos Arxóns 38
Balaídos 39
A Fonte de Barros 41
A Barxa, As Barxas, A Barxïela, O Barxío 41
A Beria 42
A Boubeta 44
A Bouciña, Sobrebouzas, A Silva de Sobrebouzas 44
A Bruca 44

O Buraquiño 45
A Fonte da Burra 45
A Cabeciña 46
As Cabirtas 46
A Cadela 47
A Cal 47
O Caldeirón 47
A Caldeira ou O Forno do Cal 48
A Calzada 48
O Camiño Fondo 49
Os Catro Camiños 49
A Campaña 49
O Campo do Medio. O Campo Grande 50
O Canaval 50
A Cancela 50
A Candea. A Candeira 51
A Cantarilla. Os Pastos da Cantarilla 51
A Canteira 51
A Carballa 52
A Caringosta 52
A Carpinteira ou As Carpinteiras 53
A Carranca 53
O Carregal 54
O Castelo. A Punta do Castelo 54
A Castiñeira 55
Unha pantasma chamada O Castro Castriño 55
A Fonte do Catalán 56
A Cavada. A Cavada de Baixo 56
As Ceñas do Norte 57
A Cerca. As Barxas da Cerca 57
O Chamorro 58
O Chouso 59
O Cocho 59
Condiño 60
A Cordoeira 60
A Coutada 61
A Cova 61
O Cruceiro 62
O Curral 62
As Derroques 63

A Devesa 63
A Dona 63
O Eido Vello 64
A Espedrigada. A Esprigadiña 64
A Estrada 65
O Estripeiro 65
Os Esturáns 66
As Figueiras. Figueirido 67
A Florida 67
A Fonte Santa ou A Fonsanta 68
Os Fornos ou Os Fornos da Tella 68
O Cón da Fosalla 68
A Fragua. As Fraguas. A Fragua do Conde. A Fragüiña. O Ferreiro. Os Lugares dos Ferreiros 69
A Franca 70
A Gaiosa 70
O Campo do Galo 71
A Gándara 71
Ganoi 71
A Gatabuxa. Os Campos do Gatabuxo 72
A de Gonzalo 72
A Granxa 72
A Gurulla 73
A Lagoa. As Lagoas 73
Os Lagumeiros 74
O Lameiro. Lamelas 74
Lavadouro 75
A Leira Longa. As Leiras 76
O Lourido 77
A de Lucas 77
Lugar de Neira. Lugar de Penas 78
A Maleta 78
As Mallas. As Mallas de Baixo 79
A Mariquina 80
Mateudías 80
O Meixoeiro 81
A Mina, A Mina de Ganoi, O Campo da Mina, As Minas de Lavadouro... 81
A Mixía 82
O Mombón 82

As Mouchas 83
A Mouricia 84
A Muiñeira 84
A Noca 84
A Costa da Paca 85
Padín 85
O Panasco 85
O Paniceiro e A Parceira, que a miúdo se confunden
no neotopónimo A Pariceira 86
A Pantoxa 87
Paradela 88
A Pardaíña. A Pardaíña de Pelaio 88
O Patán 89
A Pataqueira 89
A de Paxareira 90
A Pedra da Chepa 90
A Pedra Rubia 90
A Pegade, Os Pastos da Pegade 91
Pelaio, forma nativa, ou Pelaios, forma forasteira hoxe case común . 92
A Peneira 93
Peniche 93
A Peregrina 94
A Pereira 95
O Campo do Pichón 95
O Picotelo 95
O Pino Manso 95
O Pío. A Fonte do Pío. A Mina do Pío 96
A Pirixela 96
As Poldras. A ponte de Balaído. O Vau 97
A Ponte da Señorita. A Ponte da Veiga 97
A Porta da Vila 98
O Poulo. A Pouleira 98
Os Pozos 98
As Presas 98
O Querido 99
Quintela 99
A Rabadeira, O Rabete 99
A Rachada 100
A Rañeira 100
O Camiño da Raposa 101

A Regueira 101
O Resío 101
O Salgueiral do Resío 102
A Revolta 102
Riazó 102
Román 103
Rosende 103
O Campo do Roxo 103
A Salgueira 104
San Gregorio. A Volta de San Gregorio 104
San Roque 104
A Seara 104
A Serra 105
O camiño de Severiana 105
A de Silva 105
Soutelán 106
A Tafona 106
A Tellada. A Telleira. Os Fornos da Tella 106
O Titre 107
As Torres ou O Campo da Torre 107
O Toxal 108
As Travesas 108
O Turreiro 108
Valverde 109
A Vedora 109
Vesadaseca 110
O Vimbieiro 110
A Viña Vella 111
A Xabreira 111
A Xaula 111
O Xuncal 111

4. FONTES DOCUMENTAIS 112

5. APÉNDICE FOTOGRÁFICO 113

A maior parte da poboación coñece de Coia só un pequeno número de topónimos que na maior parte dos casos se reducen a *Balaídos*, *As Travesas*, o parque da *Bouza* e o *río Lagares*.

Pero Coia, que foi rural ata onte, conta cun elevado número de microtopónimos que aínda hoxe están vivos na boca dos últimos nativos da vella Coia rural.

Nos *Campos de Balaído* construíuse un estadio con denominación pluralizada; na *Dona* fíxose o Alcampo; no *Campo do Galo*, os xulgados; en *Lavadouro*, a praza da Miñoca; na *Barxa de Abuíde*, a praza da Industria; nas *Fraguas*, o Centro Comercial Camelias...

Neste libro quedan detallados todos os microtopónimos de Coia que chegaron vivos aos nosos días.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

Servizo de Publicacións
Universida de Vigo

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Vigo